



SESION ORDINARIA DE 28 DE XULLO DE 2020

(Acta número 08)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón
D^a. M^a. del Pilar García Porto
D. Pablo Rivera Capón
D^a. Mayra García Bermúdez
D. Roberto Fernández Rico
D. Xosé M^a. Arias Fernández
D. José Luis Raposo Magdalena
D^a. Mónica Freire Rancaño
D. Efrén Castro Caloto
D. Javier Jorge Castiñeira
D. Agustín Baamonde Díaz
D. José Antonio García López
D. Roberto García Pernas
D^a. Dolores Castro Ochoa
D. Pablo Taboada Camoira
D. José Jesús Novo Martínez
D^a. María Loureiro García
D. Oscar Poy Franco
D. José Pardo Lombao
D. Francisco Javier Balado Teijeiro
D. José Ángel Santos Sánchez
D. Jesús Manuel Núñez Díaz
D^a. Ana M^a. González Abelleira
D. José Manuel Gómez Puente

Secretaria:

D^a. María Esther Álvarez Martínez

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Pazo da Excma. Deputación Provincial de Lugo, sendo as once horas e cinco minutos do día **vinde e oito de xullo de dous mil vinte**, baixo a Presidencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense os señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto.

Actúa de Secretaria a titular da Corporación D^a. María Esther Álvarez Martínez, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Aberta a sesión, adoptáronse en relación cos asuntos incluídos na Orde do Día, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA TRINTA DE XUÑO DE DOUS MIL VINTE.

O Sr. Presidente pregunta aos Sres. Deputados se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día trinta de xuño de dous mil vinte, e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

PARTE RESOLUTIVA

COMISIÓN DE ASUNTOS DO PLENO

2.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2020.

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Vista a proposta da Presidencia, que textualmente di o seguinte:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaría Xeral, relativo ao Plan Provincial único de cooperación cos concellos 2020, que dispón o seguinte:

“PRIMEIRO.- O Pleno da Corporación, en sesión extraordinaria celebrada o 02 de abril de 2020, acordou prestar aprobación ás bases do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020.

SEGUNDO.- No BOP nº 77, de data 03 de abril de 2020, publicáronse as ditas bases do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019, nas que se establecía un prazo de presentación de solicitudes de un (1) mes a partires do día seguinte á publicación destas no BOP. Non obstante, a teor do establecido na disposición adicional terceira do RD 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da crise sanitaria provocada polo COVID-19, os prazos estiveron en suspenso, levantándose dita suspensión o 01-06-2020, a partir da cal empezou a contar o prazo establecido nas bases de un mes, finalizando o prazo de presentación das solicitudes por parte dos concellos o 01/07/2020.



TERCEIRO.- Todos os concellos presentaron as súas propostas en prazo, requiríndolles aclaracións ou documentación de engádegas a aqueles que ou non estaba completa ou se necesitaba de algunha aclaración ou ben corrección de erro. Trámites que se desenvolveron ponderando especialmente os principios marcados polo artigo 3 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, nas relacións entre as administracións públicas, así como os deberes de colaboración do artigo 141 LRXSP.

CUARTO.- Pola Unidade de Obras e Plans –Servizo de Contratación e Fomento-, con responsabilidade na elaboración do plan, unha vez recibidas as solicitudes dos Concellos, pasouse ao estudo e análise destas, para a súa comprobación, dando traslado das solicitudes e demais documentación aos distintos servizos ou áreas encargadas da xestión segundo o programa de que se trate, a fin de que emitan informe relativo ao cumprimento do estipulado nas bases.

- Programa de axuda no fogar e COVID-19: área de benestar*
- Programa de Fomento do Emprego e reto demográfico: área de emprego*
- Programa de actividades culturais: área de cultura*
- Programa de actividades deportivas: área de deportes*
- Programa de administración electrónica e protección de datos: Servizo de novas tecnoloxías*
- Programa de actuacións/eventos turísticos: área de turismo*
- Programas de Protección civil e de Feiras, mercados e análogos Servizo de Contratación e Fomento: Unidade de Fomento.*

QUINTO.- Pola Unidade de Obras e Plans –Servizo de Contratación e Fomento-, con responsabilidade na elaboración do plan, comprobouse o cumprimento da determinación especificada na base 5, relativa a que a suma dos importes destinados aos programas B4 (actividades culturais); B5 (actividades deportivas); B6 (actuacións/eventos turísticos); B7 (feiras, mercados ou análogos) e B8 (administración electrónica e protección de datos) non superan o 30% da contía atribuída a cada Concello nesta anualidade do Plan único, tal como establecen as bases.

SEXTO.- En data 14 de xullo de 2020 emítese informe pola área de Benestar Social, en relación cos programas de axuda no fogar SAF incluído no plan único 2020, no que analiza as solicitudes dos Concellos e o cumprimento do establecido nas bases, incorporado ao expediente, e no que entre outros manifesta “(...) Os concellos da provincia de Lugo de menos de 20.000 habitantes, segundo a solicitude presentada ao abeiro do Plan Único Provincial de Cooperación cos Concellos 2020, destinan ao financiamento do servizo de axuda no fogar 2020, como mínimo, unha contía igual ao importe da achega finalmente efectuada pola Deputación provincial na anualidade 2016, con cargo ao texto consolidado do convenio de colaboración tipo entre a Deputación Provincial de Lugo e os concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia de Lugo, para o financiamento do servizo de axuda no fogar para persoas que non teñen recoñecida a situación de dependencia no marco da lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, ou de tela non as asista o dereito de acceso efectivo á axuda no fogar, segundo o establecido na lei 39/2006, para o ano 2016, asinado polas partes, concellos e Deputación, o 23 de setembro de 2016, agás que na anualidade de 2017 ou 2018 este financiamento fose inferior, sendo esta cantidade a da referencia para establecer o mínimo a destinar á anualidade 2020...”

Na mesma data emítese tamén informe pola área de Benestar Social, en relación cos programas de emerxencia sanitaria coronavirus (COVID-19), incluído no plan único 2020, no que analiza as solicitudes dos Concellos e o cumprimento do establecido nas bases, incorporado ao expediente, e no que entre outros manifesta “... Os Concellos declaran adicar a gastos correntes ao abeiro do Programa gastos correntes derivados da situación de alarma e emerxencia sanitaria por mor do coronavirus (Covid-19), Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, e posteriores modificacións (...) todos os concellos relacionados cumprirían en relación ao Programa gastos correntes derivados da situación de alarma e emerxencia sanitaria por mor do coronavirus (Covid-19), Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, e posteriores modificacións (B.10), do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020, o establecido no mesmo, en relación ao financiamento inicialmente previsto”.

SÉTIMO.- En data 15 de xullo de 2020, emítese informe da área de promoción económica e social, incorporado ao expediente, en relación cos programas de Fomento do emprego e reto demográfico, do plan único 2020, no que analiza as solicitudes dos Concellos e o cumprimento do establecido nas bases, e no que entre outros manifesta, “(...)De todo o anterior, cos datos obrantes



na entidade e a xuízo da que informa tódolos concellos compren cas obrigas requiridas no momento da solicitude no referido o B3 Programa de fomento do emprego 2020. Sen prexuízo do posterior cumprimento das demais obrigas contidas no apartado 8ª do referido Plan.”

No que refire ao programa de reto demográfico, ningún concello solicitou axuda a través deste programa.

OITAVO.- En data 15 de xullo de 2020, emétese informe do servizo de contratación e fomento, en relación coas actividades incorporadas ao abeiro do programa feiras, mercados e outros e do programa de protección civil, do plan único 2020, no que analizan as solicitudes dos Concellos e o cumprimento do establecido nas bases, incorporado ao expediente, e no que entre outros manifesta, “(...) Visto o antedito, cos datos obrantes neste Servizo de Contratación e Fomento, e a xuízo do informante, tódolos Concellos cumpren co establecido nas bases do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020, no relativo á solicitude de achegas para o programa de celebración de Feiras, Mercados e outros e para o programa de protección civil”.

NOVENO.- En data 16 de xullo de 2020, emétese informe do Servizo de Turismo, inserido no expediente, en relación as actividades do programa de actuacións/eventos turísticos, do Plan único, no que entre outros constan as actuacións/eventos ou actividades que os concellos solicitaron, así como o importe total do seu financiamento e as cantidades que se destinan aos mesmos, tanto da achega da Deputación Provincial a través do Plan único 2020, como a contía das aportacións que voluntariamente achegan os Concellos ou a través doutras fontes de financiamento, e no que entre outros particulares manifesta “...As actividades para as que se solicita achega provincial cumpren co establecido nas Bases reguladoras do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos de 2020, e en concreto coa BASE 3ª.B.6 – Celebración de actuacións/eventos turísticos, e a BASE 14ª.B.2 – Documentación específica, resto de programas.

DÉCIMO.- En data 16 de xullo de 2020, emétese informe do Servizo de cultura, incorporado ao expediente, en relación coas actividades do programa actividades culturais, do Plan único, no que entre outros extremos constan as actividades que os concellos solicitaron, así como o importe total do seu financiamento e as cantidades que se aplican desde a Deputación Provincial a través do Plan único 2020, así como os importes das aportacións que voluntariamente aportan os Concellos ou a través doutras fontes de financiamento, e no que entre outros consta

“...As actividades para as que se solicita achega provincial cumpren co establecido nas Bases reguladoras do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos de 2020, e en concreto coa BASE 3ª.B.4 – Programas de actividades culturais, e a BASE 14ª.B.2 – Documentación específica, resto de programas”.

DÉCIMO PRIMEIRO.- En data 16 de xullo de 2020, emítese informe do servizo de deportes, en relación coas actividades incluídas ao abeiro do programa de actividades deportivas, do Plan único 2020, no que polo que aquí interesa, reflíctese “(...)Que cómpre indicar que este servizo ha de tomar como referencia para a realización deste informe, o de-talle de accións e gastos previstos nas solicitudes presentada polas citadas administracións locais, e que en calquera caso, -e independentemente da nomenclatura de accións reflectida-, segundo as Bases do Plan Único, infórmanse aquelas actuacións de gastos corrente de actividades deportivas previstos por cada concello e non excluídos expresamente polas Bases do Plan Único 2020. 4) Á vista da referida documentación e en todo caso, -tendo en conta as circunstancias indicadas nos puntos anteriores relativas as accións e gastos formulados polos distintos concellos, - e de acordo co reflectido na base 5ª que indica que en ningún caso poderán financiarse con cargo ao Plan Provincial Único de Cooperación cos concellos 2020, gastos correntes para finalidades distintas das previstas nas súas Bases re-guladoras-, considérase que as solicitudes dos concellos relacionados no presente informe cumprirían cos requisitos relativos a actividades deportivas estipulados no Plan Provincial Único, correspondentes ao de-senvolvemento dun programa de actividades deportivas. 5) Ha de terse en conta en todo caso, que se toman como base as declaracións, memoria e accións, conti-dos e nomenclatura formuladas polas entidades locais e referidas á actividades deportivas e gasto co-rrente, sen menoscabo de que as circunstancias, contidos, accións ou gastos que no seu caso se puiden realizar ao abeiro do plan e se formulen na conta xustificativa poidan dar lugar, de proceder, á trami-tación do correspondente procedemento de perda do dereito e/ou reintegro, previsto na base 5.

DÉCIMO SEGUNDO.- En data 15 de xullo de 2020, emítese informe do Servizo de Comunicación e TICs, verbo do programa de Administración electrónica e protección de datos, incluído no Plan único 2020, no que se sinala “(...) Revisadas as solicitudes presentadas polos 17 concellos anteriormente relacionados, cabe informar que se desprende das mesmas que ditos concellos, cumpren todos eles cos requisitos establecidos na base 9ª. “Programa de



Administración electrónica e protección de datos”, e na base 9ª.3. “Custos obxecto de financiación”, do citado Plan, isto é, que tales concellos solicitan a financiación do mantemento dos sistemas e aplicativos informáticos implantados ao abeiro dos convenios asinados coa Deputación no ano 2016 e que conforman os sistemas e servizos de administración electrónica e/ou a adecuación dos concellos ao novo Regulamento Xeral de Protección de Datos. Todo isto, sen prexuízo de que a documentación final xustificativa que presente cada concello, cumpra co disposto na base 18ª. “Xustificación da achega provincial”, e acredite que efectivamente se realizaron as actuacións para as que se solicita financiación no Anexo II á solicitude, en base ao cal se emite este informe.”

DÉCIMO TERCEIRO.- En canto ao programa de investimentos, encargouse a Unidade de Obras e Plans da súa comprobación e xestión. Comprobouse que todos os Concellos destinaron a investimentos como mínimo o 50% do total asignado neste Plan único, agás aqueles concellos que lles foi necesario facer fronte a gastos correntes derivados da situación de alarma e emerxencia sanitaria por mor do coronavirus (COVID-19). De igual xeito comprobouse que, como mínimo o 60% do importe obrigatorio para investimentos, ou o 60% do destinado, se este fora inferior por ter destinado parte da achega ao programa de emerxencia sanitaria por mor do coronavirus, se destina arranxo, reparación e mellora de vías públicas municipais, de acordo co establecido nas bases.

Ademais, todos os concellos destinaron, dos seus recursos, o importe determinado como contía mínima consonte co establecido nas bases, que se correspondía coa mesma aportación que fixeron ao POS na anualidade 2016.

Igualmente constátase que o Concello de Lugo destina o total da achega a investimentos como así o establece a disposición adicional primeira das bases deste plan único 2020.

DÉCIMO CUARTO.- Pola Unidade de Obras e Plans do Servicio de Contratación e Fomento, á vista das propostas recibidas dos Concellos e dos informes das áreas xestoras dos distintos programas do Plan único, procedeuse á elaboración de dito plan único resultante estruturado segundo os distintos obxectos e programas solicitados, tal como se establece nas bases, do cal se anexa copia, ao igual que da memoria do sinalado Plan Único 2020.

DÉCIMO QUINTO.- No presente informe indícanse que se cumpre os mínimos esixidos en canto a investimentos e SAF, así como o estipulado como teito de gasto para os programas b4 (actividades culturais); B5 (actividades deportivas); B6 (actuacións/eventos turísticos); B7 (feiras, mercados ou análogos) e B8 (administración electrónica e protección de datos), que non superan o 30% da contía atribuída a cada Concello nesta anualidade do Plan único, tal como establecían as súas bases.

Doutra banda, na tramitación do plan deuse participación aos concellos, consonte ao previsto no artigo 32.1 do Real Decreto Legislativo 781/1986 do 18 de abril, polo que se aproba o TRLRL.

Co Plan Único 2020, materializase un instrumento preponderante de cooperación cos municipios, de acordo co previsto no artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril (LBRL).

DECIMO SEXTO.- En base ao disposto na Disposición adicional terceira das bases deste plan, “a deputación queda facultada pola adhesión dos concellos ao Plan único, para comprobar de oficio que cada concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias co Estado coa Comunidade Autónoma, coa Seguridade Social e coa propia Deputación provincial”. Esta entidade, dende o Servizo de Cooperación cos Concellos e Recadación procedeu a comprobar se os concellos estan ao corrente nas súas obrigas, non figurando con débedas co Estado, coa Comunidade autónoma, coa Seguridade Social e coa propia Deputación Provincial.

Visto o antedito, cos datos e informes obrantes neste Servizo de Contratación e Fomento, e a xuízo do informante, cumprense os requisitos establecidos nas bases do Plan único de cooperación cos concellos 2020, polo que se informa favorablemente:

1.- A aprobación do Plan único de Cooperación cos concellos 2020, de acordo cos informes das distintas áreas xestoras e a memoria da Presidencia, do que resultan os seguintes importes globais por programas.



Programa	Achega Deputación (A)	Achega Concellos ou outras fontes de financiamento (B)	TOTAL
1.- Investimentos	13.770.912,15€	1.515.079,34€	15.285.991,49 €
2.- Axuda no fogar –SAF	2.057.726,70€	949.389,18€	3.007.115,88 €
3.- Fomento do Emprego	3.539.790,31€	60.491,19€	3.600.281,50€
4.- Actividades Culturais	262.324,70€	16.405,32€	278.730,02 €
5.- Actividades deportivas	127.831,60€	20.226,97€	148.058,57 €
6.- Actuacións/Eventos turísticos	134.768,04€	32.712,32€	167.480,36 €
7.- Feiras, mercados e outros	72.600,00€	39.341,91€	111.941,91 €
8.- Administración electrónica e protección de datos	133.957,93€	6.779,70€	140.737,63 €
9.- Protección civil	16.000,00€	0,00€	16.000,00 €
10.- Emerxencia sanitaria coronavirus (COVID-19)	1.183.988,77€	85.571,75€	1.269.560,52 €
11.- Reto demográfico	0,00€	0,00€	0,00 €
TOTAIS	21.299.900,20 €	2.725.997,68 €	24.025.897,88 €
TOTAL PLAN ÚNICO 2020 (A+B)	24.025.897,88 €		

2.- Someter o plan único a información pública, por espazo de 10 días hábiles, contados a partir do seguinte á publicación no BOP de anuncio ao efecto; se durante o prazo concedido non se presentase contra dito Plan único reclamación algunha, enténdese aprobado definitivamente.

3.- Determinar que cando as achegas dos Concellos sexan voluntarias, inda que deban estar xustificadas no momento de presentar a conta xustificativa da actividade, non se esixa acreditar o seu aboamento, senón soamente acreditar os pagamentos polo importe da achega da Deputación.

4.- Determinar que este Plan único quede condicionado á entrada en vigor da modificación orzamentaria no presuposto de 2020, vía transferencia de créditos, necesaria para facer fronte aos investimentos e actividades, que se tramite.

5.- Comunicar aos concellos a aprobación do Plan, debendo respectar as bases e esta aprobación en canto á súa execución e xustificación.

E canto procede informar, se prexuízo e con sometemento a calquera outro mellor criterio fundado en dereito”.

Tendo en conta así mesmo o informe complementario da Sección De Promoción Económica e Emprego, de data 20/07/2020, incorporado ao expediente, en relación co programa de Fomento do emprego, no que entre outros, sinala “...*Ante diversas peticións por parte dos concellos de alixeirar a obriga de comunicar as bases de convocatoria 10 días antes do inicio do procedemento de selección e en aras a boa execución do mesmo, debido as circunstancias excepcionais que se están a vivir provocadas polo COVID 19, dende a Sección de Promoción Económica e Emprego valorouse tal circunstancia, poñendo de manifesto que o fin do Programa de Fomento do Emprego non se ve alterado, non provoca prexuízos a terceiros e garante un maior aproveitamento do período máximo subvencionable destinado a contratación. Por todo o anterior e propón modificar o contido do apartado 7.2:*

7.2.- Prazos de execución

“O concello ten a obriga de entregar á Deputación de Lugo, 10 días antes do inicio do procedemento de selección, unha copia das bases e da convocatoria do proceso unha vez aprobadas polo órgano competente, para dar publicidade na páxina web institucional aos efectos de informar de forma previa a cidadanía dos postos ofertados, tipoloxía elixida para o procedemento de selección así como calquera outra documentación relacionada co mesmo.

O prazo para iniciar a contratación será dende a entrada en vigor do Plan Único ata o prazo fixado para rematar a execución.

O prazo de execución remata o 30 de setembro de 2021.”

Polo seguinte :

7.2.- Prazos de execución

O concello ten a obriga de entregar á Deputación de Lugo, unha copia das bases e da convocatoria do proceso unha vez aprobadas polo órgano competente, para dar publicidade na páxina web institucional aos efectos de informar a cidadanía dos postos ofertados, tipoloxía elixida para o procedemento de selección así como calquera outra documentación relacionada co mesmo.

O prazo para iniciar a contratación será dende a entrada en vigor do Plan Único ata o prazo fixado para rematar a execución.

O prazo de execución remata o 30 de setembro de 2021”.



Visto o anterior, por esta Presidencia proponse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobar o Plan único de Cooperación cos concellos 2020, de acordo cos informes das distintas áreas xestoras e a memoria da Presidencia, adxunto como anexo I, do que resultan os seguintes importes globais por programas.

Programa	Achega Deputación (A)	Achega Concellos ou outras fontes de financiamento (B)	TOTAL
1.- Investimentos	13.770.912,15€	1.515.079,34€	15.285.991,49 €
2.- Axuda no fogar –SAF	2.057.726,70€	949.389,18€	3.007.115,88 €
3.- Fomento do Emprego	3.539.790,31€	60.491,19€	3.600.281,50€
4.- Actividades Culturais	262.324,70€	16.405,32€	278.730,02 €
5.- Actividades deportivas	127.831,60€	20.226,97€	148.058,57 €
6.- Actuacións/Eventos turísticos	134.768,04€	32.712,32€	167.480,36 €
7.- Feiras, mercados e outros	72.600,00€	39.341,91€	111.941,91 €
8.- Administración electrónica e protección de datos	133.957,93€	6.779,70€	140.737,63 €
9.- Protección civil	16.000,00€	0,00€	16.000,00 €
10.- Emerxencia sanitaria coronavirus (COVID-19)	1.183.988,77€	85.571,75€	1.269.560,52 €
11.- Reto demográfico	0,00€	0,00€	0,00 €
TOTAIS	21.299.900,20 €	2.725.997,68 €	24.025.897,88 €
TOTAL PLAN ÚNICO 2020 (A+B)	24.025.897,88 €		

2º.- Someter o plan único a información pública, por espazo de 10 días hábiles, contados a partir do seguinte á publicación no BOP de anuncio ao efecto; se durante o prazo concedido non se presentase contra dito Plan único reclamación algunha, entendese aprobado definitivamente.

3º.- Determinar que cando as achegas dos Concellos sexan voluntarias, inda que deban estar xustificadas no momento de presentar a conta xustificativa da actividade, non se esixa acreditar o seu aboamento, senón soamente acreditar os pagamentos polo importe da achega da Deputación.

4º.- Determinar que este Plan único quede condicionado á entrada en vigor da modificación orzamentaria no presuposto de 2020, vía transferencia créditos, necesaria para facer fronte aos investimentos e actividades, que se tramite.

5º.- Modificar o contido do apartado 7.2 das bases do plan único, quedando do seguinte xeito, “ *O concello ten a obriga de entregar á Deputación de Lugo, unha copia das bases e da convocatoria do proceso unha vez aprobadas polo órgano competente, para dar publicidade na páxina web institucional aos efectos de informar a cidadanía dos postos ofertados, tipoloxía elixida para o procedemento de selección así como calquera outra documentación relacionada co mesmo.*

O prazo para iniciar a contratación será dende a entrada en vigor do Plan Único ata o prazo fixado para rematar a execución.

O prazo de execución remata o 30 de setembro de 2021”.

6º.- Comunicar aos concellos a aprobación do Plan, debendo respectar as bases e esta aprobación en canto á súa execución e xustificación”.

A Comisión de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores Deputados D. Francisco Javier Balado Teijeiro, D. José Pardo Lombao e D. Oscar Poy Franco, membros do Grupo Provincial do Partido Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

Intervén a Sra. Deputada dona M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Como vostedes saben, e ademáis puideron comprobar na documentación que se achega para este punto da Orde do Día do Pleno, en sesión extraordinaria do día 2 de abril de 2020 prestábase aprobación ás bases do Plan Único de Cooperación cos Concellos para o 2020; posteriormente, o tres de abril deste ano se publicaban as bases, e así se continuou con toda a tramitación administrativa, despois de que tódolos concellos presentaran as propostas e requiríndolles as aclaracións ou documentación de engádegas que fose necesaria e que non estaba completa nese momento, e tamén algunha aclaración ou corrección de erro.



Posteriormente, pola Unidade de Obras e Plans do Servizo de Contratación e Fomento, que é quen ten a responsabilidade na elaboración deste Plan, e unha vez recibidas esas solicitudes por parte dos concellos, se tramitou axeitadamente pasándolle as propostas ás Áreas encargadas da xestión segundo o programa do que se trataba, continuouse por tanto coa tramitación ata chegar á proposta que se levou á pasada Comisión e hoxe se trae a este Pleno.

Saben vostedes que todo isto é un trámite administrativo complexo pola gran cantidade de documentación que implica e que achega cada concello, e que este ano ademáis se vai aprobar condicionado a aqueles requirimentos que os concellos teñan que atender a posteriori deste Pleno.

Os concellos priorizaron os investimentos tendo en conta a situación que estamos e, entre outras cuestións, empezaron por priorizar as necesidades para as inversións, de tal xeito que dentro das inversións que se fan a través deste Plan Único, que este ano para os 67 municipios da provincia chega a máis de 24 millóns de euros, preto do 64% deses fondos se destinan a 329 obras e subministros que teñen como finalidade mellorar e acondicionar estradas, accesos a núcleos de poboación, e pavimentación de vías públicas.

Os concellos tamén priorizaron o emprego, e por iso se crean preto de 300 postos de traballo nun total de 59 concellos da provincia a través desa liña, que é unha das principais e máis importantes do Plan, que axuda a que se asente poboación no rural e que a veciñanza poida permanecer nos seus municipios porque vai acadar un emprego. E tamén priorizaron, como non podía ser doutro xeito, porque é obrigatorio ese apartado, o SAF, Servizo de Atención no Fogar. Ademáis, e algo que non é menor, priorizaron as inversións para combater os efectos da crise derivada do coronavirus; os concellos acolléronse a esta nova liña do Plan Único que decidiu abrir o goberno da Deputación destinando á loita contra esta crise un coma dous millóns de euros do total do Plan.

Polo tanto as prioridades dos concellos quedaron marcadas claramente neste Plan Único do ano 2020, atendidas tamén porque o reparto económico que se fai destes fondos ten criterios obxectivos, é dicir que se reparte cos mesmos criterios para tódolos concellos da provincia de Lugo. Cremos que esa medida que se tomou xusto no momento oportuno de modificar as bases

para que puideran destinar á loita contra a crise derivada do Covid parte dos fondos de que dispoñían para obras foi atinada, e froito delo é ese 1,2 millóns de euros que agora nos din os concellos que van necesitar para implementar medidas nos seus concellos.

E en todo caso o que se demostra con este Plan Único é a capacidade de xestión que ten unha Administración como a Deputación de Lugo para poñerse ó servizo dos concellos, para dotar con fondos económicos que teñen unha contía importante tendo en conta que a maior parte dos concellos desta provincia son de menos de 5.000 habitantes, e non dispoñen moitas veces de recursos para poder afrontar os gastos cotiás, para facer pequenas obras e melloras que contribúan a mellorar a calidade de vida dos veciños e veciñas, e que este Plan Único si lles permite facelo. Ademáis cunha cuestión ben clara, e é que as actuacións podían realizarse dende o día 1 de xaneiro, polo tanto todas aquelas actuacións derivadas da xestión ordinaria do concello en canto a obras e melloras para os veciños que queiran incorporar a este Plan pódono facer tamén.

Nese sentido cremos que o Plan Único, ademáis de ser unha medida axustada debería ser exemplo e modelo para outras Administracións que a día de hoxe aínda non contan con Plans deste tipo”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. José Antonio García López, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Dende o Partido Popular o Plan Único foi apoiado dende un primeiro momento, e incluso cremos que tivemos bastante que ver coa creación deste Plan Único na lexislatura pasada.

Nese sentido imos apoiar esta proposta porque é a proposta dos concellos, nós cremos na autonomía local, e nese sentido con respecto ás obras que tódolos concellos da provincia incluíron neste Plan Único nada que dicir. Polo tanto o sentido do voto vai ser favorable, pero si que quixeramos facer unha serie de matizacións.

Cremos que é moi importante dicir que para nós o Plan Único da Deputación 2020 é absolutamente decepcionante, e o foi dende o momento que o goberno, hai máis de catro meses, non aceptou nin quixo incluír o que eran parte das emendas que presentou este Grupo Provincial,



unhas emendas baseadas lóxicamente nunha situación absolutamente excepcional que creo que a ninguén se lle escapa.

Parece mentira que esta Deputación non sexa a proa dunha provincia nunha situación tan complicada como a que estamos atravesando. Eu creo que non hai ningún autónomo, nin ningunha pequena empresa do tecido industrial, turístico, ou comercial desta provincia que vexa que hoxe a Deputación Provincial de Lugo é unha Administración preocupada pola situación na que estamos, e con medidas excepcionais para unha situación excepcional.

Imos aprobar un Plan Único en xullo, falábase antes de que se demostrou a capacidade de xestión, pois non se demostrou ningunha capacidade de xestión, chegamos tarde, estamos en xullo, practicamente dentro de catro días en agosto, nun ano excepcional e dunha urxencia total para as persoas, para as familias e para as pequenas e medianas empresas e autónomos desta provincia.

Polo tanto a Deputación Provincial de Lugo non amosou nada, nin capacidade de xestión nin sensibilidade ante a situación na que estamos. Aqueles 700.000 euros, que cremos que era unha proposta realmente razoable, e nin demagóxica nin nada imposible, que solicitamos incluír a maiores para a situación en que nos atopabamos hai catro meses, non se incluíron.

É certo que despois falouse dunha modificación para axudar a concellos para esta situación, modificación que dende o primeiro momento dixemos que queriamos saber como se ían repartir, e nada sabemos sobre ese aspecto tampouco.

É un Plan cunhas bases tremendamente inseguras, de feito crearon moitos problemas en moitos concellos, porque mentres se alardeaba por parte do goberno de que estas axudas poderían ser trasladadas ós autónomos desta provincia e ás pequenas empresas, moitos dos secretarios municipais desta provincia dixeran claramente ós seus rexedores que isto non era posible.

Polo tanto chegamos tarde, chegamos sen a capacidade de demostrar que estamos ante un ano excepcional, e chegamos sen ningunha medida que realmente chegue ó fondo da crise que temos por diante, en primeiro lugar a sanitaria, e xa apuntando unha crise económica tremenda que está sacudindo de forma clara a toda esta provincia.

Por tanto, e para rematar, cremos que este Plan Único, como dixemos ó comezo, é absolutamente decepcionante, é o primeiro Plan Único do novo goberno desta lexislatura, estamos en xullo e non atalla ningún dos problemas que ten esta provincia neste momento, os concellos non sinten que están respaldados pola Deputación en absolutamente nada que non sexa o que é o fondo deste Plan que xa estaba nos anteriores anos. Parece polo tanto unha falta de capacidade e sensibilidade absoluta, é decepcionante para esta provincia, e por iso, respectando esa autonomía dos concellos e lóxicamente apoiandoa, e nese sentido será o voto, si que nos parece que este goberno e esta Deputación non está á altura do que estiveron outras moitas Deputacións no Estado.

Despois, ou cando queiran, facemos unha análise de moitas propostas que se fixeron por Deputacións en España, moitas delas acabando en apoios directos ó tecido industrial e empresarial da provincia; aquí nada, non hai nada novo, non hai ningunha capacidade de analizar a situación tan extraordinaria na que estamos.

Polo tanto xa lles dixemos que imos apoiar o Plan Único no sentido que é o mesmo destes últimos anos, pero criticar a falta de xestión, criticar a decepción que conleva que non se atalle nesta provincia por parte da Deputación a situación absolutamente excepcional, e que non se tomen medidas como no seu momento se demostrou cando non se quixo incluír gran parte das propostas que facía o Partido Popular desta provincia neste sentido”.

Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Eu non sei como cualificar a intervención do Sr. García máis que de completamente demagóxica, xa comezando por atribuírse o mérito da maternidade do Plan Único; xa o temos falado neste foro e noutros moitos, alí onde o Partido Popular goberna non existen nin plans únicos nin ningún outro modelo de distribución dos fondos con criterios obxectivos; polo tanto esa presunción de que vostedes o fan, fano cando están na oposición, pero se gobernan nin nesas Deputacións que gobernan nin, sobre todo, na Xunta porque, menos criterios obxectivos para distribuír os fondos da Xunta de Galicia, hai de todo.



E despois continúan coa demagogia de sempre de falar de cousas coma se a Deputación tivera a competencia en todo, pero ó mellor ó tecido industrial e de autónomos a Xunta ten que aportar algo e axudalos. Aquí a Deputación dá case tódolos seus fondos ós concellos, unha parte moi importante está ou nos concellos ou nas residencias de maiores que tamén é competencia da Xunta. Polo tanto eu creo que se van seguir gobernando a Xunta de Galicia teñen que ir pensando en facer algo, e non critiquen a aquelas Institucións coma esta, que é marca dende hai anos, o reparto con criterios obxectivos dos seus fondos. Despois os concellos poderán facer o que estimen convinte cos seus fondos, pero esta Deputación reparte ós concellos con criterios obxectivos, que ademáis todos aceptamos por unha gran maioría.

Polo tanto este exercicio de demagogia cando vostedes non fan nada máis alá de publicidade, a Xunta de Galicia o que fixo en publicidade e repartir os seus fondos de xeito obscurantista, entón claro esta crítica se vostedes actuaran doutro xeito poderíamos aceptala.

Repito, é un paso importante, séguese co acordo que tiñamos de lexislatura, que é seguir repartindo con criterios obxectivos os fondos, e polo tanto un avance para esta provincia”.

Seguidamente intervén a Sra. Deputada dona M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Sr. García, de verdade ás veces cústame entender ó Partido Popular nesta Institución, porque eu recordoos a vostedes dicindo que non entendían a urxencia de aprobar o Plan Único, agora din que o Plan Único vén tarde cando non puido vir antes; eu creo que vostedes esquecen eses meses nos que non transcorrían os prazos, e sinceramente creo que sería oportuno que tiveran un pouco máis de coherencia nas propostas e no sentido da súa palabra un pleno detrás doutro.

E mire, nós temén defendemos a autonomía local, dende logo con moitísimos máis avais ca vostedes, non hai máis que comparar a Deputación de Ourense e a de Lugo, non vou poñer máis exemplos, ou a Deputación de Lugo, e os plans da Xunta de Galicia.

Di vostede tamén que presentaron, e foi certo, emendas ó Plan Único e que non foron aceptadas, é verdade, e creo que estivemos bastante atinados porque na proposta que facían

vostedes sobre o programa de reto demográfico nin unha soa solicitude, nin un euro pediron os concellos para a súa nova liña proposta para este programa; pero é que non é que non o pediran os concellos máis esquerdosos, imos dicilo así, pero é que nin os seus concellos pediron un só financiamento para esa liña.

E tamén di vostede, e ademáis énchese a boca cando o di, que esta Institución tiña que ser a proa da provincia, pero é que esta Institución é a proa da provincia, mire, 24 millóns de euros dos que 21,3 os pon esta Institución provincial, pero é que foron setenta millóns de euros os activos que puxo esta Institución en movemento na provincia de Lugo, vostede coñece algunha outra Institución que fixera este despregue nos últimos meses?, eu non, e vostede tampouco señor García.

Polo tanto non veña dicir que os empresarios non saben ou que os concellos non saben, porque queixas dos concellos non hai; e estes setenta millóns de euros revirten na economía da provincia de Lugo porque non se escapan desta provincia, revirten en actuacións en economía na provincia de Lugo.

E falou vostede de bases inseguras deste Plan Único, cando son unhas bases absolutamente garantistas para os concellos pero tamén para a Institución, porque tamén temos aquí responsabilidades, e non podemos permitir que o Plan Único sexa un lastre da economía desta Institución para os próximos anos.

E xa non lle vou falar de competencias, porque vostedes aquí veñen pedir o que non fan noutros lados cando gobernan”.

Intervén o Sr. Deputado D. José Antonio García López, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“Lamentamos moito que sigan tirando dos seus eslóganese de sempre, mirando nos demais o que non son capaces de facer.



Volven falar de demagogia, que é do que sempre acusan ó Partido Popular, mágoa que noutras Deputacións o que aquí lle chaman demagogia si sexan medidas reais que chegan ós veciños, na provincia de Lugo non.

Seguen a falar de a quen pertence a autoría do Plan Único, eu recórdolles quen leva gobernando esta Deputación dende hai máis de doce anos, o Partido Socialista e o BNG, e sempre en contra do Plan Unico, entón creouse porque un Deputado na anterior lexislatura rompeu a disciplina do Partido Socialista e conseguiu, co apoio do Partido Popular, que se acadaran moitos acordos que cando vostedes tiñan a maioría bloqueaban sistematicamente durante doce anos. Polo tanto tontos os xustos coas súas explicacións.

E por outra banda, tampouco é o día máis adecuado para falar en contra da Xunta de Galicia, que sempre é o que fan, atacar á Xunta de Galicia e ó Sr. Feijóo, atacar á Deputación Provincial de Ourense, todo iso é nefasto, e hoxe é o día para analizar o nefasto que é, xa ven que tontos son os galegos coas súas historias.

Polo tanto un pouco máis de humildade, deixen xa a Deputación de Ourense, deixen xa a Xunta de Galicia, porque xa se manifestaron hai catro días os ourensáns e os galegos, e imos centrarnos no que facemos aquí; miren o que fai a Deputación de Cáceres: “queremos que tódalas empresas e autónomos desta provincia teñan instrumentos e axudas directas para a situación tan grave na que estamos”; ou o que fai a Deputación de Sevilla: “Imos presentar subvencións a empresas e autónomos en tódolos concellos de menos de 20.000 habitantes”; e Lugo?, saian á rúa e falen cos autónomos, falen coas empresas, ou falen coas familias, e a ver se hai unha soa que sexa capaz de dicir que a Deputación de Lugo é a proa desta provincia como a señora voceira do Grupo Socialista inmodestamente acaba de aclarar.

Polo tanto imos á realidade, estamos no Plan Único que houbo nos últimos anos, esta Deputación non foi capaz de adaptarse á situación na que estamos, de tomar medidas adicionais; e xa o analizamos nas emendas, efectivamente aínda presumen de que as desestimaron, e agora di vostede que os concellos non recoñecen un problema demográfico e social nesta provincia?, iso é o que quere dicir?, pois equivócase porque si que o ten; se non son capaces nin de analizar iso pouco

se pode esperar xa de vostedes, porque ese é o gran problema que ten esta provincia, e analízalo xa debería ser a lección unha bastante superada.

Por tanto, e xa para rematar, dicir que o Plan Único 2020 para nós é decepcionante, non deixa de ser un curta e pega dos outros anos, e dende logo non ten en conta a situación autenticamente trágica na que está esta provincia, como tódalas demais provincias desgrazadamente, neste ano a raíz da situación sanitaria e da económica que se aveciña”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Sr. García, se falamos de como se deben repartir os fondos, ó mellor algún dos peores exemplos na historia desta Institución, ou habería que retomarse a outros máis pretéritos que eran exemplo por todo o malo, foi o reparto que fixo mentres vostede era vicepresidente, repartíronse única e exclusivamente ós concellos da cor política do Partido Popular un montón de millóns nuns meses; iso foi o que lles deu tempo a facer; e vostedes son os que nos din a nós que son os adalides do reparto de fondos con criterios obxectivos, pois eu creo que incluso vostede, que era vicepresidente nese curto goberno, non nos faga comulgar con rodas de muíño porque creo que a xente é máis lista ca iso.

Despois se quere saber quen cre que somos a proa da provincia de Lugo, fale coas asociacións deportivas, coas asociacións culturais, con aqueles anciáns ou familias de anciáns que teñen familiares nos centros de maiores da Deputación, porque toda esa xente está abandonada pola Xunta de Galicia, nós estamos cubrindo as eivas das competencias da Xunta de Galicia.

Por tanto, veñen aquí cunha serie de leccións, e aquí chegamos ata onde chegamos, pero non imos facer todo o que deixa de facer a Xunta de Galicia. E non veñan cos resultados electorais, porque son moi dignos, pero se lle compro ese argumento de que non podemos criticar á Xunta de Galicia porque gañaron as eleccións, vostedes non poden criticar a este goberno porque os lucenses e as lucenses non lles dan o control desta Deputación; entón ese argumento se lle vale para a Xunta de Galicia tamén vale para que non nos digan nada aquí. Por tanto vaíamos con argumentos

máis serios; porque gañen ou non as eleccións, cada cousa que deixen de facer, e que prexudique ós lucenses, nós ímolo poñer aquí sobre a mesa, gústelles ou non lles guste.

E volvo dicirlles que lles molesta que as Deputacións onde goberna o BNG e o Partido Socialista sexan un exemplo de reparto con criterios obxectivos, e alí onde non están vostedes non o fan; entón non están lexitimados para dar leccións”.

Intervén a Sra. Deputada dona M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, quen manifesta o seguinte:

“Sr. García, eu entendo que vostede queira xustificar o voto a favor deste Plan Único con este argumentario que nos trae ó Pleno, e dí que nós acudimos ós eslóganese, e eu dígolle que aquí houbo unha plena resposta durante a crise que xerou o Covid, atendendo á organización do traballo desta Casa en primeiro lugar, implantando as medidas de seguridade que foron exemplo para outras Administracións, que aínda a día de hoxe as teñen deficientes; adaptouse o Plan Único para atender ás necesidades dos concellos.

Todo ese material que se distribuiu entre os concellos chegou dende a Deputación de Lugo en tempo e en moita máis cantidade do que achegaron outras administracións. En moitas Administracións non cumpriron co papel que tiñan de distribuir o material que lles mandaban dende o Goberno Central, e fixérono con chanchullos cara ós concellos, incluso entregando material caducado. A asistencia técnica ós concellos estivo presente, igual que o fixo a FEGAMP dende o primeiro momento, non poden dicir o mesmo outras Administracións. Puxemos a disposición da Xunta de Galicia as residencias, en marcha unha campaña de promoción da provincia de Lugo.

Pero voulle dicir unha cousa señor García, vostedes non son os artífices do Plan Único, vostedes son os artífices de condicionar o Plan Único nun mandato que xa rematou”.

Rematado o debate, efectuada a votación, e verificada a mesma, o Pleno da Corporación por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada.

3.- CONSULTA PÚBLICA PREVIA SOBRE A APROBACIÓN DA ORDENANZA XERAL DE SUBVENCÍONS DA DEPUTACION PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Vista a proposta da Presidencia, que textualmente di o seguinte:

“Visto informe da Secretaría Xeral Adxunta, co conforme da Secretaria Xeral, desta data, do tenor literal seguinte:

PRIMEIRO.- Consecuencia da autonomía local institucionalmente garantida é o recoñecemento en favor dos Entes que integran a Administración local dunha potestade administrativa como é a potestade regulamentaria que se considera pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en diante LRBRL) (art. 4) integrante do conxunto de potestades de que gozarán os Entes locais para que poidan participar por medio de órganos propios no goberno e administración de cantos asuntos lles afecten, exercendo as súas competencias.

SEGUNDO.- A potestade regulamentaria está atribuída aos entes locais na medida en que sexa necesario ditar normas de carácter xeral cunha forza paralela á que teñen os regulamentos autonómicos ou estatais, creando así, un ordenamento xurídico propio, e cuxo exercicio debe ser sempre respectado polo lexislador ordinario. Potestade que, de calquera modo, atópase sempre implícita no propio concepto do termo autonomía, un de cuxos significados é, precisamente, a capacidade de ditar normas.

TERCEIRO.- A LRBRL constitúe o marco legal definidor do dereito constitucional da autonomía local, atribúe aos municipios, provincias e illas, na súa calidade de administracións públicas de carácter territorial e dentro da esfera das súas competencias “as potestades regulamentarias e de autoorganización” no seu artigo 4. l.a).

CUARTO.- A propia LRBRL, de modo xeral, habilita ás corporacións locais a intervir a actividade dos cidadáns por medio de ordenanzas e bandos (art. 84.1 a), o que resulta un



recoñecemento explícito da potestade regulamentaria das Corporacións locais, necesaria para facer efectivo o citado dereito constitucional á autonomía local.

QUINTO.- Pola súa banda, o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril (art. 55) determina que "na esfera da súa competencia, as Entidades locais poderán aprobar Ordenanzas e Regulamentos, e os Alcaldes ditar Bandos. En ningún caso conterán preceptos opostos ás Leis". Como vén de dicir, conforme ao art. 4 da LRBRL, a potestade regulamentaria corresponde aos municipios, provincias e illas na súa calidade de administracións públicas territoriais e, como tales, con dereito a intervir en cantos asuntos afecten directamente ao círculo dos seus intereses, en expresión do art. 2.1 LRBRL.

SEXTO.- Referente aos órganos titulares do exercicio da potestade regulamentaria, temos que dicir que o pleno da entidade é o titular do exercicio da potestade, en calquera caso. En efecto a LRBRL no art. 33.2. b) atribúe ao Pleno a aprobación de regulamentos.

SÉTIMO.- As ordenanzas e regulamentos locais, en canto manifestación da potestade regulamentaria, están suxeitos a uns límites formais e materiais. As normas ditadas polas Entidades locais -froito da súa capacidade de autonormarse- son de rango regulamentario e quedan suxeitas, non só ao principio de competencia territorial, material ou obxectiva e orgánica, e ás normas de procedemento (límites formais), senón, ademais, ao principio de legalidade, xerarquía normativa (suxeición ao establecido na lei), e ao respecto ao principio de reserva de lei (límites materiais).

OITAVO.- Polo que se refire ao procedemento de aprobación é preciso sinalar que a LRBRL unifica o procedemento para a aprobación das manifestacións da potestade regulamentaria das Entidades locais, coas particularidades dos regulamentos orgánicos e das ordenanzas fiscais que establece a Lei reguladora das Facendas Locais.

O Texto Refundido dispón no seu art. 56 que a aprobación das Ordenanzas Locais axustarase ao procedemento establecido no art. 49 da Lei 7/85, do 2 de abril, debendo observarse

para a modificación das ordenanzas e regulamentos os mesmos trámites que para a súa aprobación.

En efecto, a tramitación que establece no seu art. 49 axústase aos seguintes trámites:

a. Consulta pública previa.

De conformidade co artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación cidadá no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración dun proxecto normativo, se sustanciará unha consulta pública (artigo declarado contrario ao orde constitucional de competencias nos termos de fundamento xurídico 7º.b) e c) da Sentencia do Tribunal Constitucional 55/2018, do 24 de maio, se ben tal circunstancia non afecta á necesidade dos órganos de goberno locais de realizar a consulta pública previa á elaboración dun proxecto de regulamento)

b. Informes previos.

O artigo 3.3 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, recolle dentro das atribucións que comprende a función de asesoramento legal preceptivo que en todo caso se emitirá informe previo no suposto de aprobación ou modificación de Regulamentos.

c. Aprobación inicial polo Pleno.

Tras a devandita consulta e informe previo, ao Pleno correspóndelle a aprobación inicial, conforme establece o art. 49 a) LRBRL.

d. Información pública e audiencia dos interesados.



O art. 49 b) LRBRL determina que se ten que abrir, unha vez aprobado inicialmente, un período de información pública e audiencia aos interesados, non inferior a trinta días, para a presentación de reclamacións e suxerencias.

Aínda que a LRBRL non precisa que a apertura do período de información pública deba anunciarse no Boletín Oficial da Provincia ou simplemente é suficiente coa inserción no Taboleiro de Edictos da Corporación entendemos que se estará ao que dispón, para o efecto, o art. 47 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, sobre a necesidade da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOP).

e. Resolución de todas as reclamacións e suxerencias. Aprobación definitiva polo Pleno (art. 49. c).

Finalizado o período de información pública, o Pleno, nun acto unitario, debe resolver as reclamacións e suxerencias e proceder á súa aprobación definitiva.

Pola súa banda o art. 49 LRBRL e establece que “no caso de que non se presente ningunha reclamación ou suxerencia, se entenderá definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional”.

f. Publicación. Neste aspecto, a LRBRL dispón no seu art. 70 que “os acordos que adopten as corporacións locais se publican ou notifican na forma prevista pola Lei. As ordenanzas, incluídos o articulado das normas dos plans urbanísticos, así como os acordos correspondentes a estes, cuxa aprobación definitiva é competencia dos entes locais, publicáranse no Boletín Oficial da Provincia e non entrarán en vigor ata que se publique completamente o seu texto e transcorrese o prazo previsto no art. 65.2”

g. Entrada en vigor.

Por tanto, no referente á entrada en vigor o art. 70.2 da LRBRL establece que as ordenanzas non entran vigor ata que se publique completamente o seu texto e transcorrese o prazo sinalado no art. 65.2. Este prazo é o de 15 días hábiles con que conta a Administración do Estado

e, no seu caso, as Comunidades Autónomas, para formular requerimento de anulación do regulamento, contados a partir do seguinte a aquel en que lle sexa remitida en cumprimento do disposto no art. 56 da LRBRL (seis días para a remisión máis quince días para o requerimento — arts. 196.3 e 215.2 ROF).

NOVENO.- No que se refire á maioría esixida para a súa aprobación o art. 47.2. LRBRL non esixe a maioría absoluta para a aprobación deste regulamento.

Con base en dito informe propoño que polo Pleno da Deputación Provincial de Lugo se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a realización dunha consulta pública sobre a aprobación da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Lugo, mediante a súa publicación na páxina web, por parzo de quince días hábiles, para o cal poñeráse á disposición dos potenciais destinatarios da norma e aqueles que realicen aportacións, os documentos necesarios, que serán claros, concisos e reunirán toda a información precisa para que poidan pronunciarse sobre a materia”.

A Comisión de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstencións dos señores Deputados D. Francisco Javier Balado Teijeiro, D. José Pardo Lombao e D. Oscar Poy Franco, membros do Grupo Provincial do Partido Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. Mayra García Bermúdez, en representación do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“O que se trae para someter a aprobación é un trámite preceptivo establecido pola Lei de Procedemento Administrativo Común, precisamente coa finalidade de mellorar a participación cidadá antes da elaboración de calquera regulamento; e o que se trae para a súa aprobación é a consulta pública previa sobre a aprobación da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo, que se exporá ó público na páxina web da Deputación durante quince días hábiles para que calquera cidadán desta provincia poda manifestarse”.



A continuación intervén o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“Efectivamente se a Ordenanza está desfasada entendemos necesaria a súa modificación, e entendemos tamén que se faga esta consulta previa posto que é necesario ese trámite de participación cidadá. O que si pedimos é que en sucesivos trámites desta Ordenanza se traballe na Xunta de Voceiros porque entendemos que é unha Ordenanza moi importante para a Deputación de Lugo; unha Ordenanza na que entendemos que representamos a moitos entes, tamén a moitas asociacións dos nosos concellos, e evidentemente queremos participar nesa Ordenanza; se lle van permitir participar ós veciños, que é este trámite, evidentemente o Partido Popular quere estar nesa xuntanza.

Polo tanto queremos tamén que neste Pleno se faga ese compromiso de que se vai citar ós Grupos para traballar sobre esa Ordenanza que nos parece moi importante porque se moven moitos recursos desta Deputación, e é fundamental que estea consensuada con tódolos Grupos”.

Seguidamente intervén a Sra. Deputada D^a. Mayra García Bermúdez, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Indicarlles que neste momento vostedes poden tamen manifestarse e facer o seu pronunciamento desta Ordenanza, con independencia de que se vaian reunir en Xunta de Voceiros; do mesmo xeito que unha vez se faga este trámite que, como sabe, é a aprobación inicial, logo pódese emendar e traer para a súa aprobación definitiva, co cal vostedes van ter a oportunidade de facer as achegas que estimen oportunas”.

Rematado o debate, efectuada a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada.

COMISIÓN DE ECONOMÍA, RECADACIÓN, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS

4- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN 2020, VÍA TRANSFERENCIA DE CRÉDITO.

Logo de ver o ditame da Comisión de Economía, Recadación, Facenda, e Especial de Contas, do seguinte teor:

“Vista a proposta da Presidencia, que textualmente di o seguinte:

“Vistas a memoria e proposta de Presidencia para aprobación do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020, (en adiante Plan Único), e informes do expediente así como o informe de Intervención sobre a modificación de crédito e demais documentación, é preciso adecuar os créditos previstos no orzamento aos necesarios para executar o Plan Único mediante transferencia de crédito, polo que se propón ao Pleno desta Deputación a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación do vixente Orzamento, mediante transferencia de crédito polo importe de 11.028.283,05 €, co seguinte detalle:

Aplicacións Orzamentarias		Incremento	Diminución
1320.76201	Seguridade e orde público	12.873,80 €	
1350.46201	Protección Civil	16.000,00 €	
1350.76201	Protección Civil	4.000,00 €	
1361.76201	Outros servizos de extinción de incendios	11.858,29 €	
1510.76201	Urbanismo	35.036,36 €	
1531.76201	Acceso ós núcleos de poboación	2.122.929,51 €	
1532.76201	Pavimentación de vías públicas	2.440.953,38 €	
1600.76201	Rede de sumidoiros	228.872,88 €	
1610.76201	Abastecementos	1.091.053,58 €	
1621.76201	Recollida de lixo	118.629,18 €	
1640.76201	Cemiterios e servizos funerarios	32.130,71 €	
1650.76201	Alumeadado público	252.930,06 €	
1711.76201	Parques e xardíns	142.669,53 €	
2314.46201	Prestación de servizos a persoas dependentes e asistencia social	257.726,70 €	
2315.76201	Centros de atención a maiores	82.311,16 €	
2410.46201	Fomento do Emprego	868.173,16 €	
3110.46201	Protección da saúde pública	1.183.988,77 €	
3110.76201	Protección da saúde pública	52.445,57 €	
3120.76201	Hospitais, servizos asistenciais e centros de saúde	33.800,30 €	
3340.46201	Promoción cultural	262.324,70 €	
3340.76201	Promoción cultural	324.580,60 €	
3410.46201	Promoción e fomento do deporte	127.831,60 €	
3410.76201	Promoción e fomento do deporte	415.856,33 €	
4190.46201	Outras actuacións en agricultura, gandería e pesca	53.600,00 €	



4320.46201	Información e promoción turística	153.768,04 €	
4320.76201	Información e promoción turística	78.347,00 €	
4910.46201	Sociedade da Información	133.957,93 €	
9200.76201	Servizos de carácter xeral	342.486,34 €	
9330.76201	Patrimonio	147.147,57 €	
9420.46201	Transferencias Correntes a Entidades Locais Territoriais, Plan Único		4.982.500,00 €
9420.76201	Transferencias de Capital a Entidades Locais Territoriais, Plan Único		6.045.783,05 €
TOTALAIS		11.028.283,05 €	11.028.283,05 €
TOTAL AREA DE GASTO 1		6.509.937,28 €	
TOTAL AREA DE GASTO 2		1.208.211,02 €	
TOTAL AREA DE GASTO 3		2.393.827,87 €	
TOTAL AREA DE GASTO 4		426.672,97 €	
TOTAL AREA DE GASTO 9		489.633,91 €	11.028.283,05 €

2º.- Dispoñer a tramitación procedente para a efectividade do acordado, conforme ás normas establecidas, quedando a disposición do público na Secretaría Provincial por un prazo de quince días hábiles, computando dito prazo a partir do día seguinte á inserción do anuncio de exposición ao público no BOP, todo isto aos efectos de reclamacións, considerándose definitivamente aprobado si durante o citado período non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas”.

A Comisión de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, por maioría, coa abstencións dos señores Deputados D. Francisco Javier Balado Teijeiro, D. José Pardo Lombao e D. Oscar Poy Franco, membros do Grupo Provincial do Partido Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e eleva ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

Intervén a Sra. Deputada Dª. Mayra García Bermúdez, en representación do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Neste caso o que traemos é unha modificación do Orzamento precisamente para adecuar os créditos para facer posible a execución dos investimentos presentados polos concellos. Para iso é preciso modificar as partidas orzamentarias de aproximadamente once millóns, que é o que se somete precisamente a aprobación, coa finalidade de poder executar o Plan Único”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado do Javier Jorge Castiñeira, voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“Simplemente para xustificar a abstención do Grupo Provincial do Partido Popular.

Efectivamente, como di a deputada, vanse usar once millóns de euros dos remanentes; remanente que tamen vén a este Pleno, e que nos vai permitir modificar esa partida e sumarlle ata 21 millóns de euros ó Plan Único; se non houberse remanente cremos que sería imposible levar un Plan Único viable, e neste caso ese uso do remanente non se lle puxo ningunha pega igual que non se lle puxo ningunha pega ós anteriores catro millóns de euros que se fixeron para diferentes solicitudes realizadas polo goberno.

Pero chama a atención que para os 700.000 euros que propuxo o Partido Popular si que había pegas técnicas neste caso por usar o remanente, posto que iso podería fastidiar a regra de gasto e demais. Ou tamén, no mesmo caso cando solicitamos un plan de reactivación da economía lucense de axudas poscovid para os afectados polos ERTes. Entendemos que hai un agravio; as cousas que propón o Partido Popular se xustifican con que non se pode usar o remanente, e cando veñen do goberno, sexan once millóns de euros coma neste caso, máis catro do anterior suplemento, non hai ningún problema.

Polo tanto esa é a nosa xustificación da abstención, ademáis tódolos suplementos que se fan de partidas están reaxustados polo goberno, a nós non se nos chamou para informarnos desas circunstancias, entendemos neste caso que é unha cuestión do goberno, polo tanto imos absternos, evidentemente chega cos votos do equipo de goberno, e tamén coa abstención do Grupo Provincial do Partido Popular tampouco impide que se leve a cabo ese suplemento de crédito que é necesario, como dicíamos antes, para levar adiante o Plan Único dos vinte millóns de euros que, como dicía o meu compañeiro José Antonio, dista moi pouco do anterior Plan Único, simplemente se modifican algúns prazos e se permiten gastos para o covid, que en definitiva é un 5% deste Plan Único, é 1.200.000 euros os gastos que os concellos fan para material do covid, gastos en xeral sexan do Partido Popular ou sexan de calquera outro Partido.



Con respecto ás axudas, ós técnicos se lle fixeron varias preguntas dende os servizos técnicos dos concellos e non había garantías para poder incluír no Plan Único plans de axuda a empresas; ou sexa, resumindo, os técnicos dos concellos dicían que era inviable dar subvencións con subvencións, e a iso, por moito que se lle pediu non contestaron os servizos técnicos da Deputación e si contestou o Presidente, pero non daba certas garantías.

Por esas circunstancias o Partido Popular vaise abster na modificación de crédito”.

A continuación intervén a Sra. Deputada D^a. Mayra García Bermúdez, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“A verdade é que me chama a atención porque resulta un pouco incoherente votar a favor do Plan Único hai uns minutos, e agora precisamente a esta modificación, que é unha transferencia de crédito para adecuar as partidas para que se poda executar o Plan Único que propoñen tódolos concellos desta provincia, non voten a favor, porque sen este trámite non estaría habilitado o crédito para poder facer eses investimentos.

Non se trata da aplicación de remanentes, porque xa se fixo noutro Pleno mediante o suplemento, agora o único que traemos é a modificación das partidas de crédito para poder executar os investimentos que piden nos diferentes concellos, os once millóns de euros xa estaban incorporados ó Orzamento, non son once millóns a maiores.

En todo caso, respectando esa autonomía local que todos vimos defender aquí, paréceme moi incoherente que diga que se van abster, entendendo isto coma se se tratara dun suplemento novo de crédito, pois non, o crédito xa existe e do único que se trata é de incluílo en cada partida para adecualo ó que pedimos dende cada concello”.

Intervén o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Eu creo que manifestamos as razóns concretas e explicámolas, por tanto de incoherencia absolutamente nada; simplemente lles estamos dicindo que os remanentes cando os pide o Partido

Popular non se poden usar, pero o goberno si que os pode usar, e de feito o que lles estamos a dicir é que a nós non nos chamaron nin unha soa vez para reunirmos en relación co Plan Único.

Evidentemente claro que respectamos a autonomía local e por iso non impedimos que se leve adiante o Plan Único, pero xustificamos en que é unha medida económica na que nós non tivemos absolutamente ningunha participación nin nos explicaron absolutamente nada, polo tanto evidentemente aí vai a nosa abstención; se viñese consensuado como foi outros anos estaría claro; se aceptasen os 700.000 euros que no seu momento propuxemos para suplementar o covid ou outras actuacións como as que nós estamos dicindo, pois claro que votariamos a favor.

Por tanto eu creo que non é unha incoherencia senón que estamos xustificando o voto perfectamente”.

Seguidamente intervén a Sra. Deputada D^a. Mayra García Bermúdez, en representación do Grupo Provincial Socialista, quen manifesta o seguinte:

“En todo caso dicir que se os seus concellos, ós que vostedes aquí representan, van poder executar o Plan Único non vai ser porque conten co seu apoio; dende logo o que non é razoable é que aprobemos o Plan Único por unanimidade, e precisamente un trámite puramente administrativo, porque o que vostede está dicindo agora do remanente xa foi debatido noutro Pleno, e simplemente do que se trata é da modificación das partidas, un trámite puramente técnico, non o aprobemos por unanimidade; pero que teñan seguro os concellos que van poder executalo sen o seu apoio”.

Intervén o Sr. Presidente, no seguinte sentido:

“Sr. Castiñeira, falaba vostede das garantías do Presidente, de que non eran garantías; eu creo que se imos ás hemerotecas, incluso ós rexistros oficiais, en ningún plan único se deron tantas aclaracións de como se podían utilizar os fondos do Plan Único, porque foron reiteradas as cartas que se enviaron ós Alcaldes, por múltiples vías, para que tiveran todo moi claro; eran cartas que ademáis acompañaban informes dos Servizos técnicos.



Polo tanto garantías todas. E dicíase que podían aplicalo, relacionado co Covid, a parte que liberabamos de investimento para todo o que consideraran oportuno, tanto axudas a empresas, como a comercios, a autónomos, a todo, e iso está posto por escrito. Por tanto garantías todas, porque non era de palabra senón que era por escrito.

E nós non facemos o Plan Único, senón que o fan os concellos, aquí o que facemos e recollelo nun libriño, que é este que temos todos, e aproballo; pero quen fan o Plan Único son os concellos, e eu non lle podo dicir a ningún concello o que ten que pedir nin a que quere destinar o seu plan único, polo tanto fano eles.

Así que se queremos que saia adiante o Plan Único sería bo dotalo de fondos, porque se as partidas pertinentes non se dotan de fondos dificilmente se pode executar o Plan Único por parte dos concellos.

Pero vostede ó que se refería era as garantías que lle da o Presidente, e eu dígolle que tódalas garantías porque así se manifestou por escrito”.

Rematado o debate, efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos; 25; votos a favor 13 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada.

—00000—

5.- PROPOSTA DE GOBERNO PARA RECLAMAR A REAPERTURA DOS CENTROS DE SAÚDE PECHADOS.

Logo de ver a proposta de Goberno a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“Exposición de Motivos:

Debido á pandemia da Covid-19, varios centros de saúde e consultorios de Atención Primaria foron pechados, e así continúan a día de hoxe. Coma están a denunciar nestas últimas semanas as veciñas e veciños afectados. Sirvan de exemplo, de entre eles, os centros de saúde dos núcleos de Castro de Rei ou de Parga-Guitiriz.

O estado de alarma finalizou e o consultorio de Parga segue pechado. Interrogada a Xerencia por veciños e veciñas da vila de Parga, esta esgrimiou diversos argumentos, facendo fincapé nos de carácter sanitario, alegando que “Non dispoñen de dous circuitos diferenciados para pacientes Covid-19 ou sospeitosos, e pacientes non sospeitosos de covid-19”

Os responsábeis da Xestión Sanitaria en todo momento aseguraron e seguen asegurando que o peche é temporal, mais sen poñer xamais unha data concreta de reapertura nin concretando cales son requirimentos que se teñen que dar para a súa normal apertura.

Tanto o Concello de Guitiriz como a Asociación de Montes de Parga e a Plataforma #Parganonsedivide, propuxeron distintas opcións, con obras costeadas polo Concello e as Asociacións de Veciños, que non foron tidas en conta ata o momento. A propia comunidade de Montes de Parga, propuxo a instalación dun módulo sanitario homologado, similar aos empregados en Ifema, ofrecendo asumir o custe do alugueiro.

Porén, houbo centros de saúde e consultorios que non pecharon, e como saben ou deberían saber, non teñen circuitos diferenciados, nin no rural nin nos da cidade de Lugo. Un exemplo son os Consultorios de Muimenta en Cospeito, Lousada de Guntín ou Nadela; Todos eles con menos carga asistencial que o de Parga, que ten entre 1.600 e 1.700 cupos de usuarios e usuarias e conta con dous médicos, unha enfermeira e un PSX.

O centro funciona só cun horario reducido, dous días á semana, soamente para realización das extraccións de sangue. Esta situación supón o incumprimento do compromiso adquirido polo Sergas co Concello de Guitiriz, durante a crise da Covid, cando se falou só dun traslado temporal do persoal.



O peche do Consultorio de Parga propicia que o Centro de Guitiriz se conxestione na atención sanitaria diaria e que aumenten as listas de agarda para a actividade asistencial. Xerando unha clara incomodidade para as e os case 1.700 usuarios do Consultorio, nun Concello cunha grande extensión territorial (294 km²) e unha poboación moi dispersa e avellentada. Os cales ven como os seus sacrificios e colaboración na xestión da pandemia é respondido pola Xunta cunha mingua na calidade da atención médica que reciben e o desmantelamento do seu consultorio de referencia.

Ante os feitos aquí descritos, pensamos que as respostas dadas por parte da Xerencia son unha pobre disculpa, e que a intención real é que aproveitando a situación creada pola Covid-19 aproveiten para pechar o Consultorio definitivamente e derivar aos profesionais para Guitiriz, coa amortización de prazas que ese feito supón.

Lembrámoslles tamén, por outra banda, frases que forman parte do espírito do Servizo Galego de Saúde, da Consellería de Sanidade e da Xestión Sanitaria e social da Xunta de Galicia:

- “O usuario é o centro do sistema”
- “Achegar os servizos ao rural para que sexa un rural vivo”

Ou ista do presidente da Xunta fai tan só un par de meses:

- “A atención primaria vai ser vital durante o desconfinamento”

Polo exposto con anterioridade, logo de someter a debate esta moción, propoñemos a adopción polo Pleno desta Deputación de Lugo dos seguintes acordos:

1.- Solicitar á XUNTA a inmediata apertura dos Centros de Saúde pechados e en concreto dos de Castro de Rei e de Parga. Con datas concretas, mantendo os mesmos servizos que viña dando antes da situación dada pola Covid-19 e coas debidas medidas de seguridade socio-sanitarias que se precisen.

2.- Que, no caso de ter que acometer algunha obra ou inversión, temporal ou definitiva, sexa o Sergas, quen asuma os custes económicos”.

Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Como ben di o título da moción, trátase de reclamar a reapertura dos centros de saúde pechados, en concreto o centro de Parga xerou moitas protestas e alarma dos veciños; este centro pechou durante a declaración do estado de alarma, aí houbo unha certa comprensión por parte dos veciños xa que se tomaran varias medidas e naquel momento parecía que era unha medida temporal, e así se vendeu, incluso o aceptaron.

Pero rematou o estado de alarma e despois dixeron que era por culpa de que non había posibilidade de facer circuítos diferenciados para os positivos ou sospeitosos de Covid e os que eran por outras enfermidades. Tanto o concello de Guitiriz como a Comunidade de Montes ou a Plataforma #Parganonsedivide se ofreceron, máis alá das súas competencias, a colaborar incluso economicamente para obras ou solucións temporais como o aluguer dalgún módulo sanitario como se fixo noutros sitios, sen obter resposta por parte da Consellería.

Outros centros de saúde con menos carga asistencial que o de Parga seguiron abertos, como é lóxico e normal; creo que ó concello se lle enganou porque se lle trasladou que aquel primeiro peche era só un traslado momentáneo do persoal pero que ían volver en canto se levantara o estado de alarma, e o que xerou isto é que o centro de saúde de Guitiriz está colapsado, ten máis de 1700 usuarios e atende a unha extensión duns 294 quilómetros cadrados.

E sorpréndenos moito a nós e ós veciños daquela zona que hai detrás dos eslóganés que ten o Sergas como “o usuario é o centro do sistema”, “achegar os servicios ao rural para que sexa un rural vivo”, ou o que dicía o Sr. Presidente da Xunta: “a atención primaria vai ser vital durante o desconfinamento”. Pois o que vemos é que durante o desconfinamento o que hai é abandono ós centros de saúde rurais, como é este caso, ou outros que ou pechan ou retiran algúns especialistas.

Polo tanto solicitamos á Xunta a inmediata apertura dos Centros de Saúde pechados e en concreto dos de Castro de Rei e de Parga. Que digan xa cando os van abrir e que medidas van poñer para que sexan seguros. E que no caso de que haxa que facer algunha obra ou algún aluguer,



que evidentemente non sexan nin os concellos nin ningunha outra asociación a que teña que cargar cos custos.

Polo tanto, unha vez máis se aproveita calquera escusa para precarizar o sistema de saúde público e para precarizar o rural, e por tanto a nosa posición e a nosa esixencia de que eses servizos volvan estar activos o antes posible, que ten que ser xa, e a nosa condea a utilizar a pandemia para recurtar servizos”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Francisco Javier Balado Teijeiro, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“En primeiro lugar dicirle ó Sr. Castro que os dous centros de saúde ós que se fai referencia no texto da moción non están pechados, están abertos durante dous ou tres días á semana para a prestación de servizos de enfermería, extraccións de sangue, curas e sintrón. Polo tanto dígolles a vostedes o mesmo que lle dixen ó voceiro socialista que presentou esta moción en Castro de Rei, que digan a verdade, estamos a falar de centros de saúde nos que non se prestan servizos médicos, pero non están pechados, están abertos para a prestación de servizos de enfermería durante dous ou tres días á semana.

O que pasa é que con esta proposta, como dixo o compañeiro José Antonio García, é outra moción de esloganes que presentan vostedes, forma parte do discurso do medo, da alarma e do catastrofismo que foi a estratexia que seguiu a esquerda galega na precampaña e na campaña electoral en relación a certos temas como a sanidade, a educación, dicindo que ía vir a apocalise, ó final non veu a apocalise nin veu ningún.

O que lles pedimos é que non utilicen a situación de pandemia para facer política; vostedes o que din é que nós utilizamos a pandemia para recurtar, pois non é así, son vostedes os que utilizan a situación de pandemia para facer política, e ademáis política de baixo nivel. E volvo dicirlles o que lle dixen antes, esta proposta puidera ter sentido se solicitaran que volvan prestarse servizos médicos en Parga e en Castro de Rei, pero non que se diga que están totalmente pechados cando non é así.

Entre as medidas de seguridade adoptadas por parte da Consellería de Sanidade dende que se orixinou a situación epidemiolóxica actual provocada polo coronavirus a Consellería estimou, como ben dixo vostede ó principio, que non era posible manter separados os circuítos de pacientes con patoloxías derivadas do coronavirus dos pacientes con patoloxías derivadas doutras afeccións, polo que primeiramente é certo, coincidindo co que dixo vostede, que se adoptou a medida de peche total destes centros de saúde, e tamén doutros, durante o tempo que durou o estado de alarma, e posteriormente no mes de xuño estes centros de saúde abríronse con prestación de servizos de enfermería, servizos de curas, e demáis.

Polo tanto estamos a falar dunha actividade provisional ou transitoria, non estamos a falar dun peche definitivo, evidentemente se estiveramos a falar de que se vai o médico para sempre destes centros de saúde teríamos un problema todos. Dende que se decretou o estado de alarma é coñecido que a situación de todos os centros de saúde mudou substancialmente; di vostede que está saturada e colapsada a sanidade, pois mire non hai centro de saúde en ningún concello hoxe que estea colapsado, por varios motivos: en primeiro lugar porque dende que se decretou o estado de alarma non se atende á maior parte da xente presencialmente, primase a atención telefónica; evítanse os desprazamentos dos pacientes ós centros de saúde; redúcense notablemente as consultas presenciais. E todo elo por razóns de seguridade para evitar o contacto directo entre pacientes dentro do propio centro de saúde e entre pacientes e facultativos.

E no caso do consultorio de Parga, xa hai máis de dúas semanas que se lles dixo ós veciños, ó concello, a toda a xente que estaba preocupada, que se trataba dun consultorio pequeno que non reunía as condicións técnicas para habilitar o dobre circuító que se requiría actualmente, un para os pacientes sospeitosos do coronavirus e outro para os pacientes con outras patoloxías.

E no de Castro de Rei sucede o mesmo, estamos a falar dun consultorio pequeno, un consultorio no que non hai ningún motivo para pensar que se vai pechar o que é o servizo médico, porque a praza de médico non se amortizou; non se reduciu tampouco substancialmente o número de tarxetas sanitarias como para pensar que efectivamente se poda amortizar a praza; a praza de médico agora mesmo segue existindo como tal; un consultorio que non lle custa nada ó Sergas porque os gastos de mantemento, de limpeza, de electricidade e calefacción son asumidos polo propio concello.



Polo tanto eu sería o primeiro preocupado como Alcalde se vira que efectivamente en Castro de Rei se amortiza a praza de médico, pero non habendo esa amortización e tendo máis ou menos a garantía de que unha vez que remita un pouco esta situación de pandemia, no mes de outubro aproximadamente, se pode rehabilitar o servizo médico, non teño ningún motivo para estar preocupado. Polo tanto eu creo que o que hai que facer é pedir o correcto, que se retomen os servizos médicos, que entendo que niso estamos todos de acordo, pero non dicir que un centro de saúde está pechado cando non é así”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“A verdade é que ultimamente vimos presenciando peches en servizos médicos fundamentais na nosa provincia pero tamén fóra dela, restriccións na atención sanitaria que evidentemente non é a mesma en función de onde nos toque vivir, baixas que no se cobren, vacacións que non se cobren, centros de saúde que ata hai pouco contaban con tres médicos hoxe non os teñen e están cun só, e diso poderíamos falar longo e tendido sobre todo cando hai que ter en conta que nós contamos nesta provincia cunha poboación que está moi dispersa, que está máis avellentada cada día e que necesita atención de proximidade; non é o mesmo falar ca consultar presencialmente, e eu creo que iso llo vai dicir calquera médico señor Balado, máximo cando estamos falando con persoas de idade avanzada que ás veces teñen serias dificultades para expresar o que senten e o que lles pasa.

Eu voulle poñer un exemplo, unha doutora no día de onte atendeu no seu centro médico habitual a arredor de corenta pacientes en horario de oito da mañá ata as dúas e media, porque tivo que saír media hora antes e logo lle direi para que; unha boa parte deles en atención domiciliaria, a única enfermeira que a acompañaba atendeu a case que trinta pacientes, moitos deles en atención domiciliaria, outros no propio centro. E esa doutora da que lle falaba, cando rematou alí, foise cubrir unha garda a outro centro médico, outras oito horas, e hoxe ás oito da mañá volvía estar no seu centro médico; a vostede parécelle que isto é unha atención sanitaria e de calidade?, nin para eles nin para quen a recibe; e diso é o responsable o Partido Popular .

A Xunta de Galicia, eu non sei se vostedes se dan conta pero creo que é bastante evidente, vai na dirección contraria das demandas da sociedade, pero tamén en dirección contraria do que nos están recomendando cada día os expertos en materia sanitaria, e máis neste momento, porque están reducindo as prestacións sanitarias no canto de incrementalas; este era o momento de facer un reforzo en sanidade para estar preparados para o que poida vir, e non estar mermando as prestacións sanitarias que estamos recibindo os galegos e galegas.

De verdade que esta, e eu dígo así, mala intención do Sergas, queda revelada no cambio de motivos para argumentar o peche do consultorio de Parga; vostede acaba de dicilo, o día seis de xullo, e como se recolle nesa declaración institucional que se aprobou por unanimidade no concello de Guitiriz, o Sergas centraba a súa negativa nas supostas deficiencias do edificio, agora xa non é así, agora esgrímense argumentos sanitarios mediante os que alegan que o centro non dispón de circuítos diferenciados para pacientes sospeitosos de ter o Covid e para pacientes non sospeitosos de telo.

Son simples escusas señor Balado, porque se o edificio tiña deficiencias graves, que non as ten, pero se as tivera, como vostedes dicían, tería que ser pechado antes do Covid, non tiña porque ser pechado coincidindo co Covid. E a falta dese circuito dobre non motiva afortunadamente o peche de consultorios coma o de Muimenta, Lousada, Guntín, ou Nadela, a non ser que tamén haxa unha intención oculta de pechar eses centros. E non se entende con claridade que nun momento no que o Covid aínda non desapareceu por completo, e no que se está aconsellando reducir aglomeracións, sexa unha boa medida sanitaria concentrar a tódolos veciños no centro de Guitiriz; estamos falando de ir ó médico, non estamos falando de ir á feira señor Balado, que son cousas ben diferentes.

Eu a verdade é que quedo tamén abraiada cando lle oio dicir que a boa xestión do Sergas é que os concellos paguen a luz, paguen a auga, incluso paguen as obras dos edificios; a verdade é que non estaría mal que incluso esas medidas se aplicaran mesmo a esta Casa, porque non?, que veña a Xunta de Galicia, que nos pague a auga, que nos pague a luz, e que nos pague as obras que teñamos que facer, que logo xa nos encargaremos nós de dicir como tapamos os buracos das estradas señor Balado.



Eu creo que estas medidas non son serias no momento que estamos a vivir; cremos ademáis que a sociedade así o evidencia e así o demanda, e os sanitarios tamén, os médicos e os demáis sanitarios, porque esta é unha cuestión que estamos vivindo en tódolos concellos da provincia, e ata hai pouco non tiñan quen os levara nos desprazamentos a domicilios, e tiñan que ir co seu propio coche, estanos cubrindo, non sei se o cubriron xa en tódolos concellos ou non.

Pero eu creo que en materia de sanidade temos que ser máis esixentes, temos que esixirlle ademáis a quen ten as competencias e non poñer a pelota enriba da mesa nin dos concellos nin de quen non as ten”.

Seguidamente intervéñ o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Sr. Balado, vén vostede cunha cuestión semántica, que non é un erro, e agora lle explico qué significa para nós estar pechado. Nós xa sabemos que abren para esas cousas de curas e algunha analítica eses días, porque de feito ponse no corpo da moción; pero nós non nos equivocamos ó dicir que un centro de saúde sen atención médica é un centro pechado, ou a quen queremos enganar?, porque senón chámenlle doutro xeito, porque por exemplo para recoller mostras de sangue ó centro de transfusións chégalle cun autobús; que quere dicir, que os centros médicos poden estar sen médicos?, é por aí por onde vai a sanidade e a atención primaria do Partido Popular agora?.

Por tanto non diga que está aberto porque dicimos que está pechado precisamente porque non ten atención médica; e xa sabemos que abre para esas cousas, pero non ten atención médica.

Despois incluso na súa argumentación escápaselle cara a onde vai o Partido Popular, atención telefónica, que a utilizan outra vez coa escusa do coronavirus, cando hai moitas dúbidas e debates entre os profesionais de se iso é unha atención de calidade, evidentemente para algunhas cousas ó mellor si pero non para diagnósticos de certas enfermidades, hai un debate moi potente entre os profesionais e vostedes xa o poñen como que ese é o futuro.

E depois di que non hai redución de tarxetas sanitarias porque iso non se vai pechar, pero é que o rural e a sanidade non a poden tratar coma unha empresa; vostedes falaban de que hai que protexer o rural e evitar o despoboamento, e o que din é que se se van máis persoas van pechar tódolos servizos do rural, e así imos ver se cun plan da Deputación conseguen poboar o rural se lle recurtan tódolos servizos que ten, os poucos que ten vostedes queren recurtarllos.

En canto ó de Castro, cos rumores que hai, cando se xubile o actual non sei se van amortizar ou o van levar para outro lado, porque o Sergas non foi capaz de contestar se iso se vai producir ou non, e é o medo que teñen os veciños. Polo tanto ata na súa argumentación parece que o Partido Popular o que quere é ir recurtando cada vez máis servizos no rural porque din que se hai menos poboación se van ir recurtando, e nós imos seguir chamándolle centros de saúde pechados se non hai atención médica porque o que necesita a xente son médicos.

E ademáis tódolos profesionais din que para a pandemia o importante é unha atención primaria, e que se teña un diagnóstico o máis rápido posible, e o que vostedes fan é acumular en Guitiriz, e son capaces de defender iso sen poñerse roxos, pero ese é o modelo precarizador da sanidade pública, e ata na súa exposición o recoñece”.

Intervén o Sr. Deputado D. Francisco Javier Balado Teijeiro, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“Pouco máis hai que dicir disto. A señora García Porto que di que esixen en materia sanitaria, vostedes esixan o que queira, pero o que teñen que facer é respectar as decisións sanitarias que se adoptan nesta Comunidade Autónoma; da mesma forma que piden que se respecten as decisións sanitarias que se adoptan no goberno de Madrid, vostedes tamén teñen a obriga de respectar as que se adoptan en Galicia.

E dicirlle ó señor Castro que mentir non é unha cuestión semántica, colocar o predicado antes do suxeito non é cuestión semántica senón que é un erro grave e intencionado, pero faga vostede o que queira.



Non lles estamos pedindo que apoiem á Xunta de Galicia, o que lles estamos pedindo é que respecten as decisións sanitarias e que esquezan o discurso catastrofista, para quen está mal a sanidade e a educación en Galicia?, para o PSOE, o BNG e os seguidores, pero o resto dos veciños están satisfeitos e contentos coa sanidade; quen é o que di que vén a apocasisé?, o PSOE e o BNG; levan seis meses dicindo que aquí imos desaparecer todos; pero son vostedes, non é o resto da veciñanza, porque a veciñanza pronunciouse hai pouco tempo nas urnas e está contenta coa sanidade, coa educación, e en xeral con todo o que se está facendo en Galicia.

Polo tanto o que se lles pide é que deixen de mentir, que deixen de antepoñer a política fronte ás decisións sanitarias. E ademáis os problemas da provincia de Lugo non son a falta de médico con carácter temporal en Parga nin en Castro de Rei, iso non é o que preocupa ós veciños e veciñas da provincia de Lugo, nin sequera ós de Castro de Rei e ós de Guitiriz, que así se viu nas urnas o pasado 12 de xullo; o que preocupa ós veciños e veciñas da provincia de Lugo é Alcoa, é Endesa, é a falla de tecido produtivo na nosa provincia, que o ano que vén vai caer o PIB. E iso ten un responsable que se chama Goberno de España, ten nomes e apelidos, e ten un autor que é o Partido Socialista, e un cooperador necesario que son as forzas radicais nacionalistas e demáis que apoiaron ó Goberno do Sr. Sánchez.

E eses son os problemas da provincia de Lugo; ningún veciño está preocupado, agás aqueles que por razóns políticas o fagan, porque durante uns meses vaia haber falta de servizos médicos en Parga ou en Castro de Rei, asegúrollo; se ata cando foi a manifestación tiveron que traer vostedes cargos socialistas da provincia de Lugo porque non tiñan veciños en Castro de Rei que lles foran á manifestación, porque ó final ninguén cre o discurso da mentira e o discurso catastrofista.

E a este goberno provincial tamén lle vou dar un consello, que ademáis é gratis e non custa nada; o que se lles pide a vostedes é que traballen pola provincia, que se deixen de facer oposición á Xunta de Galicia e ó Goberno galego, vostedes non son oposición senón que son o goberno da Deputación de Lugo, e foron elixidos polos veciños e veciñas desta provincia para que traballen; é vergoñento e lamentable ver algunha moción que vén a este Pleno na que din: “instar á Xunta de Galicia para que se dirixa ó Goberno do Estado”, non hai nada que instar porque vostedes e os de Madrid son a mesma pasta. Polo tanto ínstenos vostedes que son os que teñen que traballar”.

A continuación intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“A verdade señor Balado, e con todo o respecto llo digo, resulta indignante escoitar as súas palabras neste Pleno, vostede ponse na vía do medio e dispara contra os de abaixo que non temos nin responsabilidades nin competencias, e contra os de arriba que tampouco as teñen neste caso, porque en materia de sanidade únicamente ten as competencias e responsabilidade o goberno da Xunta de Galicia representado polos seus compañeiros de Partido; isto é así de claro e evidente señor Balado, e vostedes intentan camuflar dicindo que non fan política.

Vostedes utilizaron a crise do Covid-19 dende o primeiro momento para facer política, na Xunta de Galicia para morder contra o Goberno do Estado, e na Xunta de Galicia para tentar contra os dereitos dos veciños e veciñas de Galicia, e dos desta provincia tamén; e tiveron a ousadía de facer falsas promesas nesta provincia, que agora incumpren; e están precarizando e deixando sen servizos, e voume centrar só na sanidade, ós veciños desta provincia, coa escusa do Covid-19 aplicando puramente a doutrina do Partido Popular. Esta é a realidade que padecen cada día os veciños e veciñas desta provincia no rural que temos que vivir”.

Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, quen manifesta o seguinte:

“Resumindo o que dicía, un centro medico sen médicos é un centro médico pechado por moito que vostede diga que está aberto.

E eu non sei para que serve a Xunta de Galicia, igual haberá que disolvela, porque onde teñen competencias non é culpa súa e depois din que o rural se está despoboando, e acaban de dicir que é un gran problema, no que estamos de acordo, pero o que fan é recurtarlle servizos; entonces díganlle a alguén que vaia vivir a un sitio onde ten un centro de saúde aberto sen médico, que para nós iso é un centro de saúde pechado; así é como van vostedes reactivar o rural?, ese é o modelo de sanidade que defenden?, válelles disparar contra todo; e depois falaremos tamén da industria e de



quen ten as competencias e quen son os culpables, e nalgunhas cousas xa verá como estamos de acordo e noutras moi en desacordo.

E eu non sei o que quere dicir, vostedes teñen un modelo de sanidade que é privatizar e recurtar, dino abertamente, acaba de recoñecer hoxe que se descende o número de tarxetas sanitarias pechan os centros de saúde no rural, iso acaba de recoñecelo vostede”.

Seguidamente intervén o Sr. Presidente, no seguinte sentido:

“Francamente, señor Balado, e dígollo nun ton de cordialidade, eu creo que vostede saíuse do testeo abertamente; porque iso de acusar así a todo o mundo non é de recibo, sobre todo cando as competencias son da Xunta, e polo tanto de vostedes.

Co Estado de Alarma o Sr. Feijóo saía tódolos días a criticar deslealmente ó Goberno de España, sen propoñer nada, só criticar. Pero despois do estado de alarma acabouse a opinión do Sr. Feijóo, non hai roldas de prensa, nin sequera manda ó Conselleiro á maioría dos sitios, manda terceiras ou cuartas liñas, iso pasou cos Alcaldes da Costa que nin se reuniu con eles senón que mandaba a outra xente de terciaria ou cuarta fila, moi respectables por certo”.

Neste momento o Sr. Deputado D. José Jesús Novo Martínez interrompe a intervención do Sr. Presidente, efectuando distintas manifestacións, e por parte do Presidente indícaselle que non está no uso da palabra, que debe respectar os turnos e non debe interromper as intervencións dos demais compañeiros; advertíndolle que do contrario tería que chamalo á orde.

Continúa na súa intervención o Sr. Presidente no seguinte sentido:

“Dende que se levantou o estado de alarma o Sr. Feijóo deixou de opinar, porque as competencias xa eran del, o único que desapareceu foi o mando único, pero as competencias xa eran da Comunidade Autónomas porque ninguén llas tiña quitado.

E o que xa foi para nota é o que pasou coas residencias; esa persoa que vostedes din que é fantástica, e que ó mellor despois hai ocasión de debater sobre o seu labor de goberno, dona Ana

Pastor, nunha entrevista de radio apoteósica dicía que: “lo bueno que pasó en Galicia con las residencias es cosa de la Xunta”, “y lo malo que pasó en Madrid es cosa del Estado”; entónces en que quedamos?, quen ten as competencias sobre a xestión das residencias nas Comunidades Autónomas?, o Estado ou as Comunidades Autónomas?, e se en Galicia é dun noutro sitio é doutro; pero o que non podemos é enganar á xente, pode haber xente que se desengane pero ás veces tamén esperta a xente, en ocasións tarda un pouco máis, pero o que non se pode é enganar.

Así que mire, o que non fixo o Partido Socialista, como dicía vostede señor Balado, porque diso os únicos documentos escritos que hai son en Madrid e en Galicia, hai documentos escritos así que dígalles que llos pasen, onde se dan instrucións para non ingresar a persoas de máis de oitenta anos para non atendelos nos hospitais, iso si que é abandonar ós cidadáns.

Por tanto non sembre vostede porque non procede, as sementes lévaas o aire e ás veces ó mellor prenden en sitios inadecuados; e precisamente nestes tempos a anemocoria non é a mellor maneira de sementar; así que cambie vostede de método de semente”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada.

6.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA PARA RECLAMAR Ó PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA QUE CUMPLA AS SÚAS PROMESAS ELECTORAIS CON ALCOA.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista, a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“O pasado 5 de novembro, durante un acto da campaña das Eleccións Xerais celebrado en Lugo, o presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, comprometeuse ante a presidenta do PP provincial, Elena Candia, e o senador lucense José Manuel Barreiro, a solucionar o problema de Alcoa. É certo que a solución viña condicionada á vitoria nas eleccións xerais, circunstancia que non se produciu. As palabras do presidente galego, recollidas pola prensa foron “El próximo domingo, ganando el PP, el primer responsable soy yo y asumo esa responsabilidad”.



Ó marxe do xuízo moral que poida merecer a actitude dun responsable político que condiciona a achega de solucións ó voto á súa formación, o certo é que a responsabilidade que recoñece o presidente da Xunta non se evapora por mor da derrota electoral do seu partido en Madrid.

As eleccións de novembro foron lexislativas, non constituíntes, isto é, o seu resultado non ía modificar o ordenamento constitucional e autonómico vixente. O señor Feijóo non concorría a aquelas eleccións como deputado nacional, e dado o seu ben publicitado compromiso con Galicia, parece pouco probable que unha vitoria do seu partido o tivese levado como ministro do señor Casado a Madrid.

O que queremos dicir con isto é que a responsabilidade sobre Alcoa do presidente da Xunta non ten variado en función dos resultados das eleccións xerais. É a responsabilidade recollida no texto do actual estatuto de Autonomía de Galicia, que no artigo 30 recolle as competencias en materia industrial.

É de supoñer que o señor Feijóo tiña presente esas competencias cando de novo, na recente campaña das pasadas Eleccións Autonómicas, o día 1 de xullo, en Narón, dixo que “puedo asegurar que como presidente de la Xunta no voy a consentir que se cierre Alcoa”. Un claro recoñecemento por parte do candidato das competencias e a responsabilidade que a Xunta de Galicia ten cara o mantemento da actividade industrial de Alcoa e, xa que logo, do conxunto da Mariña.

O pasado 2 de xullo, a web oficial da Xunta recollía a aprobación dun “plan para la industria electrointensiva que declara el sector como esencial y estratégico”. O certo é que o plan da Xunta non recolle unha soa medida concreta. O que di a nota da Xunta é que o seu plan consiste en apoiar os plans que outros poidan presentar. E dicir, a Xunta presenta como “plan” especial o que non é senón unha obvia exposición das súas obrigas. E logo, como sempre, o suposto plan recolle unha serie de peticións ó goberno central, peticións que poden ser moi lexítimas, pero que non constitúen, dende logo, un conxunto de medidas concretas, que é o que o común dos mortais entendemos por un plan.

Fóra da propaganda e os titulares, non temos noticia nos últimos nove meses dunha sola proposta concreta da Xunta de Galicia, ou do seu presidente, nin para garantir o futuro de Alcoa, nin para defender os postos de traballo, nin para propoñer novas alternativas industriais para a provincia.

Por todo isto, o Grupo Provincial Socialista quere reiterar o seu compromiso cas reclamacións dos traballadores de Alcoa e as empresas auxiliares e ca necesidade de impulsar na Mariña políticas de industrialización modernas, sostibles e baseadas na investigación. Por iso sometemos para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Moción para que a Deputación Provincial de Lugo inste á Xunta de Galicia e ó seu presidente

- A cumprir as promesas electorais ós galegos e galegas feitas polo Sr. Feijóo, presidente da Xunta de Galicia, en torno á conservación da actividade industrial en San Cibrao, dicindo que se gañaba as eleccións arraxaría o problema de Alcoa.
- A presentar un plan global de industrialización para A Mariña que teña en conta a situación de Alcoa.
- A establecer unha liña de contacto permanente ca dirección da fábrica tendo en conta os movementos globais que Alcoa está facendo no mundo. Movementos que parecen apostar máis por un modelo especulativo que por un modelo produtivo.
- Manter liñas de sondaxe co mercado para poder atopar compradores ou socios interesados na adquisición da fábrica.
- Presentar, cuantificadas, as medidas económicas de apoio da Xunta de cara a entrada do sector público no accionariado da empresa”.

Ante esta moción, por parte do Grupo Provincial do BNG preséntase unha emenda de engádegas, do seguinte teor:

Exposición de Motivos:

Na pasada sesión ordinaria plenaria de data 30 de Xuño de 2.020 aprobouse no punto número 9 da orde do día cos votos favorables do grupo provincial do PSOE e do BNG e abstención



do PP, a moción para Nacionalizar Alcoa, polo que consideramos necesario que na presente moción presentada polo grupo provincial socialista se engada o seguinte texto:

Reclamar á Xunta de Galiza e ao Estado Español que exerzan as accións necesarias para Nacionalizar ALCOA e retornala ao ámbito público para manter os postos de traballo que dependen do complexo industrial e o futuro económico e social da comarca da Mariña”.

Intervén a Sra. Deputada dona María Loureiro García, en representación do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Dende o Partido Socialista, e mesmo dende o Goberno da Deputación de Lugo, sempre amosamos o apoio aos traballadores e traballadoras de Alcoa e das auxiliares; e incluso sendo da mesma cor política tamén demandamos medidas para evitar que Alcoa peche, marche, e deixe a máis de cincocentos postos de traballo directos e outros tantos das auxiliares na rúa, e unha comarca totalmente rota.

Todo isto é froito, e imos lembrar, que no ano 1998 o goberno do Sr. Aznar decidiu apostar pola privatización de Inespal, en teoría Alcoa pagou daquela 410 millóns de dólares, pero se lle descontaron de seguido uns trescentos, e ó final, aínda que nunca se confirmou oficialmente, o informe do Tribunal de Contas de febreiro de 2006 sobre a privatización de empresas públicas estimaría en 450 millóns de euros o custo para as arcas públicas.

Porque co Partido Popular as privatizacións nin traen melloras na xestión nin aforro para as arcas públicas, nin unha aposta industrial de futuro porque o sensato, como ten sinalado o Presidente da Deputación, tivese sido manter presenza pública no accionariado de Alcoa controlando o retorno dos investimentos e das axudas, asegurando así que a empresa mantivese os compromisos cos traballadores e coa Mariña.

Presentamos esta moción para que a Xunta, dunha vez por todas, se poña a traballar e deixe de estar de perfil. O Estatuto de Autonomía deixa claro no seu artigo 30 que a competencia en industria é da Xunta de Galicia. En nove meses Feijóo non ten presentado nin unha soa proposta concreta, ten mudado de opinión en función do que lía nos titulares de prensa, foi agoreiro

anunciando que a fábrica pecharía, sementando o pesimismo, dicindo que nunca estivera tan preocupado por Alcoa, e despois en plena campaña electoral dixo que arranxaría o problema ó día seguinte. Vinte días despois dende os comicios electorais, evidentemente cunha clara victoria do Partido Popular, non se volveu falar máis do problema de Alcoa coma se de súpeto se esfumase.

Dende o Grupo Provincial do Partido Socialista nunca esquecemos as competencias do Goberno Central, e incluso nesta mesma Institución aprobamos mocións onde o Grupo Provincial do PSOE demandou a aprobación do estatuto coa máxima celeridade, porque si sabemos que a competencia de enerxía é do Goberno de España.

Con tal de botarlle a culpa ó Goberno, Feijó insistiu en repetir a tese da empresa de que o problema é o prezo da enerxía, a pesares de que dende xuño a empresa conta cunha proposta que pon o prezo do megavatio entre 25 e 35 euros, por debaixo dos 40 euros que a empresa pediu nun principio, e un plan de axudas de seiscientos millóns de euros en tres anos presentado polo Goberno de España; tampouco mereceu unha resposta seria porque, como dixo hai poucos días un representante sindical, a Alcoa non lle chegaba nin que lle regalasen a enerxía. O Goberno, concretamente dende o Ministerio de Industria, ten un inversor solvente disposto a asumir todo o complexo de San Cibrao.

E eu viña defender esta moción para pedirlle á Xunta que se puxese a traballar, afortunadamente cambiou algúns aspectos porque onte, como todos sabemos, houbo unha mesa multilateral celebrada ás sete e media da tarde e convocada polo Goberno de España, onde se encontraban os sindicatos, a Xunta de Galicia, o Goberno de España, e Alcoa.

A raíz desa mesa multilateral quero mostrar o meu optimismo racional pero esperanzado de cara ó futuro, xa que Industria solicita a Alcoa que negocie co inversor interesado en comprar a planta de San Cibrao. Como dixo o Secretario de Industria, Raúl Blanco, hai un proxecto alternativo que daría continuidade ás capacidades industriais na Mariña.

O Goberno xa fixo varias actuacións para facilitar a competitividade, como a aprobación dos fondos de garantía, como os avances do estatuto electrointensivo; incluso dende Industria onte



se comprometía a poñer en contacto dende hoxe a Alcoa coa empresa inversora e coa Xunta de Galicia, porque é a autoridade laboral.

E como Deputada pola Mariña, pero tamén como Alcaldesa de Viveiro, vexo un albisco de luz e un halo de esperanza para mellorar a situación dos meus veciños e veciñas de Viveiro e de toda a comarca da Mariña.

Nestes meses de incerteza, de inquedanza, e de preocupación e traballo polo futuro da Mariña, o que máis ruído fixo foi o silencio da Xunta de Galicia, o espeso teimudo silencio da titular das competencias de industria que non foi quen de achegar ningún borrador de proxecto industrial para a zona.

Por tanto nós ímonos manter nesta moción, e aínda que se pode ver un pouco de luz no final do túnel, si que é certo que a Mariña carece dun proxecto industrial; por tanto mantemos esta moción con tódolos puntos”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“Señora Loureiro, sabe que temos unha boa amizade, pero creo que esqueceu a súa moción; a súa moción, alo menos a que nós temos que non ten nada que ver coa que leu agora vostede, di “moción do Grupo Provincial Socialista para reclamar ó Presidente da Xunta de Galicia que cumpra as súas promesas electorais con Alcoa”; e arrinca falando do pasado 5 de novembro de 2019 durante a campaña das eleccións xerais celebradas, e falan dunha promesa do Presidente Feijóo, a partires de aí basean a súa moción.

A verdade é que nos chamaba poderosamente a atención que viñera o Partido Socialista falar de Alcoa e falar de promesas electorais, porque a hemeroteca está aí, e se quere explícolla agora. Pero o que está claro é que o que dixo o Presidente Feijóo naquel momento a esa cita que vostedes fan, que ademáis usaron como bulo, foi precisamente que se o Partido Popular gobernaba en España a partires do 10 de novembro o Presidente Casado tería solucionado o tema de Alcoa; evidentemente porque o fundamental é aprobar o estatuto electointensivo, ao que faciamos nós

referenza. Esas palabras que dixo o Presidente da Xunta naquel momento transcribímolos nós aquí perfectamente, ademáis xa daquela anticipaba que se non se aprobaba o estatuto electrointensivo dende logo que non íamos ter solución ningunha.

Esta moción eu entendo que lle fai un fraco favor, como vostede ben sabe, a traballadores e familias que están agora esperando por unha solución; solución que pasa exclusivamente por aprobar o estatuto electrointensivo. Ese estatuto electrointensivo que a señora Maroto garantía aprobar “el estatuto electrointensivo en cuanto haya gobierno”, estamos a falar do 8 de outubro de 2019, dous días despois desas declaracións do Presidente Feijóo; levamos xa varios meses e seguimos sen estatuto. En xaneiro a Ministra Maroto “se compromete a aprobar en un mes la rebaja de la luz industrial”; seguimos sen estatuto electrointensivo, e enriba da mesa hai 534 despedimentos.

O Presidente Feijóo foi sempre moi claro, o Goberno galego foi sempre moi claro con respecto ó tema de Alcoa; as competencias en enerxía son do Estado, temos un problema enerxético, se non solucionamos ese problema enerxético non podemos dar paso ás seguintes partes.

A Xunta de Galicia efectivamente ten competencias en industria, e nese sentido é onde está traballando, e traballou sempre. Mire, cando gobernaba Rajoy o Presidente Feijóo instou a que se fixera a poxa electrointensiva, ó final Alcoa quedou contenta con ese sistema de poxa; construíuse un gaseoducto tal e como se prometeu para mellorar a capacidade enerxética de Alcoa; estase a traballar co comité de empresa e cos traballadores para esas alegacións ó estatuto electrointensivo, que vostedes presentaron aquí un estatuto que non vale absolutamente para nada; estase traballando de seguido co comité de empresa, vostede só lle ten que preguntar ó comité de empresa que fixo un e que fixo outro, e que é o que nos falta aquí, cal é a única promesa incumprida; a única promesa incumprida é que estamos sen estatuto electrointensivo, apróbeno o antes posible; agora a señora Maroto dixo que efectivamente se ía aprobar durante este verán. Esa é a hemeroteca, e diso parece que non queren falar.

Traer agora aquí unha moción de Alcoa que non fale do estatuto electrointensivo a mín paréceme unha falta de respecto aos nosos veciños da Mariña e a tódalas súas familias, ese é o



gran problema; se non o queren recoñecer, se agora queren aproveitar declaracións sesgadas para xustificar a un goberno que gañou as eleccións, teñen que preguntarse porque na Mariña o Partido Socialista tivo eses resultados, é precisamente porque lles mentiron ós veciños da Mariña, o Partido Socialista son a terceira forza na Mariña.

Polo tanto déixense de redirixir sempre as culpas á Xunta; a Xunta de Galicia está traballando a reo co comité e tamén co goberno de España; esas solucións que vostedes anticiparon no día de onte nos parecen ben, se existe un comprador traballemos todos nese sentido, pero iso non nos exime de aprobar o estatuto electrointensivo e ter un prezo de 25 a 35 euros que sexa competitivo a Alcoa ou a quen merque Alcoa; ou en todo caso se queren vostedes intervir e nacionalizar, porque parece que queren intervir e nacionalizar na Deputación pero despois chegan ó Goberno do Estado e votan que non.

Polo tanto sen estatuto electrointensivo e sen unha enerxía competitiva Alcoa non ten futuro, e non llo di o Partido Popular senón que llo din os traballadores e os representantes do comité de empresa”.

Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Eu teño que estar sorprendido por onde fixa cadaún a responsabilidade. Alcoa xa dixo que o problema non era o marco enerxético, a empresa dixo que se ía ir houbera o marco enerxético que houbera, porque é unha estratexia empresarial deles porque teñen outros centros de produción e non lles interesa producir en Galicia. E con isto non quero dicir que non haxa que aprobar un estatuto para as electrointensivas, que é necesario, pero tamén era necesario cando gobernaban vostedes.

Evidentemente o Goberno de España comprometeuse a iso e comprometeuse tamén co BNG a facelo, non o fixo e aí unímonos a esa reclamación; seguramente para o futuro teña importancia o marco enerxético, pero agora mesmo no que coincide todo o comité de empresa, xa que vostede presume de estar falando con eles, é que o paso necesario para salvar eses postos de traballo é unha nacionalización, pódese ser unha nacionalización temporal ou como queiran, e aí iso

que esixen os traballadores e traballadoras de Alcoa teñen que mollarse ámbolos dous gobernos, tanto o Goberno do Estado coma o Goberno da Xunta, e ata agora o que están é desexosos de que haxa esas medidas, porque incluso os avances da reunión de onte tamén hai moita desconfianza porque Alcoa di que para negociar pon como condición que se paren as cubas, cando todos sabemos que se iso se produce é case imposible a venda da central.

Polo tanto hai que ser moi claros en cal é a solución e onde centra o comité de empresa a urxencia e a solución para os postos de traballo de Alcoa, e pasa por unha nacionalización, intervención, ou chámenlle como queiran, e aí non lle serve a ningún dos dous gobernos tirarse a pelota uns ós outros, o que hai é que poñer medidas urxentes porque remata o tempo, un cronómetro que comezou hai moito tempo e agora xa está nos últimos minutos.

Polo tanto a nosa crítica aquí é ós dous gobernos porque ámbolos dous teñen moito que facer e moi pouco tempo para facelo, póñanse da man Xunta e Goberno do Estado e invistan e nacionalicen, temporalmente ou como queiran, non teñan medo a que lles pareza unha solución radical, faino Francia, faino Alemania, gobernos de dereita, non teñan medo porque lles soe mal nacionalización porque é o único que neste momento vai salvar esa empresa, e non é que o diga o BNG, que tamén, pero é que o di o comité de empresa, e vostede di que se reúnen e non llo discuto, pero lea os comunicados que sacan nos últimos tempos, porque onde poñen a urxencia e niso.

E o do marco enerxético evidentemente hai que solucionar; pero que Galicia poda perder unha industria como Alcoa polo prezo da enerxía é ridículo, e o BNG lévao dicindo moito tempo por esta e por outras industrias. Pero aquí do que estamos a falar, e a urxencia é a nacionalización porque é o que din os traballadores e o que imos defender o noso Grupo como fixemos dende sempre. E digan claramente, o Partido Popular e o PSOE, se están a favor desa intervención pública para salvar os postos de traballo, porque é o que di o comité de empresa.

Polo tanto esa é a nosa postura, e aí é onde imos poñer os nosos esforzos e o que estamos esixindo para que se salven non eses cincocentos postos de traballo senón os mil coas empresas auxiliares, que son igual de importantes que os que traballan en Alcoa. Así que a nosa postura está



moi clara, e a nosa esixencia é ás dúas cores políticas, e danos igual quen governe, o que goberna ten responsabilidades; e aí é a postura do BNG e aí é o noso apoio a traballadores e traballadoras”.

A continuación intervén a Sra. Deputada dona María Loureiro García, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Foi agora, na campaña das autonómicas, onde Feijóo dixo que se saía Presidente ó día seguinte solucionaba o problema de Alcoa.

Nós xa dixemos sempre, e neste Pleno tamén aprobamos mocións onde lle reclamábamos ó Goberno Central a celeridade para a aprobación do estatuto; pero vostede sabe igual ca mín que agora mesmo o problema non é a aprobación do estatuto; é dicir, si que é necesario aprobar un estatuto, pero se mañá mesmo se aproba o estatuto non se soluciona o problema, porque o problema é que Alcoa non admitía ningún tipo de razón, Alcoa íase, non quería vender e dáballe igual todo aínda que a enerxía fora regalada, e así o dixo o presidente dun sindicato.

Por tanto agora debemos poñernos todos de acordo, e sobre todo a Xunta de Galicia que na mesa multilateral, non na de onte senón na anterior, posicionouse a favor de Alcoa en lugar de ir da man do Goberno Central; o Goberno Central puxo enriba da mesa a aprobación dos fondos de garantía, puxo un inversor solvente que está disposto a asumir todo o complexo de San Cibrao, os traballadores, cun proxecto industrial de futuro. Onte, na mesa multilateral volveu dicilo, a Xunta de Galicia posicionouse tamén a favor do Goberno, porque é a autoridade laboral e a que ten competencias para poder paralizar o ERE; e onte si que puidemos ver un halo de esperanza; pero todas estas semanas atrás, e nas anteriores mesas multilaterais, a Xunta o que facía era posicionarse coa empresa.

Polo tanto o Goberno non se está botando fóra das súas competencias, senón todo o contrario, conseguiu un inversor solvente, e por iso xa conseguimos que Alcoa poida sentar co socio inversor e poder chegar a un acordo. E Feijóo dixo que se era Presidente ó día seguinte solucionaba o tema, e dende as eleccións ata agora non fixo nin unha rolda de prensa con respecto a Alcoa”.

Intervén o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Mire señora Loureiro, Alcoa leva dezaioito meses, ou máis, esperando por un estatuto electointensivo, escoitando as mentiras de Ministros e do propio Sánchez; Alcoa esperou a ter as condicións enerxéticas para poder seguir.

Señor Castro, Alcoa leva vinte e dous anos traballando, eu traballei no ano 2000 en Alcoa, e leva dando traballo e riqueza á Mariña; e que vostede veña agora falar de especulación, leva vinte e dous anos, pero oxalá seguירamos como estabamos.

O problema é que precisamente chegou ó Goberno o Sr. Sánchez coa súa intransixencia enerxética, péchanos As Pontes, empeza a non crer na industria electointensiva, e por iso non están convencidos; traen aquí un estatuto que é unha verdadeira pifia que non lle valeu absolutamente a ningún, que houbo que facer as alegacións, e que retrasou todo un montón.

Señor Castro, eu non sei que asinaron vostedes para darlle o apoio ó Sr. Sánchez, se pode dígamo, pero vostedes asinaron que salvarían a Alcoa e asinaron o estatuto electointensivo; por tanto non pode vir agora aquí dicir que ese non é o problema; responsabilícense do que asinaron, porque é gravísimo, se non hai un marco enerxético Alcoa non é viable. Alcoa-Parter, aquel famoso fondo de inversión que vostedes lle trouxeron ós da Coruña e ós de Avilés, que despois non valeu absolutamente para nada e que o tivo que revender a Alu Ibérica; pois a aquel comprador que traían vostedes pónalle un marco enerxético viable senón non vale para nada.

Por tanto responsabilícense diso, non traten de botarlle a culpa a quen non a ten; a Xunta ten unhas responsabilidades que ten que tratar de velar por elas, e lóxicamente aí está o Presidente Feijóo e aí estivo, como xa dixen antes.

Con respecto á nacionalización ou intervención, chámelle vostede como queira, o Presidente Feijóo foi clarísimo antes das eleccións, que o Goberno faga o xusto e o necesario para que Alcoa siga, chámenlle intervención provisional ou chámenlle nacionalización provisional, evidentemente dentro dos parámetros dun mercado libre e baixo o protocolo da Unión Europea;



vostedes que firmaron?, firmaron a nacionalización de Alcoa co Presidente Sánchez?, eu non oín nada da nacionalización ata hai dous días; o que vostedes teñen asinado é un estatuto que garante a viabilidade de Alcoa, simplemente iso; agora déulles pola nacionalización porque parece que lles vén como anel ó dedo”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Comezando polo final, evidentemente a situación de Alcoa evolucionou e non para mellor, e por iso lle dicía que é importante un estatuto eléctrico para as electrointensivas, de feito pedímolo e estámolo reclamando; pero agora evolucionou a peor e polo tanto fan falla medidas urxentes que pasan pola nacionalización.

Estivo vostde loubando a Alcoa, pero Alcoa o que fixo foi comprar regalada unha empresa que lle regalou o Sr. Aznar e manter os postos de traballo a cambio de chantaxes ó Estado durante moitos anos, porque recibiu contías inxentes de diñeiro público para manterse; polo tanto Alcoa non salvou á Mariña, aquela central xa estaba, e está sendo pública, e non foi ningún inversor estadounidense que viñera salvar ós da Mariña, ó que veu é a chantaxearnos co control deses postos de traballo.

Polo tanto loubanzas a Alcoa, esa multinacional americana, eu ningunha, porque se está a comportar como se comportan as multinacionais, pensando no seu puro beneficio. Por iso agora, aínda que se lle solucione o problema enerxético, di que se vai, e vaise porque ten outros intereses comerciais. Ademáis di que cede a negociar unha posible compra poñendo condicións imposibles como é a de parar as cubas, e vostede se traballou alí sabe mellor ca min que se se produce iso a empresa é inviable, ninguén a vai comprar nesas condicións; entón Alcoa o que está é chantaxeando.

Por iso agora o importante é a nacionalización, non é que cambiáramos de opinión porque sabe que pasaron meses dende aquela e a situación empeorou moito; e son as dúas cousas importantes, pero agora para salvar os postos de traballo, para que non teñamos que chorar eses mil postos de traballo, hai que nacionalizar a empresa, busquen a vía que queiran; e, como xa lle dixen,

governos máis liberais que o Partido Popular optan por esa vía, e non creo que a señora Angela Merkel sexa sospeitosa de comunista. Polo tanto a nós chámenos radicais ou o que queiran, pero nós poñemos as solucións que din os traballadores e o comité de empresa que hai que poñer.

E volvo dicirlle, é importante o marco enerxético para Galicia, pero non só para Alcoa senón para toda a industria galega, pero agora para salvar os postos de traballo é a nacionalización, porque non hai tempo, e Alcoa está xogando con iso e está a rirse dos traballadores e de nós. Así que ámbolos dous Governos teñen que poñerse a traballar, e non sei cal ten o mecanismo ou o teñen os dous, pero os dous teñen que poñer diñeiro e solucións; porque cando se goberna é o que hai que facer, non vale vir con propostas. Ademáis o Sr. Feijóo, e niso si que estou completamente de acordo, dixo que se gañaba as eleccións autonómicas estaba solucionado o problema de Alcoa, díxoo con esas palabras, entón agora terá que solucionalo, e a solución é a nacionalización”.

Intervén a Sra. Deputada dona María Loureiro García, en representación do Grupo Provincial Socialista, para manifestar o seguinte:

“Di que en dezaioito meses sacou o borrador do estatuto, pero dezaioito meses dos que nove estiveron en funcións; pero un estatuto que antes non existía, é dicir que non había nin borrador, porque o goberno de Mariano Rajoy durante sete anos non foi capaz de elaborar un estatuto; e a nós en dezaioito meses nos esixen a aprobación dun estatuto, un marco estable, é dicir o que non fixeron vostedes no tempo que estiveron gobernando.

Por tanto nós estamos traballando, temos enriba da mesa os fondos de garantía aprobados, temos un estatuto que se aprobará o próximo mes de agosto, e temos un socio inversor; polo tanto tamén lle dicimos á Xunta de Galicia que se aplique e que podamos presionar a Alcoa para que venda e se manteñan os postos de traballo e non quede unha comarca da Mariña rota, porque non temos plan industrial xa que a Xunta de Galicia, no marco da súa competencia, non estableceu un proxecto industrial nin para a comarca da Mariña nin para Galicia”.

Seguidamente intervén o Sr. Presidente, quen manifesta o seguinte:



“Sr. Castiñeira, ás veces é bo actualizar as hemerotecas que ten vostede aí, xa que vexo que vostede esquece que no ano 2012 nunha visita do Sr. Soria a Alcoa xa prometeu o estatuto electrointensivo; incluso hai audios do actual Alcalde de Cervo, que tamén o era daquela, onde reafirma o compromiso do Ministro, cousa que non necesitaría o Ministro, pero o caso é que está aí; ou sexa que isto xa vén dende o ano 2012, hai oito anos, e iso tamén é hemeroteca.

Mire, magos de Hamelin hainos, houboos, e haberaos, e dende logo vostede sabe coma min que a sorte política ás veces tamén é importante, e a pandemia a algún deulle sorte política, porque os datos de antes non son os mesmos cós de despois, pero a vida é así.

Falaba vostede de que o estatuto é fundamental, efectivamente o estatuto hai que sacalo pero hoxe a enerxía está moito máis barata do que pedían nas reunións en Alcoa a empresa e o comité de empresa, e nalgunha participei eu; iso non quere dicir que non haxa que facer o estatuto electrointensivo. En todo caso o borrador que vostede di que non serve para nada é moito mellor có que nunca fixo o Sr. Soria, porque alo menos pódese traballar sobre un borrador, doutra maneira non existía absolutamente nada.

E eu o que si lle digo é unha cousa, porque tamén é convinte que o saiba vostede, nesta Casa o goberno da Deputación o día que xurdio o problema puxo sobre a mesa as tres liñas de traballo sobre as que está traballando agora, que era intervir a empresa, lóxicamente dun xeito legal, entendendo que nacionalizar é evidente que non porque iso tería efectos na economía con toda seguridade, e habería que nacionalizar outras parecidas, pero outra cousa é intervir; e xa o dixo o goberno da Deputación; devolver as axudas que cobrou a empresa e que nunca executou os seus compromisos de mantemento porque aquilo está caendo por algúns sitios e percibiu axudas para ese mantemento, por tanto esas axudas non se poden marchar de “rositas”; ou por exemplo a venda da fábrica que agora se está negociando; iso xa se dixo dende o goberno da Deputación.

E parece sospeitoso que parece que só se defende á empresa, nós defendemos ós traballadores, e ás veces aquí parece que hai certa connivencia, incluso en momentos de anuncios concretos que se produciron; e iso é así señor Castiñeira, a realidade é teimuda.

E logo vostede fala moito pero non fala da balsa de lodos que ten esa empresa aí, que é un tema grave e importante, e imos ver quen o paga, porque haberá que falar diso tamén, ou é que Alcoa é un anxo que caeu do ceo, que agora marcha para Arabia Saudita porque nos convén a nos?, sinceramente, señor Castiñeira, eu creo que hai que ser serios en todo isto.

Repítolle, recorde vostede o tema do Sr. Soria, o tema do señor Alcalde de Cervo, e repase o que dixeron e compare co que hai feito agora”.

Rematado o debate, efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada.

7.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA PARA RECLAMAR A PARTICIPACIÓN DAS ADMINISTRACIÓNS LOCAIS NA XESTIÓN DOS FONDOS EUROPEOS PARA A DIXITALIZACIÓN.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista sinalada no epígrafe, que textualmente di o seguinte:

“O pasado martes 21 de xullo, ás 5:30 da mañá, a Unión Europea anunciaba o acordo de medidas económicas para loitar contra os efectos da crise económica xerada pola covid-19. Sen recorrer a adxectivos, a transcendencia do acordo queda de manifesto en algunhas das súas cifras. Foron 90 horas consecutivas de reunións que se saldaron ca aprobación de 750.000 millóns de euros, 390.000 deles en axudas directas.

España percibirá 140.000 millóns de euros, dos que 72.700 corresponderán a axudas directas. E cumpre recoñecer a capacidade de negociación e a aposta europeísta do Goberno de España, nunha situación na que a polarización das posturas parecía poñer en risco o mesmo sentido da UE. A postura construtiva e racional do goberno español, respaldada polos países máis



importantes, contribuíu a frear unha aposta de mal chamada “frugalidade” que parecía non ter en conta nin as dimensións reais da crise nin as necesidades das persoas.

Cumpre agora que o conxunto das administracións do Estado colaborem para converter eses fondos en actuacións concretas de desenvolvemento real. Que o noso ordenamento autonómico actúe como unha canle fluída. O momento é capital para reactivar a economía. E non podemos tolerar que, de novo, a administración da Xunta actúe como unha sorte de tapón que dando as costas ós concellos, lles negue a súa lexítima participación na xestión deses fondos europeos.

No caso dos fondos que vaian destinados á dixitalización e melloras en infraestruturas tecnolóxicas, reclamamos que estes fondos teñan en conta as carencias históricas da provincia de Lugo e se empreguen para dotala dunha rede de telefonía móbil que garanta a cobertura total do territorio. Unha rede que teña capacidade para dar servizo cos actuais criterios de transmisión de voz e datos, e deseñada para incorporar melloras como o 5G e outros avances semellantes no futuro.

Actualmente, os concellos de Galicia están a facer un esforzo económico importante, xa que no só detectan as zonas de cobertura deficiente ou inexistente, e poñen a disposición do Amtega as parcelas nas que instalar as antenas, senón que pagan hasta 30.000 euros pola acometida eléctrica necesaria para instalar cada unha delas.

Entendemos que a nova achega de fondos europeos ten que permitir reformular esta situación para liberar ás facendas locais de seguir asumindo o custo dunha infraestrutura básica que a Xunta comprometeuse a implementar coa aprobación da Lei 3/2013 de Impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia.

A devandita lei recolle no seu artigo 2 unha serie de obxectivos que hoxe, ante a crise da covid, son máis necesarios aínda que no 2013. No punto 2.2, a lei fixa como obxectivos:

a) Impulsar o desenvolvemento das infraestruturas de telecomunicacións e a súa cobertura na totalidade do territorio.

b) Garantirlle á cidadanía, ás empresas e ás administracións públicas a cobertura das necesidades, actuais e futuras, dos servizos e tecnoloxías da información e da comunicación, co fin de fomentar a competitividade baseada no coñecemento.

c) Garantir un acceso de calidade ás novas tecnoloxías da información e da comunicación.

d) Garantir a instalación de infraestruturas de telecomunicacións mediante unha ordenación coherente, que asegure a protección do territorio, dos recursos naturais e do ámbito paisaxístico, e que promova a cohesión social e a igualdade económica.

e) Eliminar os desequilibrios territoriais reducindo a fenda dixital entre o medio urbano e o rural.

f) Fomentar a cooperación e coordinación entre as administracións públicas e entre estas e os operadores de telecomunicacións, co fin de promover que o despregamento das novas redes se realice de forma equitativa, eficiente e respectuosa co ambiente.

A Xunta está a incumprir o seu propio ordenamento legal. Estes obxectivos non se teñen acadado no conxunto do territorio lucense. Moitos veciños e veciñas teñen aínda problemas para establecer comunicacións de voz mediante telefonía móbil, o que supón unha discriminación social, unha contribución á perda do emprego e o despoboamento, e un risco para a saúde, ante os problemas de acceder ó servizo de emerxencias cando non se está na casa, a carón dun teléfono fixo. E a Xunta, en lugar de poñer os medios para a solución destas deficiencias, carga nas facendas locais o custo dunha infraestrutura básica.

Por todo isto, o Grupo Provincial Socialista reitera o seu compromiso ca dotación de servizos básicos para o conxunto da poboación e ca necesidade de contar cunha rede de telefonía móbil e datos de calidade e que de servizo ó conxunto do territorio da provincia. E somete para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Moción para que a Deputación Provincial de Lugo

- Solicite ó Goberno de España que os fondos europeos destinados á dixitalización que se van transferir ás comunidades autónomas vaian condicionados tendo en conta ás entidades locais, é dicir, ás Deputacións e ós concellos.
- Inste á Xunta de Galicia a que distribúa os fondos europeos de dixitalización tendo en conta as necesidades dos territorios que aínda non contan con cobertura, ou que é



claramente insuficiente, garantindo un servizo de calidade e uniforme para o conxunto do territorio galego e unha rede de telefonía móbil completa para a totalidade da provincia de Lugo”.

Intervén o Sr. Deputado D. Xosé M^a. Arias Fernández, en representación do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Vistos os plans que ten a Unión Europea, entre eles polo tema do Covid, e para solucionar o problema económico que afecta á Unión Europea, o Estado español vai ser perceptor duns fondos, e parte deles, polo que se ve porque aínda non están desglosados, van un pouco cara á dixitalización; Lugo dende logo que o necesita con urxencia; concretamente no meu concello antes das eleccións recibíramos un convenio da Xunta con Amtega para un plan de dixitalización.

Agora, pasadas as eleccións, a Xunta o que nos manda son cartas por incumprir a regra de gasto, incluso tamén a concellos veciños do Partido Popular, para declarar incluso créditos non dispoñibles; e eu preguntome que para cumprir estes convenios os concellos necesitan cartos, concretamente o concello de Castroverde presentou un plan de traballos que me parece que debera telo feito a Xunta con criterios xa hai moitos anos.

Eu, como pertenzo un pouco á resistencia dende hai máis de corenta anos, preguntome que un goberno que leva case corenta anos na Xunta de Galicia tiña que ter este país dotado dunha dixitalización correcta no ano 2020. Por iso instamos ó Goberno Central a que o diñeiro que virá para a dixitalización que a Xunta vaia preparando un plan serio e seguro que teña en conta as necesidades dos territorios que aínda non contan con cobertura; porque a verdade é que os emisores da RTVG, da Televisión de Galicia, funcionan sempre ben, iso si que se ve aínda que non haxa cobertura de telefonía móbil en ningures.

Pero as urnas reflectiron o que reflectiron, e eu o que lles pido é que sexan serios co traballo, e pedirlle ó Goberno que distribúa ese diñeiro dese xeito, que é obriga de quen ten a maioría; e que non utilicen coa dixitalización a mesma inacción que tiveron tanto con As Pontes como con Alcoa, o rural non existe.

Por tanto pídolles un traballo ben feito; e agora, con corenta e dous Deputados, non por iso teñen que esquecer a dixitalización para que os galegos esteamos ó nivel doutras Comunidades; e que se distribúan os fondos europeos de dixitalización tendo en conta as necesidades dos territorios que aínda non contan con cobertura, ou que é claramente insuficiente, garantindo un servizo de calidade e uniforme para o conxunto do territorio galego e unha rede de telefonía móbil completa para a totalidade da provincia de Lugo”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Oscar Poy Franco, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“Podía empezar dicíndolles que as competencias en materia de telecomunicacións son exclusivas do goberno central, pero é algo que, por un lado, xa saben e, polo outro, teñen demostrado que lles da igual cando de facer mala política se trata, e aí está a manipulación que insisten en facer en todo o relacionado con Alcoa incluso neste mesmo pleno de hoxe.

Podía empezar dicíndolles que a práctica totalidade dos galegos temos acceso a internet a través de redes fixas sen fíos, pero é algo que xa saben pois son datos do Ministerio.

Podía empezar dicíndolles que, grazas ó Plan de Banca Longa da Xunta somos unha das autonomías con maior cobertura de redes 4G e que xa en 2018 se aprobou un Plan Galicia 5G que situaba a nosa comunidade como referencia no desenvolvemento deste tipo de tecnoloxías ata o punto de que, actualmente, os dous únicos proxectos piloto en tecnoloxía 5G en vigor a través de Red.es son os de Andalucía e Galicia, e quizá non está de máis recordar que, en ámbolos dous casos, gobernos non de esquerdas, pero iso xa o saben vostedes aínda que, como de costume, non sexan capaces de recoñecer nin un só acerto da Xunta en ningunha materia porque elo iría contra a estratexia de confrontación e obstaculización que levan once anos aplicando en detrimento dos intereses dos galegos pero que, sen embargo, á vista está, tan bos resultados lles veñen dando nas últimas citas electorais autonómicas.

Podía comezar dicíndolles que é feo mentir, e que no texto desta moción se afirma que os concellos teñen que pagar ata 30.000 euros pola acometida eléctrica necesaria para a instalación



das antenas cando o certo é que unha busca sinxela no Google permite descubrir que o que hai son axudas da Xunta de ata 30.000 euros por antena, que é bastante diferente.

Incluso podería comezar lembrándolles os seus propios discursos sobre competencias impropias da Deputación, e analizar esa idea de que por un lado está ben plantexarse que non é competencia da Deputación Provincial de Lugo o Museo Provincial de Lugo, pero sen embargo a Deputación Provincial de Lugo si considera que é competente para meterse en temas de telecomunicacións, onde nin a Xunta ten competencias.

Podía empezar dicíndolles estas e outras moitas cousas, pero a verdade é que prefiro comezar dicindo que é unha vergoña que en pleno século XXI haxa zonas en Galicia onde é difícil, e ata imposible, conseguir cobertura para os nosos dispositivos electrónicos, unha carencia que afecta especialmente a entornos rurais.

Por este motivo, e a pesares da absoluta falta de interese do goberno de esquerdas por facer uso das súas competencias nesta materia, e poñer solución a este asunto, a Xunta puxo en marcha un proxecto, xa comunicado á Comisión Europea para a súa aprobación, de axudas ós distintos operadores para que solvante estas deficiencias. Este proxecto, que na moción mencionan torticeramente no texto, obriga á Xunta a garantir fronte á Comisión Europea que se cumpran tódolos requisitos legais, e que non teñamos que levarnos un disgusto en Europa como lle pasa ó bipartito de esquerdas.

En resumo, que fronte a mocións coma esta, que son exemplo de mala política, de política de cara á galería, de incapacidade do bipartito da Deputación de afrontar o traballo diario no marco das súas reais competencias, e da necesidade conseguinte de traer a pleno bombas de fume coma esta que nos ocupa, e tratar de tapar toda esa ineficacia na xestión; que fronte á negativa rotunda do Goberno Central de exercer as súas competencias en beneficio das persoas, contravindo cos feitos o seu falso discurso en sentido contrario, está a xestión dunha Xunta de Galicia que trata de dar respostas ás necesidades da poboación a pesares dos obstáculos que representa a mala política da esquerda que sufrimos. Ou dito doutro xeito, son vostedes moi pouco realistas, moi pouco ambiciosos, moi pouco conscientes da situación real de Galicia neste asunto, e por suposto moi pouco esixentes cun Goberno Central ó que podían pedirlle que exerza as súas competencias

exclusivas en materia de telecomunicacións, e obrigue ós adxudicatarios das poxas do espectro radioelétrico a dar cobertura mínima en toda entidade de poboación, incluso se é inferior a cincocentos habitantes.

E que non é necesario que lle pidan vostedes á Xunta ese punto dous desta moción, pois a Xunta de Galicia, e ó convenio asinado coa FEGAMP me remito, xa mostrou a súa intención de garantir un servizo de calidade para o conxunto do territorio galego, e unha rede de telefonía móbil completa para a totalidade da provincia de Lugo, polo que non deberían perder o tempo nestas cousas senón adicarse a arrimar o ombreiro en beneficio de todos, incluso se non é o Sr. Tomé o que pode tomarse a foto pertinente.

Entendemos pois que esta moción non merece maior intervención nin tempo dos Deputados, dos funcionarios, nin dos cidadáns, e anunciamos que o Grupo Provincial do Partido Popular neste asunto votará en contra, porque manobras orquestrais na escuridade coma esta mellor nin tocalas”.

Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Sr. Poy, a min non me fai falla ler ningún papel para saber unha cousas, non sei que estatísticas dixo pero cobertura de internet e de telefonía móbil hai un montón de sitios no rural onde non a hai, sen ir máis lonxe, por exemplo á casa materna da señora Vicepresidenta, en Tordeas no concello de Castroverde, por poñer un exemplo máis cercano, e calquera pode coñecer xente do rural que ten problemas de conexión telefónica ou de internet, non sei en que mundo vive vostede.

E agora válenlle as competencias, e ademáis a Xunta de Galicia non pode botar balóns fóra, porque Retegal ó mellor é unha empresa pública que ten que dar cobertura a todo o territorio galego, ou iso tamén o inventamos nós?, ou cantos anos gobernou a Xunta de Galicia para que no ano 2020 o que vostede di é que hai que aplaudirle á Xunta de Galicia de que no ano 2020 nos veña cun programa para estender a conexión de internet a todo o territorio?, eu creo que se esa é a súa esixencia á Xunta de Galicia estamos en dous mundos diferentes, iso é evidente que o estamos e que siga así por moito tempo porque non quero estar no seu parámetro ideolóxico.



Polo tanto nós imos votar a favor porque queda moito por avanzar, e se veñen fondos europeos que se destinen cos criterios de territorio e de falta de coberutra, nós estamos a favor; e o rural galego, por moito que presuman, ten moitas eivas, e vostedes teñen moitas competencias que non exercen e outras teñen a esixencia, como Presidente da Xunta, de defendelas. Pero vostede le aí un papel e píntanos un rolo que se desmonta falando con calquera, vostede realmente coñece a alguén que viva no rural de Galicia?, e dinlle que teñen cobertura sen problema?, porque entón vivimos en dous países diferentes.

E non sei porque se senten ofendidos cunha moción que só pide que se redistribúan fondos europeos, que ademáis tamén alude ó Goberno do Estado, vostedes póñense nerviosos por cousas moi estrañas. Nós, como dixen, imos votar a favor porque evidentemente todo o que sexa avanzar, e máis, como dicía o compañeiro do Grupo Socialista, nun momento coma este que incluso para que os nenos e nenas do rural podan seguir a súa formación académica dun xeito similar ós demais ou con igualdade de oportunidades, fai falla conexión de calidade en tódolos puntos do territorio, e non a hai. Polo tanto todo o que sexa avanzar nese sentido vai ter o apoio do Bloque Nacionalista Galego”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Xosé M^a. Arias Fernández, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Escoitado ó Sr. Poy, e cada vez que oio isto eu digo que a Xunta non ten competencias en nada, todas as ten Madrid; de verdade non sei para que está a Xunta de Galicia porque competencias non ten ningunha, fomos os principais perceptores da Unión Europea para o rural a Comunidade Autónoma de Galicia, e seguimos co minifundo e co illamento dixital no rural, non sei que fixeron, quen tiña as competencias?, como se pode estar así en Galicia no ano 2020?.

Mire, señor Poy, non hai que ir ó lugar de onde é a Vicepresidenta, lugar de Torbea en Castroverde, porque non hai máis que saír do Carqueixo para chegar a parroquias do concello de Lugo, que vostede coñecerá, como Roméan, Gondar, Fazai, onde xa non hai cobertura ningunha, e están ó lado de Lugo.

En canto a este convenio hai que pensar moi ben o que se fai, porque nunca houbo un plan da Xunta de Galicia para presentar en Madrid, agora hai unha oportunidade, por iso se fai, para que técnicos de Amtega presenten un traballo exemplar, e non encher de antenas outra vez tódolos lugares para logo crear enfrontamentos cos veciños porque teñen unha antena cerca, por non haber unha planificación de hai anos de colocar antenas como Deus manda nos lugares idóneos, nin iso se fai; faise un convenio agora cos concellos para ver se poñemos unha antena aquí e outra alí, e logo hai outra montaña, isto non é Castilla é Galicia, e moitas veces necesítanse miles de antenas para dar cobertura.

Por tanto haberá que facer un traballo idóneo e unha planificación, sexa Amtega ou sexa quen sexa, coa Xunta de Galicia, para poder optar a estes fondos, e traballar un pouco; o que estou pedindo simplemente é iso, que se faga un plan ben feito porque se pode aproveitar aquí un diñeiro. Pero parece que a Xunta non ten competencias en nada, percibimos os fondos europeos, agora por desgraza imos recibir uns fondos por un problema que xurdiu, pero é un diñeiro que vén para a dixitalización, pois aproveitémolo.

E cando falo de 30.000 euros non falo da subvención, digo que en moitos casos levar a luz a un sitio a algún concello pode custarlle mil euros, dous mil, ou trinta mil; e coas cartiñas que mandan vostedes ós concellos non sei de onde os imos sacar, porque aínda que os teñamos non os podemos gastar, e volveremos atrás unha e outra vez; pero non pasa nada a Galicia escura beneficia ó Partido Popular xa dende hai moitos anos, esa é unha estratexia, canto máis escuros mellor, e canto máis opacos moito mellor, iso téño eu moi claro porque levo en política corenta anos; esa é a política do Partido Popular de Galicia, foino sempre, e Feijóo é un estratega, teño que recoñecer que o é, e nós nin chegamos nin comunicamos ben, e iso é culpa nosa, xa melloraremos para explicarllo á xente”.

Intervén o Sr. Deputado D. Oscar Poy Franco, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Mire señor “poblado fortificado”, voulo volver ler; podía empezar dicindolles estas e outras cousas, pero prefiro empezar dicindo que é unha vergoña que en pleno século XXI aínda haxa zonas en Galicia onde é difícil e ata imposible conseguir cobertura. Isto é o que dixeran na miña



primeira intervención; vostede respostou o que lle dixeron nos coroneis da UPG que ten que dicir, porque aprende as mensaxes de memoria porque non sabe que dicir.

Ninguén negou en ningún momento que haxa problemas de cobertura, incluso aquí ó lado, ten razón o señor Arias, non fai falla ir a outro concello, simplemente se lle negou que non se estea facendo algo para solucionalo, e recordóuselle quen ten as competencias para facelo que é un Goberno que vostedes apoiaron, aínda non saben explicar moi ben porque, porque nada do que dixeron vostedes que tiñan conseguido, cun señor da Coruña que tiña sesenta mil votos, se logrou aínda.

Sr. Arias, ninguén negou tampouco a existencia de competencias da Xunta, esa é outra cuestión que non sei porque repiten, porque a Xunta evidentemente si que ten competencias, de feito o que dixeron foi que no exercicio das súas competencias a Xunta xa está realizando o traballo necesario e oportuno para poder solucionar este asunto, e o que se necesita é a colaboración dos concellos e non as queixas politizadas de aqueles concellos que non teñen a mesma cor cá Xunta aínda que quixeran tela gobernado”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Sr. Poy, eu voulle dar unha recomendación, non sei se llo escriben ou se o fai vostede, pero cando le alo menos non falte ó respecto e non diga algunha cousa que non sei como tildala. Polo tanto mellor cando le, porque senón cando se vai ó seu o que fai aquí é embarrar un debate e dicir unha serie de tonterías como cambiarme o meu apelido, pero se a vostede lle fai graza apúntese ó clube da comedia.

Creo que esta moción é construtiva, e non sei porque se pon nervioso porque vostede só está aquí para embarrar os debates, e podemos falar do que sexa porque vostede está aquí para vir con ese ton macarra traído do estilo de Madrid, e aquí élle mellor outro estilo porque moitos galegos somos diferentes e non nos gusta ese estilo, que non sei se lle fai graza a vostede pero aquí non lle pega, e os debates desta Deputación adoitan ser bastante ordenados e con respecto, que

vostede non demostra. Así que creo que é mellor cando le porque podemos estar de acordo ou non, pero alo menos non falta ó respecto e non di tonterías.

E volvendo ó asunto que estamos tratando, que é o interesante, creo que esta moción, que ademáis alude ós dous Gobernos que teñen competencias neste territorio, é unha moción propositiva e que todos estamos de acordo en que temos que avanzar na dixitalización, e que cheguen a tódolos fogares de Galicia os medios dixitais; e vostede, como non lle vai iso de falar de temas serios, veu con ese estilo macarra, pois nós non llo imos comprar, siga así se quere, ó mellor quere saltar ó verde, pero faga como queira, pero aquí preferimos outro estilo”.

Intervén o Sr. Deputado D. Xosé M^a. Arias Fernández, en representación do Grupo Provincial Socialista, quen manifesta o seguinte:

“Eu pediríalles unha vez máis que apoien a moción porque ten un sentido; creo que debemos traballar todos pola dixitalización.

E o que non podo entender é que Pedro Sánchez tamén teña a culpa da dixitalización, están vostedes obsesionados, cando ata hai pouco estivo Rajoy ali sentado sete anos e a dixitalización era cero; levan corenta anos gobernando coincidindo con Aznar e con Rajoy e seguimos igual; a Xunta de Galicia non ten competencias en nada, e agora resulta que o problema da dixitalización é de Pedro Sánchez, e onde estaba a cobertura hai catro días cando estaba Rajoy?, seguimos sen ela e con este convenio imos seguir igual con zonas escuras, e non hai máis ca saír ó lado de Lugo, non hai un plan para dixitalizar Galicia, para poñer antenas como Deus manda e non antenas cada quilómetro molestando ós veciños, indo ós xulgados, esa pelexa é o que lle interesou sempre á Xunta de Galicia”.

Rematado o debate, efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada.



8.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG SOBRE A UTILIZACIÓN DOS FONDOS MUNICIPAIS POR PARTE DO GOBERNO DO ESTADO.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“Exposición de Motivos:

Ante a situación de incertidume que se está a xerar nas Administracións locais galegas, desde o BNG manifestamos o noso profundo rexeitamento a calquera tentativa de incautación ou bloqueo dos fondos municipais por parte do Estado, xa que as necesidades estatais non poden anular as necesidades locais.

Sorprendeunos que este venres pasado a FEMP convocase unha xuntanza extraordinaria da súa Xunta de Goberno para presentar e aprobar un acordo entre o goberno de España e a FEMP para, segundo consta textualmente na convocatoria, “contribuir desde los municipios a desarrollar una movilidad sostenible, la agenda urbana y políticas de cuidados y apoyo a la cultura”. Baixo este eufemismo, o que este acordo agocha non é nin máis nin menos que que o estado faga unha operación para dotarse de liquidez a consta dos remanentes municipais. (Estamos falando de que a cantidade de remanentes das entidades locais galegas estímase nuns 890 millóns de euros).

A reacción de rexeitamento xeneralizado fixo que o presidente da FEMP se vira na obriga de suspender a Xunta de Goberno na que pretendía ditaminar este acordo.

A escusa do ministerio para xustificar esta proposta en base a imposibilidade de incumplir a lei de estabilidade, a chamada lei Montoro, e que así non lle computa aos concellos como déficit, é un insulto a intelixencia. A Comisión europea acordou flexibilizar a limitación de endebedamento dos estados como consecuencia da crise da COVID. Os Estados van poder incrementar a débeda, mais segundo a interpretación do ministerio a única administración que vai poder incrementar a débeda é a Administración Xeral do Estado. A Administración Local non debe ser Estado e non vai poder incrementar a débeda, malia supor no caso de Galiza un 0,3% do PIB galego, e estar o límite no 3%.

En calquera caso, é fundamental garantir que a posibilidade de utilización de fondos ou de endebedamento por parte dos concellos non sexa utilizada por outras Administracións para buscar financiamento ou para que as entidades locais a asuman máis competencias impropias; cargando así sobre elas o custo de servizos que non poden nin deben ser asumidos.

Esta é unha vella demanda do municipalismo galego, e así quedou reflectido nos relatorios aprobados na asemblea xeral da FEGAMP celebrada no mes de novembro pasado e na que por unanimidade se acordou “Demandar a flexibilización de utilización do remanente e superávit a calquera tipo de inversión que redunde en beneficio da comunidade, estendendo o ámbito temporal de aplicación e considerando a posibilidade de poder aplicar parte do mesmo en gasto corrente.”

Polo exposto con anterioridade, o Grupo do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo, logo de someter a debate esta moción, propón a adopción polo Pleno desta Deputación de Lugo dos seguintes acordos:

1. Instar á Xunta de Galiza a solicitar do goberno español a derogación da Lei de 2/2012 de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira para permitir ás entidades locais atender as competencias propias con cargo aos remanentes e/ou superávit, así como ampliar a capacidade de endebedamento das Administracións locais para afrontar os ditos gastos.
2. Que a interlocución do goberno do estado cos concellos galegos se estableza a través da FEGAMP, entidade na que están representados a totalidade dos concellos galegos e as catro deputacións provinciais.
3. Manifestar a firme oposición da corporación provincial a proposta presentada polo estado para facerse cos fondos das Administracións Locais”.

Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:



“Esta é unha iniciativa sinxela, que vén expoñer aquí no pleno da Deputación o malestar e a preocupación ou o enfado de moitas entidades locais de Galicia, incluso de diferentes cores políticas, pola sorpresa, aínda que non foi sorpresa de todo porque xa se lanzaran globo sondas e de feito tense debatido nesta Deputación, pero o venres pasado a xuntanza na FEMP trouxose unha proposta que era “contribuir desde los municipios a desarrollar una movilidad sostenible, la agenda urbana y políticas de cuidados y apoyo a la cultura”; pero baixo ese eufemismo o que había era a incautación de 890 millóns de euros do aforro das entidades locais de Galicia, tanto concellos como Deputacións.

Nós nesta Deputación xa manifestamos estar en contra desa intención que daquela se nos dicía, pero agora que xa se puxeron as cartas sobre a mesa estamos completamente en contra de que se intente ir por aí; e o Ministerio intentou xustificar esta petición como que era unha estratexia para que os concellos non tiveran déficit e que se flexibilizara a regra de gasto; nós tamén pedimos a derogación desa Lei Montoro porque ademáis nos concellos de Galicia e nas entidades locais a débeda só está nun 0,3 e o límite é un 3% do PIB galego.

Polo tanto cremos que dende aquí hai que manifestar a oposición a que eses fondos vaian parar ó Estado; os concellos teñen moitas necesidades e están infra financiados, e agora coa crise necesitan facer fronte a moitos novos gastos que antes desta crise non había, e polo tanto cremos que eses fondos do aforro e da boa xestión das entidades públicas galegas deben quedar aí e que se debe flexibilizar a lexislación para que o podan gastar os concellos e as Deputacións galegas.

Isto xa estaba bastante debatido en anteriores plenos, e o que queremos é que non se incauten por parte do Estado eses 890 millóns de euros, e que se flexibilice ou que se derogue a Lei Montoro; cando falamos de flexibilizar é que non haxa eses límites para o concello, se algún Grupo se sente máis cómodo dese xeito, se se derogan eses aspectos lesivos para que os concellos podan utilizar os remanentes e superávit pois é o que queremos propoñer con isto.

Polo tanto pedimos o apoio de tódolos Grupos deste Pleno a esta iniciativa”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Agustín Baamonde Díaz, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“Efectivamente xa hai dous meses falabamos deste tema, hoxe volvémoslo traer a colación; eu teño que dicirlle, Sr. Castro, que se o que busca vostede é o apoio do Grupo Provincial Popular a esta iniciativa para mostrar o rexeitamento á apropiación dos fondos das Entidades Locais teno sen ningunha dúbida, teno explícito, teno expreso, e teno con tódalas garantías do mundo. En primeiro lugar porque a pretensión do Goberno Central en principio é descabellada, é un atropelo, eu diría que ata humillante para as Corporacións Locais e para as Entidades Locais, só se pode explicar partindo de que a situación económica posterior á pandemia ten que presentar para o Goberno caracteres tan catastróficos que se vexa na necesidade de incautar os fondos de todo o mundo para tratar de facerlle fronte.

Pero aínda admitindo que as entidades locais tamén deben facer o seu esforzo e participar nese esforzo de reconstrución, nós apoiamos a iniciativa porque entendemos que esa participación das entidades locais debe facerse sempre dende o respecto á autonomía local, dende o respecto á súa competencia como mellor coñecedor ca ninguén de cales son os recursos e a maneira de aplicar os recursos ás persoas dos respectivos municipios ou entes locais, e tamén dende o respecto ás persoas que xestionan esa administración que tamén coñecen mellor ca ninguén as necesidades a onde deben aplicarse eses recursos.

Polo tanto, Sr. Castro, se vostede o que quere é ese apoio nós expresamente llo damos con alegría e con confianza. Pero, igual que ocorreu hai dous meses, Sr. Castro, o Bloque Nacionalista Provincial é especialista en presentar mocións ou iniciativas perfectamente asumibles, que as enreda con estrambotes que fan difícil chegar a acordos. Se vostede quere defender o municipalismo, Sr. Castro, adiante, pero eu dígolle unha cousa, incluso a súa moción queda curta, é unha moción rañicas, é unha moción pobre, nese sentido non chega con expresar o malestar respecto do Goberno Central, hai que ir máis lonxe, hai que pedirlle ó Goberno Central que recoñeza o esforzo que xa están facendo as entidades locais na loita contra o Covid, cousa que aínda non fixo expresamente nunca.

Hai que pedirlle ó Goberno Central que asigne recursos tamén ás entidades locais para facer fronte á desfeita que nos seus ingresos e nos seus gastos lle está a causar a loita contra o Covid, moi singularmente na participación neses fondos europeos que se van recibir. Hai que



insistir na prórroga dos prazos porque a suspensión do estado de alarma impide lóxicamente a execución das inversións nos momentos oportunos. E naturalmente hai que solicitar maior capacidade de endebedamento e liberdade para a aplicación de remanentes.

Nós non utilizamos a vía da derogación da Lei de Estabilidade, xa falamos dela no pleno anterior, senón a flexibilización da regra de gasto e das outras normas que permitan a utilización deses remanentes, porque ir á derogación da Lei significa complicación que lle dá armas ó Goberno Central na súa teima.

Pero, Sr. Castro, a flexibilización non o digo eu, dino as propias conclusións da Comisión para a Reconstrución, do Congreso dos Deputados, optan non pola derogación da Lei senón pola flexibilización dos seus elementos.

E, Sr. Castro, se vostede quere defender o municipalismo ás entidades locais, eu pídolle claridade e valentía; dicíao a Sra. Porto, hai que apuntar a quen ten as responsabilidades, aquí a responsabilidade a quen lle corresponde é ó Goberno Central que é o que ten a tixola polo mango, e que é o que quere incautar os fondos.

E explíqueme entón, agás que eu teña problemas de xeografía, porque razón para ir dende Lugo a Madrid hai que dar unha reviravolta por Santiago e implicar á Xunta de Galicia neste problema dunha reclamación do municipalismo a nivel xeral. E explíqueme porque hai que converter á FEGAMP, e todo o noso respecto á FEGAMP como elemento canalizador do municipalismo galego, que ten mecanismos suficientes para comunicarse coa FEMP e para comunicarse tamén co Goberno Central, pero porque hai que constituílo en órgano de soberanía nacional?.

A min, señor Castro, dame a impresión de que hai dúas persoa que se seguen este debate vanlle reñer; un é a señora Pontón, que acaba de obter un éxito electoral rotundo rompendo co tópico do nacionalismo de lugar acasado do Bloque, e reivindicando un Partido capaz de sintonizar coa sociedade galega, de defender os intereses de Galicia máis aló da súa identidade. Outro é o señor Rego, que acaba de presentar unha iniciativa similar no Congreso dos Deputados, e

quedará estupefacto vendo como vostede di que non é o Sr. Rego senón que debe ser a Xunta a que pida a derogación desa normativa.

Por iso, Sr. Castro, nós queremos apoiar a súa moción, e eu pídolle que retire eses elementos que son puramente accesorios e puramente de complicación; incluso vou máis aló, se non o quere facer respecto a súa decisión, déixenos votala por puntos para que quede ben claro o apoio do Partido Popular a esta iniciativa; se non o quere facer así está claro, señor Castro, que vostede non vén aquí defender o municipalismo, vén aquí utilizar o municipalismo para defender o nacionalismo máis rancio, e nós con iso si que non podemos estar de acordo”.

Intervén o Sr. Presidente, no seguinte sentido:

“Sr. Baamonde, para defender xa está vostede; pero non vai ser a señora Porto a que lle dea contestación senón que vai ser dona Mayra”.

A continuación intervén a Sra. Deputada D^a. Mayra García Bermúdez, en representación do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Dende o Grupo Provincial Socialista imos apoiar esta moción, porque dende este Grupo defendemos esa autonomía municipal que reivindicamos tódolos Grupos. Somos as administracións públicas que mellor cumprimos, que menos endebedamento temos, pero tamén as que mais investimos precisamente en achegarlle servizos e atender as necesidades dos nosos veciños; porque efectivamente somos os concellos esa primeira porta á que poden chamar.

Tamén somos xeradores de emprego de forma directa e indirecta levando a cabo moitas obras, infraestruturas e investimentos, e elo contribúe sen dúbida a dinamizar a economía dos nosos concellos e tamén a que mellore a economía das pequenas e medianas empresas que precisamente neste momento peor o están a pasar.

Polo tanto entendemos que os remanentes dos concellos son dos concellos e por tanto somos nós quen de utilizalos precisamente para mellorar a calidade de vida dos nosos veciños; é certo que a Lei de Estabilidade Orzamentaria encorseta ós concellos e non nos permite dispoñer



dos recursos que temos en moitos casos para atender ás necesidades e ás competencias propias con cargo ós remanentes, e polo tanto obviamente imos estar a favor de que se modifique esta Lei ou da súa derogación, que por certo saben vostedes tamén que é preciso para a modificación desta Lei unha maioría absoluta que agora o Goberno non ten.

Aínda así, dende este Grupo manifestamos o apoio á proposta presentada polo Bloque Nacionalista Galego”.

Seguidaemnte intrvén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Sr. Baamonde, nós imos manter a moción tal e como está, e algunhas preguntas das que fixo podo responderllas. Nós pedimos que sexa a FEGAMP a interlocutora dos concellos porque non é algo que digamos os nacionalistas, Galicia nas súas entidades locais é moi diferente a calquera outra autonomía ou nacionalidade deste Estado, temos case tantos concellos coma o resto do Estado.

Polo tanto moitas veces nesa interlocución non se ten en conta esa diferenciación que hai en Galicia, hai que tratar esas entidades que son diferentes con formas diferentes; e cando non é así vemos como moitas veces as decisións dende Madrid cando goberna o Partido Popular ou cando goberna o Partido Socialista os criterios prexudícanos ós concellos galegos, e vese como recibimos moitos menos fondos do Estado, porque todos eses criterios non teñen en conta a visión galega. Polo tanto neste caso é unha das formas de que esta visión poda chegar aquí.

E por outra parte se non incauta os fondos o Estado pero os Concellos e as Deputacións non o poden gastar, é case o mesmo, pero alo menos o Estado ó mellor os utilizaba para algo. E nós o que dicimos é que necesitan esas entidades poder dispoñer dese diñeiro, non é que necesiten telo nunha conta bancaria bloqueado por unha Lei, polo tanto é necesario que esa Lei non exista para que os concellos podan retirala.

Non imos aceptar porque, como vostede ben dixo, nós no Parlamento de Madrid xa propuxemos a derogación a través do noso Deputado, polo tanto nós temos unha unidade de

acción e imos manter esa. Así que a moción é moi clara, non é nada do que dixo vostede senón que é apoiar o municipalismo galego, e polo tanto poden apoiala, absterse, ou teñen liberdade para decidir o seu voto, pero nós non imos modificar a moción”.

Intervén o Sr. Deputado D. Agustín Baamonde Díaz, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Eu escoito ós voceiros do equipo de goberno e non acabo de entender moi ben a posición final, si que entendo o plantexamento pero non a posición final; se o que se busca é o consenso de tódalas forzas políticas nunha posición común fronte a unha actuación que non nos parece correcta, o que me parece absurdo é que por cuestións de mínimo calado non se poda chegar a ese acordo.

A señora voceira do Grupo Socialista non fixo referencia ningunha á necesidade de porque hai que contar coa Xunta de Galicia para a derogación da Lei de Estabilidade Orzamentaria, nin tampouco a esa necesidade de converter a FEGAMP nun elemento de soberanía. Eu entendo que para o fin que estamos perseguindo non fai falla absolutamente para nada esa apelación señor Castro.

A modificación ou derogación da Lei de Estabilidade Orzamentaria, non é o mesmo e parecido, o efecto que se pode conseguir é un efecto práctico de sacar adiante o interese ou de non sacalo adiante, a derogación da Lei plantexa un problema importante, un problema formal de tramitación no Congreso, co retraso correspondente; pero tamén a necesidade de aprobar unha nova Lei que recolla os aspectos positivos que tamén ten a Lei de Estabilidade Orzamentaria que permitiu, entre outras cousas, reducir o déficit público, embridar o gasto excesivo en moitos casos das Administracións Públicas, e que deu resultado satisfactorio. Si que ten ese inconvinte de que embrida agora a actuación das Corporacións Locais.

A solución é a modificación, a propia Comisión de Reconstrución, do Congreso, o recoñece así e aposta por esa solución, qué problema hai polo tanto para admitir esa circunstancia e non ter que optar pola derogación?.



O que eu me temo que para facer o banquete da comunión hai que romper a hucha do neno, agora que o Estado central teña que acudir a un préstamo das Entidades Locais fai pensar que a situación que vén é tan terrorífica que nos podemos poñer a tremer. Imaxino que detrás disto veñan os recortes dos funcionarios, virán os das pensións, virán as subas de impostos, e todas esas outras circunstancias.

Por iso, señor Castro, nós cremos que debemos facer fronte común, que debemos facilitar a actuación das Corporacións e de tódalas entidades locais, pero o que non debemos facer é enredarnos en cuestións identitarias de nacionalismo, que a señora Pontón chama a superar, e que vostede quere poñer aquí como enredo para que nós non votemos a súa iniciativa. Explíqueme porque temos que pedirle á Xunta que derogue a Lei de Estabilidade Orzamentaria?, con todo o respecto para a FEGAMP, cre vostede que a interlocución a nivel nacional o estado central a vai establecer con cadaunha das dezasete Comunidades Autónomas?, vai haber entón unha flexibilización da Lei Presupostaria para os concellos galegos, outra para os andaluces, ou outra para os cataláns?, iso non ten sentido señor Castro. Eu creo que aquí debemos defender o municipalismo cun criterio único e non enredar para non chegar a solucións”.

A continuación intervén a Sra. Deputada D^a. Mayra García Bermúdez, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Nós, con independencia dos matices que poida haber no texto da moción, pésanos máis precisamente manifestar ese apoio que entendemos que debería ser unánime para defender o municipalismo galego.

E dicir tamén que non veñan coa política do medo, en todo caso as propostas que hai enriba da mesa preven que de xeito voluntario os concellos podan transferir eses remanentes ó Goberno, e que á súa vez o Goberno llelos vai transferir ós concellos ata un 35% como mínimo ata os cinco mil millóns.

Entonces dende o noso Grupo, con independencia de que poida haber matices que modificaríamos, imos apoiar esta moción porque queremos manifestar o noso posicionamento a favor de que sexamos os concellos os que dispoñamos dos nosos remanentes”.

Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Nós imos deixar a moción tal e como está, e se vostedes están preocupados por iso puideron traer a súa iniciativa; a proposta do BNG é clara, non trae ningunha proposta que rompa as costuras do Estado senón de respecto ás institucións galegas, e que se teña en conta esa especificidade que, aínda que non sexa nacionalista, estará de acordo comigo en que en nada se parecen os entes locais galegos ós do resto do Estado, iso é estatística, e niso pode estar de acordo comigo perfectamente.

Polo tanto nós buscamos o consenso pero coa nosa moción, vostedes presentan as súas mocións e nós as nosas, non ten máis que debater o tema. Imos deixala tal e como está, e evidentemente aquí o que nos preocupa a todos e a tódolos concellos é que se produza ese incautamento de fondos que non nos parece xusto aínda que, como dicía, ó mellor hai que facer algún axuste dalgún xeito, pero non cremos que deban ser sempre as entidades locais as que paguen o pato das crises”.

Pide a palabra o Sr. Deputado D. Agustín Baamonde Díaz, membro do Grupo Provincial do Partido Popular, séndolle concedida pola Presidencia, para dicir o seguinte:

“Eu pedíalle ó Sr. Castro unha votación por puntos”.

Por parte do Sr. Presidente maniféstase ó Sr. Baamonde que o voceiro do BNG xa lle respostou dicíndolle que a moción a deixan como está redactada.

Rematado o debate, efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada.



9.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR PARA RECLAMAR UN PLAN PROVINCIAL URGENTE DE REACTIVACIÓN ECONÓMICA E PROMOCIÓN DA MARIÑA.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do Partido Popular a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

Exposición de Motivos:

A imaxe da Mariña lucense e, ao mesmo tempo, á actividade e expectativas dos profesionais do sector turístico, comercial e hostaleiro desta comarca resultaron danadas nas pasadas semanas, coincidindo coa campaña electoral, polo mal uso que fixeron das institucións os gobernantes nacionalistas e socialistas, tanto nos concellos mariñáns como na propia Deputación.

As declaracións de dirixentes destas formacións políticas, absolutamente desproporcionadas e alarmistas, nas que se poñía en dúbida a seguridade da veciñanza da Mariña e dos turistas que nese momento se atopaban na comarca disfrutando da nova normalidade, crearon unha situación moi negativa desde o punto de vista turístico e comercial en plena fase de reactivación da economía da comarca.

En particular, o uso electoralista e partidista do brote de covid-19 na Mariña afectou aos intereses de moita xente que tiña, e aínda ten, a esperanza de que o verán, a pesar de ser atípico, puidera corrixir en parte os momentos críticos que pasamos durante a alarma sanitaria e o confinamento, contribuíndo deste xeito a minimizar a crise económica e social conseguinte.

Os responsables institucionais teñen que poñer o interese común por enriba dos de partido ou dos intereses electorais, algo que non souberon ou non quixeron facer socialistas e nacionalistas.

Pola contra, fixeron un uso partidista das institucións para tratar de alarmar dicindo que non se daban as condicións necesarias para votar, afirmación a partir da que se podía interpretar, como de feito así fixo moita xente, que se non se podía votar tamén era posible que non resultara seguro facer outras actividades.

Deste xeito, desmotivouse absolutamente aos turistas, que acabaron evitando ou cancelando a súa estancia na Mariña; e desmotivouse tamén aos propios veciños da Mariña, que se retraeron ao seus fogares.

Dende este Grupo cremos que é necesario impulsar medidas para superar canto antes a situación creada e facelo ademais desde todas as administracións -e polo tanto tamén desde Deputación de Lugo- para contribuír á reactivación económica da comarca mariñá e a recuperación da súa imaxe.

Outras administracións, como é o caso da Xunta de Galicia, logo de manter contactos cos principais axentes comerciais e turísticos da bisbarra e facerse eco das súas demandas, consensuaron un plan de choque con medidas inmediatas dirixidas a facer fronte á situación de incerteza dos profesionais do sector turístico, comercial e hostaleiro da zona e a recuperar a confianza dos viaxeiros.

O Goberno galego puxo en marcha medidas específicas de impulso á promoción e reactivación da demanda que podíamos resumir en catro iniciativas inmediatas:

- en primeiro lugar, a Xunta duplicará as axudas directas ao xeodestino para crear produtos que reforcen A Mariña lucense como destino seguro;
- en segundo lugar, impulsará co Resurrection Fest, unha marca-acontecemento con capacidade de atracción turística nacional e internacional de primeira orde, iniciativas que dinamicen o consumo e proxecten á imaxe de Lugo;
- en terceiro lugar proporán ao Goberno central que A Mariña se converta no primeiro destino galego cun Plan de Sustentabilidade Turística, cunha participación directa da CCAA;
- e finalmente, a Xunta levará a cabo accións culturais que sexan quen de xerar impacto con referentes patrimoniais como o Museo de Sargadelos.

A Deputación, tamén, ten a obriga de impulsar un plan específico de apoio á Mariña lucense, sobre todo tendo en conta a responsabilidade directa dos partidos políticos que conforman



o Goberno provincial, en particular, da manipulación que intentaron facer por motivos electorais da crise da covid-19.

A Deputación ten a obriga de traballar para compensar o dano causado polo goberno provincial e para elo debe levar a cabo un plan para o relanzamento da Mariña, tanto mediante unha decidida promoción turística, como mediante a mellora en profundidade das infraestruturas da comarca da súa competencia (pavimentación e sinalización)., como por exemplo é o caso da estrada LU – P - 0610 que da servizo, entre outras, á praia de Fontela, na parroquia de San Pedro de Benquerencia (que tamén da acceso a praia das Catedrais) e na que a institución provincial, como mal remedio, aínda está empezando agora a tapar as fochancas o que supón un remendo vergoñento para saír do paso.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular eleva ao pleno da corporación provincial a presente moción e propón a aprobación do seguinte acordo:

Que a Deputación provincial de Lugo deseñe, aprobe e execute un plan provincial urxente de reactivación económica e promoción da Mariña que inclúa a:

- Recuperación da imaxe da Mariña e, en particular, reforzala como destino turístico seguro.
- Promoción turística intensiva.
- Mellora nas inversións especialmente no eido turístico e nas estradas, ámbitos nos que ten competencias o goberno provincial”.

Intervén o Sr. Deputado D. José Jesús Novo Martínez, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Vou perder un momento do tempo da miña moción para respostar a algo que dixo o Presidente. En primeiro lugar pido desculpas por ter falado no momento que non correspondía. Pero dígolle algo, eu son unha persoa que se quenta moito, aínda que só verbalmente, e non admito que se conten mentiras, e dígollo directamente. Ten vostede aí unhas compañeiras e saben perfectamente que dende o día 5 de xullo, que precisamente foi un domingo, estivo tódolos días o Conselleiro nas reunións telemáticas, agás en dúas, polo tanto non diga vostede que manda outra

xente; polo tanto mentiu, e iso non se debe facer porque antes haberá que informarse, e dígollo con bo sentido. E repito que me desculpe porque me quento moito e se non me quentara tanto igual chegaba a Presidente da Deputación.

E tamén lle quero corrixir ó meu compañeiro Poy que o dos 60.000 votos non é da Coruña senón que é do Vicedo.

E, aproveitando que me deixan falar, tamén lle pido un rogo, que é se podemos poñer o marcador na ventá porque dende aquí non se ve ben e non podo controlar o tempo.

Con respecto á moción, non sei se a redacción da moción que teñen aí vai exactamente ben, pero si que se me vai entender no que eu vou dicir. Como ben saben todos, e sobre todo as Deputadas María, Mayra e Mónica, que son da Mariña, estivemos pasando uns momentos moi difíciles na Mariña; saben que a Mariña vive de xeito importante do turismo, da grande cantidade de xente que nos visita, ben sexa polo seu atractivo ou ben sexa pola restauración, ou por diversos motivos.

Eu creo persoalmente, e penso que non me equivoco, que houbo un gran cambio nesas reunións diarias que faciamos; houbo un gran cambio dende “antes de..” a “despois de..”; por certo, tamén lle quero recordar en termos futboleros que lle gustan a vostede, recorde que vostede díxome antes das eleccións que había que xogar o partido, pois agora rematou o partido.

Entonces tivemos momentos críticos e dende logo houbo un gran cambio dende a campaña electoral ata despois das eleccións; eu creo que ese problema que tivemos non nos favoreceu en absoluto á xente da Mariña, ó comercio, á hostelería, e a todo tipo de xente que vive sobre todo do turismo. Non é posible que un grupo de Alcaldes, por certo do PSOE e do BNG, no concello de Foz suban a unha escada, quiten unha foto, e fagan un manifesto onde din que non se pode ir votar, que se deben aprazar as eleccións porque está o tema moi perigoso; pois se non se pode ir votar tampouco poderemos chamar ó turismo, nin tampouco podemos permitir que veña xente de fóra, como así foi en certos momentos que estivemos confinados. Creo que foi un erro político, posto que, como di tamén algún compañeiro desta Deputación, vimos aquí facer política, pero eu o que pido hoxe é que usemos un pouquiño o sentido común porque non só é facer política.



O que pido hoxe é que para a Mariña non se teña que habilitar unha partida específica, posto que para determinadas cousas vostedes poden usar o remanente ou non, para axudar, senón que se fagan actuacións na Mariña como pode ser o arranxo de estradas sobre todo da praia, como pode ser tamén o desbroce; mire, Sr. Presidente, posto que lle toca a vostede porque é o encargado da Área, direille que no concello do Vicedo ningunha carretera que vai á praia foi desbrozada aínda por esta Deputación. Eu son amigo do Alcalde de Ourol, porque estudamos xuntos e levámonos moi ben, e me parece que non é xusto, e sen desprezar a ninguén, que desbrocen primeiro en Ourol ca nas estradas que van á praia do Vicedo, creo que iso non é xusto. Se tratamos así ás nosas praias, que non só é unha inversión é unha rendibilidade para a Mariña, xa me dirá vostede que estamos apoiando!.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Ó noso Grupo o que lle parece esta moción é un brindé ó sol, porque non nos queda claro exactamente que é o que queren facer na Mariña máis ca un destino turístico, que xa o é, a Mariña é un destino turístico porque é dos sitios máis bonitos do Estado e coas mellores praias, e iso é un valor que ten e que vai seguir tendo.

Na moción non queda claro exactamente o que queren facer, e tampouco cremos que sexa o momento de fiar todo ó turismo, porque estamos atados, non só os da Mariña senón todos, a que saia un rebrote e nos bote todo por terra; agora mesmo está todo o Estado español preocupado polas decisións doutros Partidos; ou incluso falan como efecto de dinamización dun festival que xa está máis que consolidado e que, se se da a situación sanitaria, vai seguir estando aí, pero agora mesmo parece que os macrofestivais non é o primeiro que se vai autorizar na nosa axenda, parece que non estamos no momento de que iso sexan os motores económicos.

Polo tanto eu creo que a Mariña o que ten é un problema de industria, porque son empresas como Costiña, como Hermida, como Alcoa agora, que non reaccionamos, e iso é o que lle está pasando á Mariña, ese é realmente o problema; porque no turístico pode ser estacional e con este tema do coronavirus evidentemente sofren os golpes dun rebrote, que pode sufrir esa zona ou

calquera outra. Pero a Mariña vai ser sempre un destino turístico que á xente lle encanta por todas esas virtudes que tódolos que estamos aquí coñecemos, por tanto iso sempre o vai ter.

Pero é que nós non entendemos a moción, e realmente o que lle preocupa á Mariña é esa desindustrialización, que é o que non é estacional, o que non entra nestas crises, gopean tan duro, e o que xera e fixa poboación no traballo en toda a comarca da Mariña. De feito o noso Partido practicamente tódolos anos presenta emendas para os Orzamentos da Xunta para que faga un plan de reindustrialización e de inversións na Mariña, que sempre vota en contra o Partido Popular.

E agora vén unha moción que nós non somos capaces de entender máis ca de publicidade como destino turístico, que estamos de acordo, pero é que iso xa o ten; e cremos que o problema que ten a Mariña é esa desindustrialización. Polo tanto pensamos que hai que apuntar máis cara outro lado, como é Alcoa hoxe, como ter evitado peches e fugas como as de Costiña ou Hermida; e nós non conseguimos entender que iso vaia reactivar a Mariña hoxe en día; porque un brote acaba co turismo estacional desa tempada na Mariña ou en Marbella, e iso non o pode controlar nin a Xunta de Galicia, nin o Goberno do Estado, nin o Goberno desta Deputación.

Despois falaba de alarmismo, pois confinou a Mariña a Xunta de Galicia, algo estaría pasando alí, e incluso teñen unha Sentenza do Contencioso onde lle reconece que mentiron nos datos que había na Mariña; eu non sei se eran as declaracións dos Alcaldes ou o que era, pero era de sentido común tratar de controlar un brote porque senón o que estaría hoxe en día a Mariña se non tivera habido prudencia e non se tiveran levantado voces contra eses que dicían que non pasaba nada, estaría a Mariña cun brote incontrolado, vostedes non querían reaccionar e tiveron que facelo pola responsabilidade dos Alcaldes que vian que había que controlar ese brote.

Por tanto traían propostas serias para a Mariña onde podan reactivar a economía, e non isto que nin sequera entendemos exactamente o que queren porque non o explican”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:



“O certo é, señor Novo, que á vista desta moción, a diferenza do que lle aconteceu ó compañeiro Efrén, eu creo que si entendo por onde veñen os tiros; vostedes seguen a mesma liña argumental que tiveron durante todo o pleno, que é poñerlle deberes a quen non ten as competencias. E eu si que lle agradezo sinceramente o esforzo que fixo vostede por intentar centrar esta moción, porque a verdade é que viña con esa liña argumental e non foi doado. Eu entendo o seu esforzo.

Pero levamos todo o pleno falando de cuestións nas que a Xunta de Galicia ten competencias claras, como é sanidade, como é industria; agora vostedes falan aquí dun plan para a Mariña, falamos de Alcoa hai un momento, falamos de dixitalización, fala vostede agora de turismo, claros exemplos neste pleno nos que a Deputación, por suposto, pode ser parte pero non pode ser o todo, aquí o todo hai que poñerllo ó Sr. Feijóo e á Xunta de Galicia; e na Mariña o certo é que nos once anos que leva gobernando o Partido Popular na Xunta de Galicia aínda nunca vimos nin sequera o esbozo dun plan de industrialización para esta comarca, e deses polvos agora veñen estes lodos.

Como lle digo, eu agradézolle o esforzo, pero ante nós atopamos unha moción que non ten un contido real, interesante, só é un ataque irreflexivo por parte dos representantes do Partido Popular que veñen máis a facer nalgúns casos autopromoción, e noutros casos de barreira ou escudo protector do desgobierno co que se actúa na Xunta de Galicia. Eu agradézolle o temple, porque hai que ter temple para vir e presentarse neste Salón de Plenos a reclamar un plan de reactivación provincial para a Mariña, cando a Xunta de Galicia leva dez anos sen facer nada para o desenvolvemento da zona, e sobre todo despois das últimas promesas electorais de Feijóo que, eu non son da Mariña, a verdade é que me poñían a pel de galiña velas porque iso de que “*si gano las elecciones voy a poner las soluciones a Alcoa*”, e outras moitas, a verdade é que poñen a pel de galiña porque sabíamos que eran simples promesas electorais.

Eu creo que vostedes teñen que centrarse nos asuntos importantes, e nesta moción, que eu entendo que probablemente non elaborou vostede na súa totalidade, hai certa pobreza de ideas, e tamén algunha falta de matización. Veñen con catro medidas na parte expositiva, que supoño que son as que lles pasan dende San Caetano para a moción, que veñen recollidas no texto da moción; unha delas non é unha medida en si senón que é unha proposta para que o Goberno Central faga

para a Mariña un plan de sustentabilidade turística, é dicir, unha vez máis o mesmo, “que o fagan outros”.

E mire, a Xunta de Galicia nese caso si que ten un papel fundamental que é recoller os plans que lle presenta a Administración Local, os concellos, en colaboración ou non coa Deputación, recollelos e presentalos ante o Goberno Central. E neste caso o Conselleiro veu á Mariña, seguramente o sabe vostede moito mellor ca min, ata onde eu sei, non se xuntou cos Alcaldes para preguntarlles que tiñan que dicir sobre este plan de sustentabilidade turística, dende logo coa Deputación de Lugo, que podería aportar a cantidade que lle corresponde ós concellos non estableceu ningún tipo de contacto, a contarlle ós empresarios e a quen puxera a orella que ían facer un plan de sustentabilidade turística cando en realidade o que van facer en todo caso é levar unha proposta ó Goberno Central e poñer unha parte da contía económica.

Pero vostedes falan de máis medidas; falan doutras que son futuribles, por exemplo, a Xunta di que vai duplicar as axudas para crear produtos turísticos, é dicir a Xunta non vai facer produtos turísticos, a Xunta vai agardar se hai iniciativa privada que pida axudas, e no caso de que as pida se non chegan as que hai xa dispoñibles, como todos os anos, farán o esforzo de dispoñer máis, en caso de que isto suceda.

Tamén nos plantexan outra cuestión, que é algo que ademáis nós compartimos, porque esta Institución foi a nai dese festival, do Resurrection Fest, e vostedes veñen aquí dicir que se poda celebrar, en verdade non sei moi ben o que veñen dicir, pero o que si teño claro é que o Resurrection sen o apoio incondicional desta Institución ó longo dos anos non existiría, a Xunta de Galicia sumouse nos cinco últimos, como considerou, evidentemente nós non lle imos marcar o ritmo a outra Institución.

E a cuarta déixana tamén nun terreo absolutamente difuso porque falan de accións culturais, que sexan quen de xerar impacto, pero que é o que nos queren dicir?, que plantexan?. Mire, nós estamos, igual que estivemos sempre, defendendo a Mariña, fixemos unha campaña de promoción conxunta de toda a provincia que vai fortalecer a Mariña, diso non dubide. Imos presentar nos vindeiros días unha App específica para a Mariña, cando xa temos outras nas que a Mariña tamén participa; e recentemente participamos nese festival cultural magnífico que teñen, o



Bal y Gay, no que para este ano nós tamén superamos o esforzo de anos anteriores. Son exemplos nada máis”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. José Jesús Novo Martínez, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“A verdade é que me sorprende, tiña plena confianza en que esta moción a ía defender a Alcaldesa de Viveiro ou a de Trabada ou, como mínimo, a concelleira de Ribadeo; supoño que non se atreveron a defendela porque non quixeron votar en contra, como así van facer, da reactivación da Mariña, supoño que sería ese o motivo.

Mire señor Efrén, non lle vou contestar a vostede; acabamos de levar unha moción de Alcoa e vostedes seguen e seguen. Eu non son o que me vou do guión, funme do guión, como lle dixen ó principio, para rectificarlle ó Presidente unha determinada cousa; a moción de Alcoa xa a levamos antes. Se ve que só son serias as suas mocións, pois siga vostede polo seu camiño; xa viron os resultados da Mariña, téñenos vostedes aí, por algo será. Algo están facendo vostedes mal, traten de cambiar.

Nós non estamos pedindo nada para o que haxa que habilitar partidas específicas para a Mariña; e sintoo moito dona Pilar porque non sei se irá vostede moito pola Mariña, pero o turismo na Mariña é unha gran fonte de ingresos, aparte de Alcoa e do resto das empresas que non están nesta moción. Entonces, como é unha gran fonte de ingresos, por iso estamos pedindo o que estamos pedindo.

E voulle dicir máis, o que pón aí que fixo a Xunta non o dí só a Xunta, teño aquí unha nota de prensa, que logo se quere pásolla: “nota de prensa da Mancomunidad da Mariña”, tena vostede aquí; esta é unha nota de prensa que enviou a Mancomunidad da Mariña e, como vostede sabe, presidida e tendo maioría do Partido Socialista; esta nota de prensa di exactamente o mesmo que o que acaba de ler vostede aí que fixo a Xunta na Mariña, e cando finalice o Pleno pásolla. E insisto, é unha nota de prensa da Mancomunidad da Mariña, non do PP nin do Goberno de Feijóo que a vostedes tanto lles irrita.

Por outra banda, non estamos pedindo, como dixeron, ningún tipo de medidas especiais. E a vostede dona Pilar, e quixera que me contestara na súa segunda intervención, parécelle normal o que dixeron eu das carreteras de Ourelo e do Vicedo?, que queden as carreteras das praias de Vicedo sen desbrozar?, que as fixemos coa nosa máquina sendo de titularidade desta Deputación, e as de Ourelo que estean desbrozadas?, parécelle a vostede normal en pleno mes de xullo?, pois eu creo que non é normal.

Só estamos pedindo iso, que fagan os traballos que teñen que facer alí; que arranxen determinadas estradas que acceden ás praias; que promocionen un pouco turisticamente a Mariña. Mire, xa sabemos que coa Mancomunidade hai un programa que ten un nome curioso, chámase “*vuelve a encontrar el norte*”, onde colabora a Xunta e maila Mancomunidade; sabe vostede o que significa perder o norte en termos mariñeiros?”.

Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Eu na miña intervención non dixeron que o motor económico que pode ser o turismo na comarca da Mariña non sexa importante, o que si digo é que tanto na Mariña coma noutras comarcas xogar todo ó turismo o que xera é unha economía estacional, postos de traballo estacionais, e o problema que está a ter a Mariña é a desindustrialización, porque o turismo ten un valor seguro sempre e cando haxa condicións para facer turismo. É verdade que esta pandemia tira por terra calquera campaña turística sempre e cando che toque un rebrote, e contra iso non valen campañas publicitarias nin vale ningunha outra cousa.

Entonces, evidentemente aquí ninguén dixo que non haxa que apoiar o sector turístico da Mariña, porque ten a súa importancia e o seu peso económico, pero polo que están preocupados tódolos cidadáns da Mariña é por esa desindustrialización, e hai medidas importantes que se tiñan que ter feito durante moitos anos e non se fixeron, e están marchando empresas e se lles está impedindo o medro a outras porque non se abren os portos que hai alí para o tráfico de mercancías de frescos e outras cousas que lles impide competir coas industrias noutras localidades galegas incluso.



Polo tanto se houbera un plan económico e real para abrir iso e para reindustrializar a Mariña, estaríamos nunha Mariña máis viva e con máis diñeiro; e niso é no que están as preocupacións. Evidentemente estamos de acordo en cuidar o turismo na Mariña, pero nun momento coma este cunha pandemia non hai forma de dar estabilidade a un sector coma o turismo, porque se che toca unha pandemia vanse tódalas previsións; e non só pasou na Mariña por desgraza senón que pasa en todas partes que hai un rebrote; e polo que sexa nin a Xunta de Galicia, agora que ten as competencias, nin ningún outro goberno o da controlado, porque mentres exista este virus imos ter que convivir con el e con esas dificultades que son unha desgraza para aquel que lle toca de cerca e vive dese sector.

Polo tanto promocionar o turismo na Mariña, si; pero o problema da Mariña é outro, que é a desindustrialización, por tanto o foco hai que poñelo aí e traballar para que a Mariña volva ter postos de traballo que non sexan estacionais e con empregos dignos; e esa é a proposta do BNG de sempre, eu sempre defendín a Mariña. E por iso, non é que non nos pareza seria senón que non nos parece que vai ó problema real que está a ter a Mariña e a preocupación que está nas mariñas e mariñans hoxe en día. Por iso preferíamos outras propostas, onde está a reindustrialización?, claro iso é competencia da Xunta por iso non o podían traer.

Polo tanto nós defendemos o sector turístico da Mariña, pero aquí tampouco hai unhas medidas máis alá que campañas publicitarias, e a nós non nos parece que iso vaia solucionar ningún dos problemas actuais da Mariña”.

Seguidamente intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Eu entendo que pode resultar incluso cansino repetir sempre o mesmo, pero estamos falando de dúas cuestións vitais para a Mariña pero tamén para o resto da provincia de Lugo. O plan de industrialización pendente por parte da Xunta de Galicia para esta comarca e o turismo; o turismo claro que é importante na Mariña, e noutros moitos puntos da provincia de Lugo; e remítome ó que acabo de dicir, eu sei que pode resultar cansino, pero quen ten as competencias directas e polo tanto quen ten a obriga e os cartos para actuar neste caso é a Comunidade Autónoma, a Xunta de Galicia.

E, como lle dixeran ó principio señor Novo, nós podemos ser o complemento ideal pero non podemos ser o todo porque non temos esa capacidade. Se vostede estivera gobernando aquí pasaríalle exactamente o mesmo; e nós non imos mentir, non imos dicir o que dixo Feijóo en campaña, non o imos facer, imos ser serios e rigorosos coas promesas e tamén con aquilo que fagamos na Mariña e consecuencia delas.

E paréceme moito dicir que as carreteras do Vicedo non queden desbrozadas, pero é que hai máis que están aínda sen desbrozar; supoño que ó mellor aínda non chegaron alí as máquinas de desbroce, pero pódolle poñer exemplos de anos anteriores nos que no mes de outubro se estaban facendo desbroces, e dende logo iso non vai pasar. Polo tanto me parece que ese cabreo, como vostede di, non é necesario, porque sabe vostede que este ano os desbroces empezaron moito antes ca en calquera outra anualidade.

E con respecto ó que nos propoñen, e para centrarnos neste último minuto que me queda; vostedes propoñen aquí que a Deputación Provincial de Lugo deseñe, aprobe, e execute, un plan provincial urxente de reactivación económica e promoción da Mariña; e eu preguntome para que queremos á Xunta de Galicia neste país?, non nos fai falta señor Novo, porque vostedes isto mesmo llo piden ó Goberno Central e á Deputación de Lugo; e seguramente nos concellos da Mariña, onde non gobernan, llo estarán pedindo ós Alcaldes da Mariña; pero cadaún, como ben dixo antes o Sr. Baamonde, ten que pedir a onde toca, e neste caso isto deberían estar trasladandollo ó seu Presidente na Xunta de Galicia.

E nese plan falan de que hai que recuperar a imaxe da Mariña, eu creo que non hai que recuperala senón que hai que mantela; a imaxe da Mariña é boa, simplemente hai que mantela, porque agora a situación que temos é difícil pero os bos tempos van volver; a promoción turística intensiva, de quen é Turismo de Galicia señor Novo?, é desta Institución?, non, é da Xunta de Galicia, verdade?.

E por último dinnos que queren a mellora nas inversións, especialmente no eido turístico e nas estradas, ámbitos nos que ten competencia o Goberno provincial, e eu dígolle que nese sentido se farán os esforzos necesarios para levalo a cabo”.



Intervén o Sr. Deputado D. José Jesús Novo Martínez, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, quen manifesta o seguinte:

“Mire dona Pilar, cando un Alcalde dun concello da Mariña está dicindo nos medios, e non en calquera medio senón nos medios televisivos bastante importantes, que na Mariña hai unha carnicería, xa me dirá vostede a min que promoción temos; o único que estamos pedindo é que recuperen o erro que cometeron vostedes mesmos.

E xa lle dixen antes que o que ven escrito no papel non o inventamos nós, senón que é unha nota da Mancomunidad; o Conselleiro de Cultura e Turismo xa se reuniu co presidente da asociación de comerciantes e tamén con hosteleiros da Mariña, e acordaron xa distintas medidas; e senón eu vou ser o primeiro que pida todo o que faga falta da colaboración da Xunta, igual que a que estou pedindo aquí da Deputación”.

A continuación intervén o Sr. Presidente, quen se manifesta no seguinte sentido:

“Eu que teño o gusto de coñecer ó Sr. Novo fóra do Pleno, é unha persoa que aprezo porque ademais temos amigos comúns, pero hoxe tocoulle a vostede un marrón, e eu entendo que vostede trata de sacalo adiante da mellor maneira posible, pero esta moción para vostede foi un marrón sen ningunha dúbida.

Eu non lle diría nada se vostede non me acusara antes de mentiroso, pero é que eu non mentín, e senón escoite vostede o audio, eu non dixen “todas as reunións”, eu dixen que “en reunións” mandou xente de segunda e cuarta fila, e iso foi verdade, non digo se foron tres, catro, ou cinco, foron reunións; e iso é verdade porque os Alcaldes da Mariña a mín mo transmitiron, e teño que crelos tanto coma a vostede; así que eu non conto mentiras.

En relación con poñer o marcador do tempo máis arriba, pois cando teñamos o novo sistema xa se verá mellor, pero alo menos vemos algo porque antes nin sequera o viamos, agora cadaún pode autoregularse segundo o tempo que lle queda; pero vostede lánzase, e non se cabrea, senón que é unha persoa vehemente.

Di vostede que lle sorprende que non defenderan a súa iniciativa determinadas persoas, e hasta aí podíamos chegar!, que agora sexan vostedes quen escollan os voceiros do resto dos Grupos, igual ca se nós escolleramos os seus. Así que non se sorprenda porque se é por sorpresas non imaxina vostede o que nos sorprende a nós de vostedes!.

Así que imos moito pola Mariña, seguiremos indo pola Mariña, e xa lle digo que imos ir pronto. E o partido xa acabou, pero hai máis partidos, e non se preocupe que se volverá xogar, así que teña vostede tranquilidade”.

Rematado o debate, efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 12 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular); votos en contra, 13 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara rexeitada por maioría a moción presentada.

10.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR PARA O RESTABLECEMENTO DO SERVIZO FERROVIARIO NA ZONA SUR DE LUGO.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do Partido Popular, sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“Exposición de Motivos:

O Partido Popular avoga por un transporte público de calidade e pola mellora das infraestruturas que faciliten a mobilidade das persoas. Neste contexto, o ferrocarril é unha das posibilidades idóneas para garantir o dereito irrenunciabile que teñen os cidadáns á mobilidade por, entre outros motivos, seguridade, comodidade, sustentabilidade ambiental, redución do tránsito de vehículos nas estradas e vertebración territorial.

Para garantir os servizos e a competitividade dos territorios, é preciso que os cidadáns teñan á súa disposición un transporte ferroviario de calidade. Iso supón que poidan dispoñer dunha



oferta acorde coas súas necesidades, tanto no que respecta ás características dos trens, como a itinerarios, tempos de viaxe e frecuencias.

Estes requisitos, lamentablemente, non se están a cumprir na nosa Comunidade Autónoma, que nos últimos anos vén sendo obxecto dunha continua redución e supresión de servizos por parte do Goberno central presidido polo Partido Socialista. Esta precaria situación do transporte ferroviario en Galicia é máis extrema, se cabe, na Zona Sur da provincia de Lugo, onde Monforte de Lemos, que fora un dos nós ferroviarios de relevancia e referencia nacional, acabou convertendo pouco máis que nun apeadeiro.

Esta xa de por si precaria situación viuse agravada, neste últimos meses, como é ben sabido, polo contexto sanitario e a declaración do estado de alarma por mor da pandemia da covid-19, que limitou ostensiblemente a mobilidade das persoas. Unha consecuencia desta situación extrema, no que ao transporte ferroviario se refire, foi a drástica redución e mesmo supresión de servizos que agora, pese a restablecerse o dereito á mobilidade dos cidadáns, non se repuxeron por parte do Goberno central. Máis ben ao contrario, semella que Renfe, coa necesaria conivencia do Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana (MITMA), pretende darlle valor de normalidade á excepcionalidade derivada da covid-19. Así, constatamos con fonda preocupación, como o deterioro e a merma dos servizos ferroviarios se mantén co conseguinte agravio para os galegos, en xeral, pero con especial prexuízo para os habitantes da Zona Sur da provincia de Lugo. De feito, dos 29 trens suprimidos por Renfe en Galicia, 22 afectan directamente á estación de Monforte de Lemos.

Desde o Grupo Municipal do Partido Popular entendemos que, de ningunha maneira, a situación xerada pola covid-19 pode ser utilizada como escusa polo Goberno presidido polo Partido Socialista para eliminar servizos ferroviarios na nosa Comunidade e privar aos galegos dun servizo público esencial. Tendo en conta, ademais, os graves prexuízos que supón a para a economía local dunha comarca e dunha zona, a Ribeira Sacra, que está traballando arreo para ser declarada Patrimonio da Humanidade.

Desde este Grupo consideramos que a discriminación ferroviaria á que o Goberno central está sometendo esta zona limita o desenvolvemento que levará aparellada esta distinción na potenciación da riqueza ambiental, paisaxística e turística da comarca.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular, propón ao Pleno da Corporación Provincial a adopción do seguinte acordo:

1º.- Esixir ao Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana que non utilice a situación derivada da covid-19 como escusa para incidir na discriminación ferroviaria que padece a nosa Comunidade, en xeral, e en especial, a Zona Sur da provincia de Lugo.

2º.- A tal efecto, demandar o restablecemento inmediato de todos os servizos de tren que foron suprimidos, nomeadamente, a restitución e mesmo ampliación de frecuencias entre Lugo-Monforte-Ourense e con outros puntos de España como Madrid e Barcelona, entre outros.

3º.- Incrementar o cadro de persoal de maquinistas e dotar do persoal necesario os servizos ferroviarios que se prestan nestas liñas co obxectivo de ofrecer un transporte de tren de calidade aos usuarios.

4º.- Retomar o compromiso adquirido polo Goberno de Mariano Rajoy, sendo ministro Íñigo de la Serna, para a modernización da liña entre Lugo e Ourense que achegue aos cidadáns da provincia as vantaxes da alta velocidade. A tal efecto, recuperar a programación de actuacións e o cronograma que deixou encamiñado o Goberno do Partido Popular para a modernización e redución dos tempos de viaxe, coa axilización da execución das variantes de Canaval e Oural e a electrificación e mellora das vías”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. Dolores Castro Ochoa, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“Hoxe tristemente o noso Grupo Provincial do Partido Popular traemos a este Pleno novamente unha moción para defender un transporte público de calidade e a mellora das infraestruturas que faciliten a mobilidade das persoas. Neste caso volvemos incidir no ferrocarril,



posibilidade de transporte idóneo para garantir o dereito irrenunciable que os cidadáns teñen á mobilidade, seguridade, e como non á sustentabilidade ambiental reducindo o tránsito de vehículos.

Necesitamos un transporte de calidade, dispoñer dunha oferta acorde ás necesidades tanto no que respecta ás características dos trens como a itinerarios, tempos de viaxe e frecuencias.

Lamentablemente na nosa Comunidade estes requisitos están lonxe de cumprirse, pola contra continuase cunha continua redución e supresión de servizos por parte do Goberno Central presidido polo Partido Socialista. Esta situación precaria viuse agravada nestes últimos meses polo contexto sanitario e a declaración do estado de alarma pola pandemia do Covid-19. Esta drástica redución e supresión de servizos pese a restablecerse o dereito á mobilidade dos cidadáns, este servizo cada vez é máis precario, semella que Renfe, xunto co Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana, persegue darlle normalidade á excepcionalidade derivada da Covid-19.

Constatamos como o deterioro dos servizos ferroviarios se mantén co conseguinte agravio para os galegos en xeral, pero especialmente para a nosa provincia, e concretamente para a zona sur da provincia de Lugo, pois de 29 trens suprimidos en Galicia 22 afectan directamente á estación de Monforte de Lemos e a toda a zona sur.

Dende logo que dende o noso Grupo de ningunha maneira podemos aceptar que a situación xerada pola Covid-19 poda ser utilizada como escusa polo Goberno socialista, co Sr. Sánchez á cabeza, para eliminar servizos ferroviarios na nosa Comunidade, privando ós galegos dun servizo público esencial, mermando a economía local dunha comarca e dunha zona onde se atopa a Ribeira Sacra loitando por ser declarada Patrimonio da Humanidade, onde temos o primeiro xeoparque Montañas do Courel de Galicia, e onde seremos declarados Reserva da Biosfera.

Consideramos que a discriminación ferroviaria á que o Goberno central está sometendo especialmente a esta zona, limita o desenvolvemento que levará aparellada esta distinción na potenciación da riqueza ambiental, paisaxística e turística da comarca.

É inaudito que Renfe, que depende do Goberno Central, trate así a Galicia, e se ensaíe especialmente con Monforte e coa zona sur; non o merecemos, loitamos por vivir na nosa terra. Por iso o Partido Popular propón ó Pleno da Corporación os seguintes acordos, que foron discutidos cos sindicatos de Renfe e Adif:

En primeiro lugar esixir ó Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana que non utilice a situación derivada da covid-19 como escusa para incidir na discriminación ferroviaria que padece a nosa Comunidade, en xeral, e en especial, a Zona Sur da provincia de Lugo.

En segundo lugar, a tal efecto, demandar o restablecemento inmediato de todos os servizos de tren que foron suprimidos, nomeadamente, a restitución e mesmo ampliación de frecuencias entre Lugo-Monforte-Ourense, e con outros puntos de España como Madrid e Barcelona, entre outros.

En terceiro lugar, incrementar o cadro de persoal de maquinistas e dotar do persoal necesario os servizos ferroviarios que se prestan nestas liñas co obxectivo de ofrecer un transporte de tren de calidade aos usuarios.

E en cuarto lugar, retomar o compromiso adquirido polo Goberno de Mariano Rajoy, sendo ministro Íñigo de la Serna, para a modernización da liña entre Lugo e Ourense que achegue aos cidadáns da provincia as vantaxes da alta velocidade. A tal efecto, recuperar a programación de actuacións e o cronograma que deixou encamiñado o Goberno do Partido Popular para a modernización e redución dos tempos de viaxe, coa axilización da execución das variantes de Canaval e Oural e a electrificación e mellora das vías”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“A nós o que nos xera estrañeza é ver como hai diferentes varas de medir segundo a quen lle toquen as competencias, porque cando falabamos dos centros de saúde podía ser porque hai o coronavirus, pero se é transporte de viaxeiros non. E con isto vou dicir outra cousa, nós estamos en contra de ambas dúas, non debería ser unha escusa para recurtar os xa paupérrimos



servizos ferroviarios que hai na provincia, porque por exemplo Monforte ten a sorte de que pode perder trens, pero Sarria ou outros sitios non.

Polo tanto nós dende o BNG levamos dende sempre defendendo que o que hai que facer é modernizar a liña de cercanías, electrificala, dobre vía, e unha serie de cousas que ningún goberno de Madrid fixo.

Dicía o Sr. Baamonde que nós metiamos cousas para que vostedes non puideran votar as mocións, pero nós ata o punto tres, aínda cunha demagogia que é que o Partido Popular fale do tren galego, poderíamos estar de acordo; pero se nos vai dicir que temos que comprar o traballo do señor Iñigo de la Serna, aí si que xa nolo pon moi complicado, porque ata na redacción fala do “cronograma que deixou encamiñado”, mire que labor de goberno deixou!; creo que iso non é seriedade. Por tanto ese punto catro para nós impide que podamos votar esta moción a favor, porque o Partido Popular en Madrid discriminou o tren galego igual que fixeron outros Gobernos, e aquí póneno coma se o señor Rajoy e o señor Iñigo de la Serna modernizaran ou fixerna algo polo tren galego e non o fixeron.

Polo tanto nós estamos en contra de que recurten o que hai; e ata o punto tres poderíamos incluso estar de acordo, aínda coa demagogia que supón que o defendan vostedes, pero o punto catro xa o poñen aí para que non sexamos capaces de apoiar esta moción porque é imposible que nós defendamos o labor do señor Iñigo de la Serna, porque o único que fixo foi discriminar a Galicia coma outros Ministros de Fomento”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“A verdade é que non deixa de sorprendeme esa estratexia que teñen vostedes, e refírome ós Deputados e á Deputada do Partido Popular, para cambiar o discurso en función de onde toca poñer a diana. Pero tampouco deixa de sorprendeme que para algunhas cuestións o Covid-19 e os riscos derivados del xa non existan, como é este caso, e tal e como vostedes aquí o expoñen, mentres noutros parece que é a cruzada fundamental.

Vostedes falan coma se xa tivesemos superada a necesidade de adoptar medidas especiais polo Covid, e por desgraza, e creo que todos somos conscientes disto, o virus segue aí, e aínda que só sexa por prudencia, esta tamén é obrigatoria no transporte. Pero non me sorprende porque adoita pensar o ladrón que todos son da súa condición, e como vostedes utilizan a situación actual de crise para ir desmantelando paulatinamente, entre outros servizos, a sanidade no medio rural, pensarán que o Goberno Central pretende facer o mesmo, e dende logo nada máis lonxe desa intención.

Pero mire, creo que xa saíu, e non hai moito tempo, nun pleno desta Institución, algo relativo ó tren, que por certo sempre lle toca a vostede defender esta cuestión, e eu voulle facer alusión exactamente ó mesmo, a este informe do Tribunal de Contas; porque vostede falaba dos compromisos que deixou aí Rajoy, e eu entendo que a fe é cega, pero tanto!, me parece que é increíble. E se antes era un marrón defender o tema que lle tocou ó Sr. Novo, defender isto a verdade é que non lle deixaron un papel nada fácil.

Voulle ler, porque creo que todos terán coñecemento deste informe, e senón achegámosllelo sen ningún problema, o informe do Tribunal de Contas sobre fiscalización dos expedientes de suspensión de contratos que afectaron ás liñas férreas de alta velocidade durante os exercicios 2014 a 2017”, quen gobernaba en Madrid?, eu creo que era o Partido Popular con Ana Pastor e Rajoy á cabeza. O informe di: *“a 31 de diciembre de 2016 Adif elaboró un informe de seguimiento sobre objetivos en el que se indicó que no se habría logrado ninguno de ellos, siendo la situación la siguiente: en primer lugar la inversión prevista era de 8.934 millones de euros, y la ejecutada ascendió a 6.863, que representa un 76,8% únicamente; en segundo lugar los trenes/km circulados y acumulados representó un incremento de 11,9% respecto de los trenes/km circulados desde 2012; y en tercer lugar, en todos los tiempos reales de viaje medidos por trayecto hubo desviaciones respecto a los objetivos, siendo las mayores las correspondientes a los tramos”*

Na análise da planificación das inversións e procedementos de control interno, simplemente, para non alongarme moito: *“respecto de la fase de planificación, el Plan enumera los proyectos de construcción de nuevas líneas de alta velocidad, pero no describe el grado de ejecución, ni las actuaciones pendientes de los proyectos recibidos a los que es preciso dar continuidad para conseguir los objetivos prioritarios establecidos.* E unha detrás doutra.



E vostedes veñen aquí dicir que o Goberno actual en Madrid non ten compromisos?, e logo o tempo en que vostedes gobernaron en Madrid non conta?, pois deses tempos vén este informe; isto non é ningunha invención, e non esquezan que ademáis estamos nunha etapa na que hai que ser previdos coa sanidade, e previdos coa hixiene, tamén nas viaxes.

E voulle dicir máis, nos poucos meses que leva gobernando o Presidente actual Pedro Sánchez, e sen que quedara nada disto enriba da mesa cando vostedes abandonaron o Goberno Central, está contratada a mellora da catenaria Monforte-Ourense; está contratada a electrificación da liña Monforte-Lugo; está contratada a reparación e reforzo das pontes de Monforte a Ourense; está contratada a subministración de balaustre; está contratada a subestación eléctrica dende Monforte; está contratado ata o novo túnel de Oural en Sarria; está preparada unha nave para cincuenta e pico persoas que van estar traballando mínimo entre catro ou cinco anos nesta zona.

Quen nunca montou en tren non debera sentar agora no banco para reclamar melloras ferroviarias; porque a vostedes, ó Partido Popular, sempre lles acorda subir ó tren cando non gobernan. Eu non lembro nin unha soa reivindicación súa nesta Cámara mentres vostedes gobernaban en Madrid, nin a primeira; iso si, ó día seguinte estaban reclamando.

Pero como neste caso os informes evidencian a xestión, a súa neste caso foi nula, e os compromisos, nos poucos meses que leva gobernando Pedro Sánchez, ata agora estase materializando en contratos xa feitos”.

A continuación intervén a Sra. Deputada D^a. Dolores Castro Ochoa, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Para min non é ningún marrón defender á provincia de Lugo, e moito menos a zona Sur á que pertenzo.

E miren, non poño a diana en nada, simplemente estou expoñendo unha situación real, poden vostedes disimulalo como queiran, pero é unha situación real, que nos queren suprimir trens está máis que claro.

Xa no mes de outubro de 2019, como vostede recordou, estivemos aquí discutindo unha moción relacionada co deterioro do servizo ferroviario, xa estaban pretendendo usar materiais máis antigos na conexión con Cataluña; xa daquela se pretendía quitar calidade ó tren nocturno con Cataluña; así que xa estaba nos plans deste Goberno Central illar ós galegos; e agora, co Covid-19, pretenden suprimir 29 servizos de tren, non só co resto da península senón entre as provincias e as vilas da propia Comunidade; e 22 deses 29 trens suprimense en Monforte de Lemos.

Daquela eu tiña confianza no receptivismo de todos vostedes, e pensaba que os servizos ós nosos veciños tiñan que estar por enriba de calquera Partido Político, a estas alturas xa sei, polos acontecementos que se levan vivido, que non actúan polos veciños; pero paren a pensar por un momento que Galicia, a zona Sur de Lugo, queda con este precario servizo.

Pero de verdade están dispostos a deixar pasar isto?, nós, o Partido Popular, non imos permitir que triunfe a estratexia de Sánchez que, aproveitando a situación creada polo coronavirus a través de Renfe, deseñou un plan de transporte incluíndo a redución da súa oferta relacionada cos trens comerciais, AVE, longa distancia, media distancia, e Avant, eliminando 29 trens para Galicia, que nos conectaban con Madrid, Barcelona, País Vasco, León, Portugal, etc., e entre as cidades e as vilas da propia Comunidade.

Perdemos a conexión nocturna, e 22 deses trens na zona Sur. Podo nomear varios itinerarios que xa están suprimidos, como Coruña-Monforte-Ourense, enlace con Madrid; tren hotel a Coruña destino Ferrol dende Madrid; A Coruña-Lugo enlace Madrid; tren A Coruña-Monforte-Barcelona; tren hotel A Coruña-Monforte-Madrid dende Ferrol; trens suprimidos dende Lugo á Coruña; tren hotel Monforte-A Coruña dende Madrid; tren hotel Monforte-A Coruña dende Barcelona; Monforte-A Coruña; Monforte-Lugo dende Ourense; Monforte-Lugo dende Madrid; e así ata 29 trens suprimidos, case todos afectando á zona Sur.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade xa solicitou respostas, solicitou información con respecto a estes servizos ferroviarios e contestáronlle que se irían incrementando a medida da demanda, e se así fose o tren nocturno non se suprimiría porque supón un 40 ou 60%”.



Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Eu volvo repetir o que lle dicía na miña primeira intervención; máis alá de que podamos crer ó Partido Popular na defensa do tren galego, que temos moitas dúbidas sobre a lexitimación que pode ter, sumámonos a condenar eses recortes en servizos, dos que estamos totalmente en contra. Pero tamén lle repito que hai esa dobre vara de medir, porque se poden retirar médicos nunha pandemia sanitaria pero non se poden retirar trens, iso é o que din vostedes; e evidentemente ante esas contradicións eu teño que poñer o acento aínda que estea en contra de ambas dúas.

E volvo dicirlle que o punto catro é unha tomadura de pelo ós galegos e galegas, e ós lucenses, porque falar do cronograma do Sr. de la Serna, cando podían ter feito unha moción moito máis asumible sen ese punto, e vostedes o saben, porque é presumir dos abandonos que lle fixeron a Galicia, xa sen compartir o modelo de tren que teñen vostedes; porque o BNG cre que hai que dotar uns trens de cercanías modernos, electrificados, dobre vía, e todo aquilo que é normal noutros países; pero xa sen compartir o modelo, o único que di o punto catro é poñer o acento nos abandonos que fixo o Goberno do Partido Popular a este país, e póñeno e queren que esteamos de acordo con vosedes en que iso foi unha boa xestión?, pois por aí non podemos pasar.

Se queren condenar algo puntual pódennos ter do seu lado, pero isto é unha cousa que vostedes saben que non podemos apoiar, e non sei como se atreveron a poñela, porque o único que había era fume, con todos eses anos do señor Iñigo de la Serna vendeusenos fume, e viaxes, viñan aquí no tren, pero non houbo nada, cero contratos. Entón ese punto para nós é imposible.

Queren condear que se recurten servizos?, aí téñennos ó seu lado; queren presumir da xestión do goberno do Sr. Rajoy co tren cara a Galicia?, pois aí é imposible porque o fixeron igual ou peor ca outros moitos gobernos que pasaron por Madrid; pero non fixeron nada polo tren galego. Por tanto supoño que xa puxeron ese punto polo mesmo que nos acusaba a nós o señor Agustín, que era para que non o puideramos votar a favor porque senón non se explica; presumir do que non se fai non se adoita facer.

Polo tanto a nosa postura está clara, nós defendemos os servizos para o tren do Sur da provincia, e para o tren de calquera punto do país, pero non con mentiras ou con presumir de non traer servizos a Galicia”.

Seguidamente intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“A Deputación, e nós, como Grupo Político e Partido ó que pertencemos, a verdade é que nunca deixamos de reclamar servizos ferroviarios de calidade para a provincia, cando gobernaban vostedes en Madrid e agora un pouco menos porque están cumprindo; pero vostedes a verdade é que non o facían cando gobernaban alí, e agora, ó día seguinte, veñen reclamar con inmediatez que se faga.

Pero o que me abruma é o descoñecemento, porque se está facendo señora Castro; entón non sei nin como traen esta moción porque, por unha banda, recoñecen o que non fixeron, e por outra banda teríamos que estar medianamente satisfeitos porque están avanzando os contratos.

E fala vostede de outubro, mire, a mín quedoume gravada naquela moción cando dixeron que os trens eran vellos, e había uns días, cando gobernaban vostedes, non eran vellos; teñen vostedes unha capacidade para darlle a volta ás cousas e intentar enganar, e digo intentar porque isto non adoita funcionar, abrumadora.

Nós fixemos hai pouco aquí na Deputación a presentación dun estudo elaborado polo Eixo Atlántico, para analizar con criterios racionais a situación das redes ferroviarias, eu non lembro que ningún de vostedes se presentara alí, igual é que non teñen nada que aportar ou consideran que non teñen nada que aprender; pero máis me sorprende porque precisamente un dos protagonistas dese estudo, ex director xeral de Mobilidade da Xunta de Galicia fora nomeado por vostedes, Bugarín, un experto de prestixio internacional, pero nin sequera quixeron poñer a orella para ter uns criterios máis alá do que lle din os seus xefes de filas.

Polo tanto a min a verdade é que non deixan de sorprendeme. E gustaríame que esta vehemencia que utilizan para defender o transporte ferroviario, a utilizaran tamén diante da Xunta



de Galicia para defender o transporte público no rural, eu non sei o que pasou no seu concello pero no meu os veciños temos serias dificultades para poder vir en transporte público ó HULA; iso si, con pensións medias de seiscientos euros se lle pagan cincuenta a un taxi para que os traia ó HULA, e sorte se os espera.

Por tanto gustárame que utilizaran a mesma vehemencia para reclamar os servizos a quen os está quitando, non coma neste caso ó Goberno do Estado que alo menos os contratos estaos poñendo enriba da mesa e está solventando”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. Dolores Castro Ochoa, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, quen manifesta o seguinte:

“Naquela ocasión o que dicíamos é que os trens estarían vellos pero vostedes pretendían poñelos moito máis vellos, recórdollo.

Poden vostedes vestir o Santo como queiran, pero saben, como todos os que aquí estamos, que a supresión de 29 trens a Galicia, 22 deles á zona Sur, terá unha repercusión moi negativa para a economía, e en especial para esa comarca, que tamén é a miña.

A propia estación de Monforte corre o risco de desaparecer, e con elo as conexións desta zona con Lugo e Ourense; sabemos o que iso pode supor para a Ribeira Sacra e para toda a comarca. Por desgraza as políticas do Goberno socialista con Podemos está a prexudicar a Galicia, e moi especialmente a Lugo; pasou coas Pontes, con Alcoa, e agora queren incomunicarnos coa supresión dos servizos ferroviarios, illarnos e que non se poda desenvolver o turismo; nós non imos permitir que se empregue o Covid-19 coma unha escusa para seguir destruindo un servizo que durante moito tempo supuxo unha das principais comunicacións de Lugo, e unha fonte de emprego e desenvolvemento moi importante na zona Sur. Por iso que nós non o imos permitir, vostedes fagan o que queiran”.

A continuación intervén o Sr. Presidente, no seguinte sentido:

“Como vostede citou á Conselleira, déixeme que lle dea unha información, que non sei se a terá, pero menos mal que eu son unha persoa tranquila grazas a Deus, porque se chegara a almorzar forte coma o Sr. Novo entón tiña que cabrearme. Hoxe pola mañá estivo a señora Conselleira dona Ethel, en Monforte, e sabe cando avisaron ó concello?, ás cinco e media da tarde, sabendo que hoxe o Alcalde non estaba.

E voulle dar outra información; hoxe ás doce do mediodía, houbo nun establecemento hostaleiro de Monforte, un networking de asociacións de xóvenes empresarios, ese networking ía celebrarse antes das eleccións, financiado a través do IGAPE, e cando lle dixeron á Xunta a quen se ía invitar, e viron que entre eles estaba o Alcalde de Monforte, por respecto institucional lóxicamente porque se celebraba alí, a Conselleira dixo que había que aprazalo porque non quería que estivera o Alcalde de Monforte; fíxese vostede que cousas!. Iso, que eu saiba, non o fixo nunca o Partido Socialista, porque iso é sectarismo, e iso ocorreu agora.

E mire, se lle quere dar vida a Monforte déanlla, teño alí o Porto Seco sen funcionar, e entón funcionará a estación moitísimo coas mercancías do Porto Seco, pónano a andar”.

Rematado o debate, efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 12 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular); votos en contra, 13 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara rexeitada por maioría a moción presentada.

PARTE DE CONTROL E FISCALIZACION

11.- CONTA DAS RESOLUCIONS DA PRESIDENCIA, ADOPTADAS DURANTE O MES DE XUÑO DE DOUS MIL VINTE.

Dáse conta das Resolucións da Presidencia ditadas dende o día un ao trinta de xuño de dous mil vinte, e que figuran inscritas no Libro de Resolucións numeradas dende o 1658 ao 2057. O Pleno da Corporación queda enterado.



12.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

13.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Intervén o Sr. Presidente, no seguinte sentido:

“Hai dous Rogos e unha Pregunta presentados polo Grupo Provincial do Partido Popular; a Pregunta rexistrada na mañá de hoxe, ás 11:45 horas, non obstante estamos en condicións de darlle resposta á mesma; e imos comezar dando resposta en primeiro lugar á Pregunta formulada e posteriormente a tratar os Rogos”.

P R E G U N T A S

Presentada polo Grupo Provincial do Partido Popular, relativa ás funcións dos traballadores da empresa TRAGSA, antes vinculados á Sociedade Urbanística Provincial de Lugo.

Intervén, para formular a Pregunta o Sr. Deputado D. José Antonio García López, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Básicamente a pregunta é que se nos poderían confirmar se os traballadores da Empresa de Transformación Agraria, S.A., S.M.E, M.P.(TRAGSA) antes vinculados á Sociedade Urbanística Provincial de Lugo S.A., SUPLUSA, poden realizar as súas funcións laborais fóra da encomenda que a Deputación Provincial de Lugo fixo a TRAGSA con respecto ás funcións que realizaba SUPLUSA?”.

A continuación intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Non llo podemos confirmar, pero igual que non llo podemos confirmar vostede debe ter coñecemento se accede á documentación que seguramente xa terá revisado con respecto ó encargo feito á empresa pública TRAGSA, xa que os traballadores desta empresa poden facer todo aquilo que sexa preciso para realizar ese encargo no marco das instrucións que lle dea sempre o seu empregador, cumprindo estrictamente o que se recolle na memoria técnica”.

Pide a palabra o Sr. Deputado D. José Antonio García López, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, para realizar unha repregunta á resposta dada pola señora Deputada dona M^a. del Pilar García Porto, e o Sr. Presidente indícalle que non se poden facer repreguntas, senón que o que se fai son preguntas, polo tanto non lle concede a palabra.

O Sr. Deputado D. José Antonio García López pide que a Sra. Secretaria informe sobre as dudas xurdidas nas intervencións relativas ás Preguntas que se formulan, e o Sr. Presidente indícalle que él non ten dúbidas e polo tanto non ha lugar.

D. José Antonio García López solicita que conste en acta a protesta por non permitirse unha repregunta, porque cren que segundo o Regulamento desta Cámara si que se poden facer.

R O G O S

Primeiro.- Formulado polo Grupo Provincial do Partido Popular, relativo á aprobación de liñas de axudas para as orquestras lucenses.

Intervén, para formular o Rogo o Sr. Deputado D. José Antonio García López, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Este Rogo é sobre un sector fortemente golpeado pola situación, e que afecta a moitos lucenses e a moitas familias, que é o das orquestras.

Así as limitacións que a crise sanitaria provocada polo coronavirus Covid-19 impón á vida social ten unha moi forte incidencia en moitos sectores da economía lucense.



Un dos máis afectados é o das orquestras, pola suspensión ou adiamento de moitas festas e verbenas. As da provincia de Lugo atravesan un momento tan difícil que nos fai pensar que moitas delas poden desaparecer.

A inquietude e o interese do P.P. lucense polas orquestras non é nova. En abril do 2019 o Grupo Provincial do Partido Popular xa defendeu e sacou adiante unha moción na Deputación para o recoñecemento das festas parroquiais galegas como Patrimonio Cultural Inmaterial de Galicia, na súa categoría de Bens de Interese Cultural e para que a Deputación colaborara coa Asociación Galega de Orquestras nas accións que se desenvolvan para que as festas parroquias galegas sexan recoñecidas como Patrimonio Cultural Inmaterial de Galicia.

Á súa vez, a Xunta de Galicia puxo en marcha un novo instrumento financeiro innovador específico e destinado a achegar préstamos directos aos sectores especialmente afectados, como o cultural e o artístico, con especial atención ao ámbito das orquestras, e a economía social.

Recentemente, co obxectivo de coñecer de primeira man a situación que atravesan as orquestras lucenses, este grupo mantivo unha conversa co presidente da Asociacións de Orquestras de Galicia. Esta conversa permitiunos analizar as necesidades actuais dun sector que dá emprego a numerosas familias nesta provincia e xera actividade en toda a Comunidade e en particular na nosa provincia, especialmente durante os meses de verán.

Actualmente a situación das orquestras de Galicia é tan difícil que mesmo chegaron a sopesar participar nunha manifestación en Madrid para solicitar apoio institucional do Goberno Central, ausente de todo apoio ou solución ás mesmas.

Esta situación do sector, e dada a relevancia da economía das orquestras, este Grupo entende que é preciso establecer, a nivel provincial, liñas de axudas para as mesmas que complementen e sexan compatibles coas xa existentes. Sabemos que o organismo provincial ten na Área de Cultura partidas para financiar festas que, debido á covid-19, non se puideron celebrar e non se celebrarán. Consideramos que as contías que non se executen con este fin deben ser reconducidas en axudas directas ó sector cultural e ás orquestras. E non tería ningún sentido que

tendo tantas dificultades estas agrupacións as contías non destinadas ás festas, tras a súa suspensión, pasaran a engrosar o remanente da Deputación.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular presenta o seguinte Rogo:

Que por parte da Deputación Provincial de Lugo se aprobe unha liña de axudas económicas directas destinadas ás orquestras lucenses na presente anualidade para contribuír a reducir o efecto da crise provocada polo Covid-19 sobre as mesmas”.

Segundo.- Formulado polo Grupo Provincial do Partido Popular, relativo a unha intervención do Presidente no pasado Pleno sobre as estradas provinciais.

Intervén, para formular o Rogo o Sr. Deputado D. José Antonio García López, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“No pasado pleno celebrado pola corporación provincial o Sr. Presidente, en resposta a una iniciativa do PP, dixo: “Como principio para todo o mandato: o problema das estradas da Deputación é o firme, non é a anchura; lamentablemente, se valeron ata agora van seguir valendo porque cada vez hai menos poboación rural. A necesidade de ampliar non é tanta”.

Con estas afirmacións, sobre a súa vontade de non ampliar o ancho de ningunha das estradas provinciais no que queda de mandato, realmente cremos que sentou moi mal na maioría do ámbito provincial e de xeito moi directo nos ámbitos rurais, prexudicados en moitos casos por tramos de vías provinciais con estreitamentos abundantes e cun problema claro de seguridade para moitos veciños.

Por iso este Grupo considera que coa súa intervención o Sr. Presidente deixa ver con claridade cal é a súa posición na loita contra o despoboamento desta provincia e nas melloras das infraestruturas ó longo de toda esta lexislatura.



Que para que o rural sexa atractivo para vivir e traballar, precisa boas infraestruturas, e fundamentalmente das que son competencia da Deputación que son as que temos directa competencia.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular presenta o seguinte Rogo:

Que o Sr. Presidente da Deputación Provincial de Lugo rectifique se foi un erro e se non o foi que modifique a súa intención claramente marcada de non ensanchar por sistema as vías provinciais aducindo criterios de falta de poboación, xa que este grupo entende que debe ser o contrario: apostar por criterios de necesidade e fortalecemento da vida no rural para ampliar as vías provinciais, que ademáis é o *leitmotiv*, ou debería selo, desta Deputación”.

Intervén o Sr. Presidente, no seguinte sentido:

“En canto ó primeiro dos Rogos, eu mesmo estiven reunido co sector das orquestras, estiveron aquí nesta Casa, e non coinciden para nada co que vostede está plantexando, o seu plantexamento non era ese.

E dende logo cando vemos que a Xunta de Galicia regula as verbenas, etc., etc., e non vemos que haxa un plan de axudas ás orquestras; pois cando vexamos o da Xunta, se vemos que podemos ser útiles e complementar iso farémolo, pero parece que a Xunta non existe nunca só para poñerlle deberes ós demais.

En relación co segundo Rogo relativo ás estradas, non foi ningún erro; o que dixen foi que antes de anhear hai que arreglar o que hai, porque o diñeiro é limitado, e se ancheamos non chegamos a máis quilómetros, e iso pasa en tódolos sitios, senón pregúntelle vostede por exemplo ó Sr. Rajoy que aprazou as vías. Eu dixen, e volvo dicir aquí claramente, primeiro hai que arranxar os baches e os viais que hai na súa capa de rodadura e, unha vez que teñamos iso ben, xa miraremos de anhear, pero o prioritario é o prioritario.

E dicirme agora vostede que para o rural son boas as infraestruturas, pois claro, iso tamén o digo eu, pero será mellor que teñan un bo firme que andar con baches; que é mellor, ter dous quilómetros con bo firme ou un quilómetro ancho e outro en mal estado?, pois será mellor ter os dous con bo firme.

E logo o da despoboación xa é para nota, a ver se agora resulta que a Deputación de Lugo é responsable da despoboación, iso quen ten competencias é a Comunidade Autónoma, acaban de gañar as eleccións, fagan un goberno sensible e que xestione e governe”.

A continuación pide a palabra o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, séndolle concedida polo Presidente, para dicir o seguinte:

“Voulle ler o que di o artigo 129 do Regulamento desta Institución: “Unha vez contestada a pregunta polo Presidente ou quen corresponda, o preguntante intervén de novo para replicar ou repreguntar, coa nova intervención do interrogado finaliza o debate..”. Polo tanto claro que pode repreguntar o Sr. García, pero como non lle deixa falar á Secretaria e quere vostede dicilo todo, así mete a pata sempre”.

Intervén o Sr. Presidente, no seguinte sentido:

“Pois non se preocupe que xa deixarei de meter a pata, cando aprenda de vostede, por iso deixaron de votalo os veciños de Foz.

E a continuación doulle a palabra ó Sr. García por se quere repreguntar”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. José Antonio García López, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“Alégrome desta rectificación porque efectivamente si que temos dereito a repreguntar.

A repregunta, señora García Porto, é porqué nos mentiu na anterior sesión plenaria con respecto ós traballadores de Suplusa. Nós tiñamoslle solicitado a resposta de se se estaban



desviando os traballadores da anterior Suplusa, e agora de Tragsa, a traballos que non teñen que ver coa encomenda que teñen encargada, e vostede dixo que non, e non só iso senón que dixo, referíndose a quen lle pregunta, que *“non ten coñecemento e que a súa actitude é absolutamente negligente e froito dun invento”*.

É certo que ó día seguinte públicamente xa se recoñeceu que si se estaban realizando por parte deses traballadores traballos que non son os da encomenda, como por exemplo a limpeza do río Cabe no tramo urbano de Monforte de Lemos, que non é unha encomenda. Por tanto mentiu, e agora, a raíz desta nova pregunta vostede di, segundo me pareceu entenderlle, que si se poden facer outra serie de traballos, cremos que non; en todo caso o estudo legal desta situación levaranos ás consecuencias oportunas no próximo Pleno”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Eu a verdade é que fago esforzos, dígollo en serio. Vén vostede agora coa pillería, pois imos coa pillería!.

No último pleno díxenlle que non tiñamos coñecemento, como era verdade. En segundo lugar acabo de contestarlle á pregunta que fixeron hoxe na que lle dixen que non, non llo podemos confirmar; e a continuación dixen textualmente que “os traballadores de Tragsa poderán facer todo aquilo que sexa preciso para realizar o encargo no marco das instrucións que lle dea sempre o seu empregador, e cumprindo estrictamente o que se recolle na memoria técnica”; quere-me dicir vostede onde dixen eu o que vostede entendeu de que si podían facer traballos fóra do encargo?.

No tocante ó do outro día, eu entendo que ó mellor pode ser que vostede non revise a documentación; hai unha nova zona verde incorporada a ese encargo que é en Monforte de Lemos, porque era unha zona verde que non estaba atendendo Suplusa en iguais condicións que o resto de zonas verdes que teñen exactamente a mesma configuración que as que si se estaban atendendo.

Polo tanto os traballadores de Tragsa fixeron os traballos que lles encomendaron. Pero se vostede ten dúbidas con respecto a todo isto eu a verdade é que non teño capacidade para

explicarllo máis claro, creo que vostede, se ten coñecemento, como lle dixeran no anterior Pleno, debería actuar doutro xeito, e non como está facendo aquí lanzando acusacións, e posibles palabras sobre o que se dixo.

Eu creo que son moi clara na resposta, no Pleno anterior dixémoslle que non tiñamos coñecemento, eu mesma lle contestei; e neste que non llo podemos confirmar, e a continuación co que lle acabo de dicir de novo. Polo tanto, Sr. García, estes enredos non nos levan a ningures”.

Intervén o Sr. Presidente, quen manifesta o seguinte:

“Sr. Castiñeira, creo que fomos benévolos no tratamento da súa pregunta, porque o artigo 129 di que ten que presentar vostede a pregunta con antelación, e rexistrouna quince minutos antes, e démoslle resposta neste Pleno; así que non se queixará vostede”.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as catorce horas e corenta e dous minutos do día de referencia, de todo o cal eu, Secretaria, certifico.